# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta de xuño de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.ª Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.ª Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez , don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste a deputada dona Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular, que achega un escrito onde indica o sentido do seu voto a todos os puntos que se van someter a votación, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

Non asiste o deputado don José Antonio Feijóo Alonso, do Grupo Popular.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos 11º, 12º, 19º e 21º.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE MAIO DE 2017.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de maio de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 26 de maio de 2017 é aprobada por unanimidade.

**2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE PETÍN EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Petín ten atribuídas en materia de recadación executiva dos seguintes ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).
- Imposto sobre actividades económicas (IAE).
- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO).
- Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU)
- Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.
- Taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga.
- Gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Todo isto ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito Concello do día 24 de maio de 2017.

A dita delegación rexerase polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**3º.- EXPEDIENTE N.º 3/2017 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-**

A Sra. interventora explica polo miúdo o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente, bos días a todas e a todos. Simplemente reiterar que este expediente é a concreción nas subvencións nominativas que figuraban xa no orzamento e nas bases de execución do mesmo, bases e orzamentos aos que o noso Grupo xa votou en contra; en calquera caso, chámanos poderosamente a atención que un velorio –agás que se trate dun edificio singular- entre dentro dun epígrafe demoninado *Produción e xestión patrimonio histórico-artístico.* En todo caso, nós imos a votar en contra en coherencia co que xa fixemos anteriormente. Nada máis moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo. A nós parécennos unha mostra máis da improvisación que xa se pon de manifesto cando se fan as modificacións de crédito, que haxa que facer una modificación das bases de execución do orzamento probablemente para aumentar a arbitrariedade das concesións nominativas e todo iso. Nós ímonos absTer. Grazas.

**D. Francisco Javier Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: bos días. Nós non nos imos estender moito, dado a numerosa que é a orde do día; simplemente reiterar o motivo xa anticipado noutras ocasións polo que votamos non a estas modificacións orzamentarias, pola pola súa discrecionalidade e pola existencia de subvencións nominativas. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas señor presidente, bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos están a seguir neste Pleno. Brevemente, tamén, pero como consta de maneira ben detallada na proposta do señor presidente e tamén no posterior ditame da Comisión Informativa de Facenda, e como xa dixo a señora interventora e apuntou algún voceiro anteriormente, trátase única e exclusivamente de aprobar modificacións cualitativas de subvencións xa aprobadas vixentes orzamentos desta Deputación –ben no orzamentos ou ben nos

expedientes de modificación de créditos que xa pasaron por este Pleno- e tamén de aprobar a concreción de concesión de subvencións nominativas en aplicacións orzamentarias dotadas de crédito suficiente –e que tamén aparecen aí detalladas, como son a Federación Galega de Balonmán, a Escudería Barbadás, a Federación Galega de Judo, de Xadrez, a Federación Galega de Fútbol, etc..-; polo tanto o que propomos é concretar esas determinadas aplicacións orzamentarias ás que me acabo de referir e por outro lado, propomos tamén determinadas modificacións cualitativas por cambio de finalidade ou beneficiario –como apuntou a señora interventora-. Polo tanto, quede claro que en ningún momento este expediente supón unha modificación do gasto, nin polo tanto, hai modificacións cuantitativas.

En relación co que apuntou o señor Rodríguez Suárez, home, o velorio non sei exactamente onde está, pero tratándose da diocese probablemente sexa un edificio histórico artístico, por iso figura aí. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 3

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (2), o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento n.º 3/2017, co seguinte detalle:

A.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar determinadas aplicacións orzamentarias do capítulo IV de gastos, xa dotadas de crédito no orzamento do exercicio 2017. Estas aplicacións orzamentarias son as seguintes:

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.10** Actividades deportivas. Fomento do deporte

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Escudería Barbadás club deportivo | Rally mix Barbadás (2014/2015) | 12.000,00 € |
| Federación galega balonmán | Escolas deportivas | 3.000,00 € |
| Federación galega de Judo | Escolas deportivas | 9.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| Asociacións de Clubs Xadrez Ourense | Escola deportiva | 8.000,00 € |
| Federación galega de fútbol | Escola deportiva | 5.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.08** Copas Deputación. Fomento do deporte

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Federación galega de fútbol | Copa Diputación de Ourense | 42.500,00 € |

**B.-** Aprobar as modificacións cualitativas por cambio de beneficiarios ou de finalidade de subvencións xa aprobadas, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 "A Concellos. Actividades culturais e recreativas", prevíase unha subvención ao Concello de Trasmiras para asociación musical Trasmiras por importe de 23.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 10/04/2017, proponse o cambio de finalidade de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017 no que respecta á finalidade da mesma:

- 334.20/462.00. A Concellos. Actividades culturais e recreativas:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Trasmiras | Actividades culturais a realizar no Entroido, letras galegas, San Xoán, Festas patronais e diversos talleres e actividades | 23.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/489.19 "A entidades sen fins de lucro. Medio rural", prevíase unha subvención a Adercou  para redacción plan estratéxico por importe de 10.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo este en data 06/06/2017, proponse o cambio de finalidade de dita subvención contemplada na modificación 2/2017, debido á necesidade de incluír outros gastos:

- 414.11/489.19 “A entidades sen fins de lucro. Medio rural”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Adercou | Redacción e posta en marcha do Leader 2014/2020 | 10.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/489.01 “Outras transferencias. Desenrolo empresarial”, prevíase unha subvención á Fundación galega da construción para o desenvolvemento dunha base de datos xeoreferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense por importe de 60.000,00 euros. En base ao escrito remitido por este en data 18/05/2017, proponse o cambio de beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 2/2017, quedando da seguinte maneira:

433.00/489.01 “Outras transferencias. Desenvolvemento empresarial”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Asociación provincial de empresarios de la construción de Ourense | Desenvolvemento dunha base de datos xeoreferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense | 60.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Celanova para a rehabilitación do teleclub de Acevedo do Río por importe de 8.956,90 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 26/05/2017, proponse o cambio de beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Rehabilitación do teleclub de Acevedo do Río | 8.956,90 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 450.12/762.01 así como un suplemento de crédito na aplicación 336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:" por importe de 8.956,90 euros. Dito suplemento de crédito será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial", prevíase unha subvención ao Concello de Lobios para proxecto transfronterizo por importe de 30.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 13/06/2017, proponse o cambio de finalidade de dita subvención prevista na modificación 1/2016, quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial":

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Lobios | Rematar o acondicionamento do Foxo do Lobo de Guende e 1ª fase do acondicionamento do xardín na área recreativa de Grou | 30.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial", prevíase unha subvención ao Concello de Gomesende para obras municipais executadas por importe de 76.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 16/06/2017, proponse o cambio de finalidade de dita subvención prevista na modificación 2/2017, quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial":

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Gomesende | Obra de mellora de infraestructuras e servizos municipais | 76.000,00 € |

- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2017, existe consignada unha subvención nominativa ao Concello de San Xoán de Río para acceso a aula de natureza por importe de 15.000,00 euros. Segundo escrito do 10 de abril de 2017

emitido por dito Concello proponse o cambio de finalidade de dita subvención, quedando da seguinte maneira:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de San Xoán de Río | Beirarrúas en rúa O Campo | 15.000,00 € |

- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2017, existe consignada unha subvención nominativa ao Concello de A Veiga para saneamento tanatorio por importe de 55.000,00 euros. Segundo escrito de data 27/04/2017 emitido por dito Concello proponse o cambio de finalidade de dita subvención, quedando da seguinte maneira:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello da Veiga | Saneamento e abastecemento en varios núcleos de A Veiga | 55.000,00 € |

- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2016, consignouse unha subvención nominativa ao Concello de O Bolo para 4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido por importe de 40.000,00 euros, que foi incorporada ao exercicio 2017. Segundo escrito de data 19/05/2017 emitido por dito Concello proponse o cambio de finalidade de dita subvención, quedando da seguinte maneira:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de O Bolo | - 4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido | 10.284,72 € |
| | - Obras de rehabilitación da antiga escola de Chao das Donas para local social | 29.715,28 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial” prevíase unha subvención ao Concello de Montederramo

para arranxo velorios en Vilariño Frío e Chas por importe de 20.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 11/04/2017, proponse o desglose de dita subvención cambiando o beneficiario de cada unha delas debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

924.12/789.00 “Participación veciñal. Outras transferencias de capital a asociacións”:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Asociación de veciños A Ponte | Arranxo velorio de Vilariño Frío | 10.000,00 € |

336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico”:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Arranxo velorio de Chas | 10.000,00 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 450.12/762.01 así como un suplemento de crédito nas aplicacións 924.12//789.00 “Participación veciñal. Outras transferencias de capital a asociacións” e “336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:” por importe de 10.000,00 euros cada unha delas. Dito crédito suplemento será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

**2º.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**4º.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2017.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente recordar que nós xa reiteramos estes argumentos no ano 2016, cando daquela xa se votaba un punto semellante. Volver a dicir que non nos parece que a linealidade que se está aplicando á hora de repartir estes fondos sexa a fórmula máis acaída sen que se teña ningún outro parámetro en conta. En virtude disto, nós vamos optar pola abstención. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: simplemente para anunciar o noso voto a favor desta proposta de axudas aos concellos. Soamente unha pega, é unha pena que non saíra antes para que os concellos puidesen ter xa isto previsto e ter máis planificado. Certo é que poden acollerse desde principios de ano pero non estaría de máis que os concellos o soubesen con un pouco máis de antelación. Nada máis, moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Moi bos días a todos os presentes. Simplemente dicir que este programa foi moi ben acollido por todos os concellos e proba disto son as numerosas chamadas recibidas preguntando por el. Unha vez máis este Grupo de goberno cumpre co prometido e agora xa é unha realidade. Quero recordar que se poderán incluír –como dicía o señor Fraga Civeira- as actividades desenvolvidas durante o ano 2017. A principal novidade, con respecto do ano anterior, é no artigo número 6 de *Resolucións, adhesións e publicacións* que se farán ao momento de chegar as peticións e non se esperará a ter un grupo delas; incluso se poderán facer resolucións individualizadas. Si quería recordar, que tamén pon nese punto 6, que a publicación substitúe á notificación personalizada a cada concello. Sen máis, agradecer o seu voto a favor e nótase que hai Grupos da oposición que pouco gobernan. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2017, co seguinte contido:**

**1ª) <u>Obxecto</u>:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2017.

A finalidade deste Programa é contribuír ó financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia en prol da mocidade ó longo do exercicio 2017.

**<u>2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.</u>**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2017.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2017.

**<u>3ª) Contía das subvencións:</u>**

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.

**<u>4ª) Dispoñibilidades orzamentarias:</u>**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, por importe global máximo de 546.000,00 €, na aplicación 46200/34111

**<u>5ª) Solicitudes de adhesión ao Programa: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:</u>**

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, que mantén a súa operatividade ao abeiro do establecido na Disposición Final 7ª da devandita Lei 39/2015.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención.

**6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

As solicitudes de adhesión presentadas remitiránselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión dos concellos solicitantes, agás nos seguintes casos:

a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo

b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.

As resolucións de autorización de adhesión realizaranse no prazo máximo de cinco días hábiles dende a recepción da documentación completa para cada solicitante, a medida que estas se vaian recibindo. Poderán realizarse nunha resolución individualizada para cada concello ou para varios deles, en función dos prazos nos que se teñan presentado e completado as correspondentes solicitudes.

As resolucións de autorización de adhesión serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

**7ª) Contía das subvencións:**

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.

- Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.

A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

**8ª) Xustificación da subvención:**

1. Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de novembro de 2017. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 30 de novembro, e poderá concederse, como máximo, ata o 15 de decembro de 2017.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique o seguinte:

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2017.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.

B) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificados. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que o concello percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

**9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

**10ª) Normativa supletoria:**

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales os concellos interesados poderán formular as alegacións**

**ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.**

**5º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) PARA INCLUSIÓN DA ADDENDA APROBADA POLA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE CONVENIO O 1 DE FEBREIRO DE 2017.-**

**O Sr. presidente** propón un debate conxunto deste tema co punto seguinte, xa que se trata do mesmo convenio, e despois votarase separadamente.

Comeza o debate dos dous puntos (5º e 6º) cedéndolle a palabra o Sr. presidente ao BNG.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Vou ser moi breve, o BNG en congruencia co expresado en debates anteriores vai votar en contra destes dous puntos, polas mesmas razóns que presentamos e defendemos no seu día no Comité executivo da FEGAMP. Para nós este modelo non soluciona o problema real, ten moitas e importantes eivas e é un continuo ir e vir de bandazos, ademais de supoñer unha enorme improvisación. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: absterémonos nos dous puntos. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: nós, para anunciar que vamos a votar a favor nos dous puntos. No primeiro porque en nada nos afecta, é unha modificación de adscrición de concellos na provincia de Lugo; e o segundo porque entendemos que se vai facilitar o cobro por parte dos GES. Utilizar un medio como é a FEGAMP, sobre todo os que temos estado na FEGAMP, sabemos os problemas que iso xera á hora de pagarlle aos GES. Polo tanto, entendemos que se lles vai facilitar a cuestión, máis alá doutras cuestións de fondo nas que aquí non imos entrar sobre este aspecto.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas señor presidente. Brevemente, con respecto ao punto 5, como ben dixo o señor Fraga Civeira, en nada nos afecta, nin á Deputación nin aos concellos que están adheridos ao GES na provincia

de Ourense. É un tema de reorganización dos GES na provincia e Lugo e dado que este convenio, e as adendas posteriores, foron asinados polas catro Deputacións, pola Xunta de Galicia e pola FEGAMP, de aí que teñamos que tramitalo deste xeito.

Con respecto ao punto 6, que é o que nos interesa, adiántolles, aclárolles que tal proposta foi feita por quen lles fala, porque así mo trasladou o señor presidente na Comisión Galega de Seguimento. Como tamén apuntou o señor Fraga Civeira, en resumo e para non alargarme moito dado o que nos espera, trátase do que dixo el, de que unha cláusula do convenio vixente, ou das adendas posteriores, din que a Deputación ten que transferir os fondos que nos chega aos concellos que temos GES a FEGAMP; logo a FEGAMP, dado que é unha entidade máis ben representativa e non executiva, a tardanza en volver a mandarnos os fondos é considerable e de aí que propoñamos o que xa se dixo, que os fondos que nos transfire, ou que nos achega a Deputación, que se transfiran directamente aos concellos e que o faga do seguinte xeito: o 50% de cada anualidade no primeiro trimestre de cada exercicio, o 25% no mes de setembro de cada exercicio e o 25% restante aboarase á xustificación completa de acordo co que se di, que non o vou a repetir aquí, que sería aproximadamente o 20 de xaneiro do ano seguinte. E dicir que todos de acordo, as demais Deputacións cónstame que recibiron de bo grado a proposta que fixemos dende Ourense e agradezo a achega e o voto favorable de quen nos axude. Moita grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo**:**

1º.- Prestar conformidade á proposta de formalización dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) aprobada pola Comisión de Seguimento do dito Convenio o 1 de febreiro de 2017.

2º.- Facultar á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense para a formalización e subscrición da dita addenda.

**6º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) SOBRE RÉXIME DE PAGO DAS SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PREVISTAS NO DITO CONVENIO.-**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a seguinte modificación da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos GES:

A) Na cláusula oitava, apartado quinto, suprímese a frase "*estas cantidades serán aboadas á FEGAMP*".

B) A cláusula décima, apartado B, quedará redactada do seguinte modo:

Financiamento: as deputacións provinciais colaborarán no financiamento cunha achega que se ingresará directamente aos concellos beneficiarios, nos termos seguintes:

- O 50% de cada anualidade, no primeiro trimestre de cada exercicio.
- Un 25% de cada anualidade, no mes de setembro de cada exercicio.
- O 25% restante aboarase no mes seguinte ao da presentación de modo completo e correcto da seguinte documentación xustificativa da subvención:

  * Certificado expedido polo secretario-interventor ou interventor do concello, na que se faga constar o gasto recoñecido de funcionamento do servizo subvencionado, así como o cumprimento do establecido no presente convenio na prestación do dito servizo.

  Na dita certificación incluirase tamén a declaración das axudas solicitadas ou concedidas para esta finalidade.

  A dita documentación xustificativa deberá presentarse ante a Deputación Provincial ata o 20 de xaneiro do exercicio seguinte ao que se refire.

En caso de non presentarse a dita xustificación, así como nos supostos en que esta teña carácter defectuoso, a Deputación Provincial procederá á tramitación do correspondente expediente de reintegro e/ou declaración de perda do dereito á subvención.

Sen prexuízo do anterior, os concellos beneficiarios quedan suxeitos ao control financeiro das deputacións, asumindo as obrigacións previstas no Título III da Lei xeral de subvencións.

C) Na cláusula décima, apartado C, no primeiro parágrafo, suprímese o inciso *"e das deputacións"*.

D) Na cláusula décima, apartado C, no parágrafo oitavo, suprímese a palabra "*deputacións*".

2º.- Darlles traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias e ó resto das deputacións provinciais propóndolles a aprobación da dita modificación.

**7º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A XESTIÓN E CONTRATACIÓN DELEGADA DO EXERCICIO DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA EDAR DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**: grazas señor presidente. Estamos diante dunha cuestión que reviste certa complexidade. Por unha banda o Concello pretende sacarse un problema de enriba logo dunha máis que deficiente xestión e das reiteradas multas que está a pagar por vertidos ao Barbaña; e por outro, conxugar a contratación da explotación delegando esta cuestión na Deputación, de tal xeito que isto non supoña un custo engadido para as arcas municipais e en consecuencia teña unha repercusión económica para os veciños e veciñas do concello. En todo caso, a decisión compételle ao Concello que debe valorar dous aspectos importantes: a necesidade de controlar a calidade da depuración para evitar verteduras que rematen con mortaldade de fauna piscícola e coas continuas verteduras; e por outro, conxugar iso co necesario

equilibrio no pago por parte dos veciños e veciñas, tendo en conta que o Concello de San Cibrao é un dos que maior presión fiscal exerce sobre a veciñanza, a pesares do papel que xogara a Deputación tanto na redacción do prego de condicións futuro e tendo en conta que a pesar das melloras efectuadas nos últimos tempos na estación depuradora de augas residuais de San Cibrao das Viñas, periodicamente seguen a producirse verteduras ao río –como acabo de indicar– polo que non está asegurado que non volva a acontecer o suceso desgraciado de 2009, no que morreron miles de peixes -e outras especies ameazadas- e ademais tivo un custe de miles de euros para as arcas públicas. En definitiva, nós, en virtude de todo isto, imos optar neste punto pola abstención. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo. Nós ímonos abster facendo constancia do noso desexo de que este Convenio posibilite que non volva a haber verteduras dos que se fai con moita frecuencia, con demasiada frecuencia, eco os medios de comunicación, os famosos vertidos ao Barbaña que sufre fundamentalmente o concello de Ourense do cal somos ediles o meu compañeiro e eu. Nada máis. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE:** moitas grazas. Nós, simplemente, para manifestar o sentido do noso voto que vai ser o da abstención e tamén nos sumamos aos votos para que se emenden esas deficiencias que aconteceron tempo atrás. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular:** moitas grazas señor presidente. Simplemente dicir que aceptamos esta proposta de cooperación co Concello de San Cibrao. A Área de medio ambiente xa ten experiencia nestas circunstancias, é un convenio máis dos numerosos que facemos. Esperemos cumprir as expectativas que poñen vostedes no propio convenio. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 7

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense**

**e o Concello de San Cibrao das Viñas para a xestión e contratación delegada do exercicio do servizo de explotación e mantemento da EDAR de San Cibrao das Viñas, de acordo coas seguintes cláusulas:**

**1ª) Obxecto.-**

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias do Concello de San Cibrao das Viñas para a xestión e contratación do servizo de depuración de augas residuais prestado a través da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de San Cibrao das Viñas, como fórmula de cooperación da Deputación co concello para garantir a calidade na prestación deste servizo.

**2º) Suxeitos parte no convenio.-**

Son parte no presente convenio as seguintes administracións públicas:

a) O Concello de San Cibrao das Viñas, que actúa no exercicio das competencias que lle corresponden para a prestación do servizo de depuración de augas residuais, de conformidade co establecido no artigo 27.1 e 27.2.b) da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia.

b) A Deputación Provincial de Ourense, que actúa no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia a concellos previstas no artigo 36.1.b) e 2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co disposto no artigo 195.i) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que expresamente prevé a delegación de competencias como técnica de colaboración e cooperación entre as entidades locais galegas.

**3º) Contido da delegación de competencias establecida no presente convenio.**

1. En virtude do presente convenio, o Concello de San Cibrao das Viñas delega na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias para a xestión e contratación do servizo de explotación e mantemento da EDAR de San Cibrao das Viñas, nos seguintes termos:

a) A delegación das competencias de xestión do servizo de depuración prestado a través da EDAR inclúe todas as facultades de xestión e os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, incluíndo o exercicio da potestade sancionadora.

Se exclúen da delegación, en todo caso, o exercicio das competencias de ordenación

do servizo, tanto no seu aspecto substantivo como no seu aspecto fiscal, así como as competencias de xestión tributaria e recadación das taxas do servizo, que continuarán sendo exercidas polo Concello de San Cibrao das Viñas.

b) A delegación das competencias de contratación do servizo comprende o exercicio de todas as facultades que como órgano de contratación lle corresponden ao Concello de San Cibrao das Viñas en relación coa contratación da prestación do servizo de explotación e mantemento da EDAR, incluíndo a realización de todos os actos de preparación do expediente de contratación, licitación e adxudicación do contrato, modificación, interpretación e resolución do contrato, control do seu cumprimento e, en xeral, todos os actos que en relación co dito contrato lle corresponden ao órgano de contratación, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos, cando proceda.

No exercicio desta delegación, a Deputación Provincial elaborará un proxecto de expediente de licitación, que incluirá os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. O proxecto de expediente será sometido, previamente á súa aprobación, á prestación de conformidade por parte do órgano municipal competente en materia de contratación. A Deputación non poderá proceder á aprobación do expediente e á licitación do contrato sen a dita conformidade previa.

**2.** En virtude da delegación conferida, a Deputación Provincial asumirá en exclusiva, tanto ante o concello como ante terceiros, a responsabilidade derivada dos seus actos e omisións no ámbito das competencias delegadas.

**4º) Réxime económico da delegación.-**

1. O Concello de San Cibrao das Viñas asumirá integramente os gastos que para a Deputación supoña a contratación delegada, incluíndo tanto o importe do contrato soportado pola Deputación como os custos asumidos pola Deputación para a realización dos actos preparatorios e de control do contrato.

Exclúense, non obstante, todas as actuacións que a Deputación realice cos seus medios propios, persoais ou materiais, que non serán obxecto de repercusión en ningún caso, sendo asumido o seu custe integramente pola Deputación Provincial.

2. A repercusión dos custes realizarase pola Deputación mediante liquidación trimestral, que será notificada ao concello, dispoñendo este dun prazo de trinta días hábiles para o seu pagamento.

En caso de falla de pago en prazo, a Deputación Provincial poderá exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo a execución da garantía establecida no apartado seguinte ou, de se – lo caso, a compensación cos créditos de que dispoña o concello fronte á facenda provincial.

3. O concello garantirá as obrigas económicas derivadas do presente convenio mediante algunha das seguintes fórmulas:

a) Mediante delegación na Deputación da xestión tributaria e recadación dalgún dos seus tributos, cuxo padrón teña un importe suficiente para cubrir as obrigas económicas derivadas do presente convenio. A tal efecto, no acordo de aprobación do presente convenio, o concello deberá outorgar a delegación e autorizar expresamente á Deputación a deducir dos tributos recadados por delegación o importe non satisfeito en período voluntario das liquidacións de gastos derivados deste convenio.

A aprobación do convenio por parte da Deputación queda suxeita á condición suspensiva da emisión de informe favorable pola Área de Facenda - Tesourería en canto á suficiencia da garantía prestada nesta modalidade.

b) Alternativamente á garantía establecida no apartado a), o concello poderá constituír calquera das seguintes:

- Aval prestado por entidade de crédito, polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Seguro de caución polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma do concello, polo que se autorice á Deputación a requirir ó seu favor o ingreso das cantidades adebedadas, sendo título executivo suficiente a certificación de descuberto expedida pola Intervención provincial. O acordo deberá afectar a participación en tributos ata o importe das obrigas económicas derivadas do convenio, e para a súa validez deberá acompañarse de certificación expedida polo secretario – interventor do concello no que se expresen as débedas líquidas, vencidas e esixibles do concello coa Administración Xeral do Estado e calquera dos seus entes dependentes, a Comunidade Autónoma e calquera dos seus entes dependentes e a Tesourería da Seguridade Social, e se acredite que a cantidade afectada da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o

caso, non se atopa xa afecta ó cumprimento doutras obrigas de calquera clase.

4. Para os efectos do establecido no apartado 3 desta cláusula, o importe das obrigas económicas derivadas do presente convenio se establece na contía que actualmente ten o custe do servizo para o concello, referido a un período de tres anos.

As garantías establecidas para a válida aprobación do convenio deberán acadar o importe sinalado. Sen prexuízo disto, o concello poderá actualizar á baixa as garantías constituídas nos seguintes supostos:

a) Unha vez adxudicado o contrato de servizos, en función da baixa obtida pola Deputación na licitación.

b) A medida que se vaian aboando as liquidacións trimestrais de custes, polo importe efectivamente aboado.

No suposto a), a Deputación comunicará ao concello a baixa obtida e a rebaixa do importe da garantía resultante, de se – lo caso, podendo a partir deste momento o concello proceder directamente ao reaxuste da garantía, comunicándollo á Deputación.

No suposto b), o concello poderá proceder ao reaxuste das garantías de modo directo, comunicándollo á Deputación.

5. Sen prexuízo do anterior, a falla de pagamento do importe equivalente a unha anualidade de prestación do servizo municipal delegado dará lugar a que a Deputación revogue unilateralmente a aceptación da delegación conferida, o que se realizará previa audiencia do concello. Unha vez acordada a revogación da aceptación, esta decisión será executiva no prazo de tres meses dende a súa notificación ao concello, estando o concello obrigado a subrogar o contrato adxudicado pola Deputación no dito prazo.

**5ª) Vixencia temporal do convenio.**

O presente convenio terá unha duración inicial de tres anos, contados a partir da data da súa formalización.

A tal efecto, a Deputación Provincial axustará a duración inicial do contrato adxudicado de xeito que este remate, como máximo, co vencemento do prazo de duración do convenio.

Non obstante o anterior, o contrato adxudicado poderá ser obxecto de prórroga conforme á lexislación de contratos do sector público vixente, se así se prevé. En todo caso, a dita prórroga quedará condicionada á prórroga do convenio, que poderá acordarse polas

partes conforme ao establecido no artigo 49.h), regra 2ª, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e en todo caso co límite máximo establecido no devandito precepto.

**6ª) Eficacia temporal das delegacións de competencia contidas no presente convenio.-**

As delegacións de competencias outorgadas á Deputación Provincial a través do presente convenio producirán efecto nos seguintes termos:

a) A delegación do exercicio das competencias para a preparación do expediente de contratación terá efectos a partir do día seguinte ao da formalización do convenio.

b) A delegación do exercicio das competencias para a licitación e adxudicación do contrato do servizo, terá efectos a partir do día seguinte ao da adopción polo órgano municipal competente do acordo de conformidade co proxecto de expediente de contratación.

c) O resto de delegacións a que se refire este acordo serán efectivas a partir do inicio da execución do contrato polo contratista seleccionado pola Deputación.

**7ª) Causas de resolución do convenio.**

O presente convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, e ademais polas seguintes:

a) Por decisión unilateral da Deputación, exclusivamente no caso previsto na cláusula 4ª, apartado 2, parágrafo 3º.

b) Por decisión unilateral do Concello de San Cibrao das Viñas, adoptada en calquera momento e sen necesidade de alegación de causa xustificativa, comunicándoo á Deputación cun prazo mínimo de tres meses de antelación á súa data de efectividade. En todo caso, a resolución do convenio implicará, na súa data de efecto determinada polo concello, a subrogación automática do concello no contrato de prestación do servizo adxudicado pola Deputación. A Deputación continuará liquidando os gastos xerados pola súa xestión delegada ata a extinción da delegación, conforme ao sinalado no apartado c).

**8ª) Comisión de seguimento.**

Establécese unha comisión de seguimento do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación e o alcalde, ou concelleiro no que delegue.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da

Sección de Control de Augas, con voz pero sen voto.

O alcalde poderá asistir ás sesións acompañado de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica da Área de Medio Ambiente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polo concello, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

Serán de aplicación ao funcionamento da comisión as normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo de que a comisión poida establecer as súas propias normas de funcionamento.

**9ª) Réxime xurídico.**

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

**2º) Ordenar a publicación de este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.**

**8º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A CONTRATACIÓN DELEGADA DUN SEGURO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL E MULTIRISCOS DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECEMENTO EN ALTA "RAZAMONDE – SAN TROCADO"**.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo. Sabemos que todo o que ten que ver con este subministro de auga a estes tres concellos, ten as súas sombras, estámolo vendo con moita frecuencia nos medios de comunicación; sen embargo entendemos que a contratación dun seguro non ten nada que ver con iso. Parécenos axeitado que a Deputación se faga cargo a través dun seguro de responsabilidade deses concellos. Tamén se non deron explicacións axeitadas de por que os  cartos que debían pagar cada un dos tres concellos eran diferentes, en base á diferente poboación, en base a diferentes criterios. Entón, aínda que na Comisión nos abstivemos, agora mesmo imos a votar a favor. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: nós imos manter, sobre este tema, non entrando na cuestión da necesidade do seguro de responsabilidade patrimonial e multi riscos, pero imos manter o voto que vimos mantendo sobre este asunto que é o no.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Dicir que este presente Convenio ten carácter complementario co xa aprobado aquí e subscrito no anterior Pleno. Fala vostede de sombras, ¿non sei a que sombras se refire?; nós aquí citamos á famosa Comisión mixta ou intermunicipal e déronse todas as explicación que pediron e aos Grupos da oposición tamén se lles remitiu a que calquera dúbida que tiveran sobre isto tiñan o despacho do  jefe da Área aberto para llo preguntar, incluso antes de ir á prensa ou a televisón, e así llo fixo constar o propio jefe da Área. Vostede despois di sombras, diga que sombras, porque non se trata aquí de dicir hai sombras..sombras fai un piñeiro, digo eu, e que ás veces di sombras, oye, diga vostede que sombras es e ten dúbida dalgunha sombra vaia onde ten que ir. Nada, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: eu xa dixen que as sombras púñanse de manifesto nas repetidas noticias que saíron nos medios de comunicación e non vou falar delas, sinxelamente, porque non é o obxecto do punto da orde do día. O punto da orde do día é o seguro, do que xa diximos que votariamos a favor. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a contratación delegada dos seguros correspondentes ás instalacións de abastecemento en alta "Razamonde – San Trocado", de conformidade coas seguintes cláusulas:**

**1ª) Obxecto.-**

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias dos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a contratación dos seguros de responsabilidade patrimonial fronte a terceiros e de riscos por danos propios das instalacións de abastecemento en alta "Razamonde - San Trocado".

O presente convenio ten carácter complementario do convenio de cooperación subscrito entre as partes para a contratación delegada dos servizos de explotación e mantemento e subministración de enerxía eléctrica desta instalación, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense de 13 de xuño de 2017. En todo o non previsto especificamente neste convenio complementario, aplicaranse as cláusulas xerais do convenio principal.

**2º) Suxeitos parte no convenio.-**

Son parte no presente convenio as seguintes administracións públicas:

a) Os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro que actúan no exercicio das competencias que lles corresponden para a prestación do servizo de abastecemento de auga potable, de conformidade co establecido no artigo 27.1 e 27.2.b) da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, como titulares da infraestrutura á que se refiren os contratos de seguro cuxa delegación é obxecto do convenio.

b) A Deputación Provincial de Ourense, que actúa no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia a concellos previstas no artigo 36.1.b) e 2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co disposto no artigo 195.i) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que expresamente prevé a delegación de competencias como técnica de colaboración e

cooperación entre as entidades locais galegas.

**3º) Contido da delegación de competencias establecida no presente convenio.**

1. En virtude do presente convenio, os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro delegan na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias para a contratación dos seguros de responsabilidade patrimonial fronte a terceiros e dos riscos de danos propios relativos á instalación de abastecemento en alta Razamonde – San Trocado.

A delegación das competencias de contratación do servizo indicadas comprende o exercicio de todas as facultades que como órgano de contratación lle corresponden aos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro, incluíndo a realización de todos os actos de preparación do expediente de contratación, licitación e adxudicación do contrato, modificación, interpretación e resolución do contrato, seguimento e control do seu cumprimento e, en xeral, todos os actos que en relación co dito contrato lle corresponden ao órgano de contratación, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos, cando proceda.

No exercicio desta delegación, a Deputación Provincial elaborará un proxecto de expediente de licitación, que incluirá os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. O proxecto de expediente será sometido, previamente á súa aprobación, á prestación de conformidade por parte dos órganos municipais competentes en materia de contratación. A Deputación non poderá proceder á aprobación do expediente e á licitación do contrato sen a dita conformidade previa.

A delegación do exercicio das competencias para a preparación do expediente de contratación terá efectos a partir do día seguinte ao da formalización do convenio.

**4º) Réxime económico da delegación.-**

1. A Deputación repercutirá aos concellos delegantes os custes efectivos resultantes dos contratos delegados.

O reparto destes custes farase en función da participación dos concellos en relación do peso que cada un deles ten nos custes fixos da instalación, conforme ás seguintes porcentaxes:

40% Cenlle

25% Punxín

35% San Amaro

A Deputación Provincial de Ourense asumirá os gastos da tramitación da contratación delegada que realice cos seus medios propios, persoais ou materiais, incluíndo os custos asumidos pola Deputación para a realización dos actos preparatorios e de control do contrato.

2. A repercusión dos custes realizarase pola Deputación mediante liquidación anual, que será notificada aos concellos no mes seguinte ao da data de pagamento das pólizas correspondentes, dispoñendo estes dun prazo de trinta días hábiles para o seu pagamento.

En caso de falla de pago en prazo, a Deputación Provincial poderá exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo, de se lo caso, a execución das garantías constituídas polos concellos conforme ao establecido no apartado seguinte, ou a compensación cos créditos de que dispoñan os concellos fronte á facenda provincial.

3. Os concellos garantirán as obrigas económicas derivadas do presente convenio mediante algunha das fórmulas recollidas no convenio principal publicado no BOP de 13 de xuño de 2017. Para estes efectos, as obrigas que deben ser obxecto de garantía serán as correspondentes ao prezo de adxudicación dos contratos de seguro correspondentes. Os contratos de seguro adxudicados pola Deputación quedarán suxeitos á condición suspensiva da constitución das garantías correspondentes polos concellos.

**5ª) Vixencia temporal do convenio.**

O presente convenio terá a mesma duración que o convenio ao que complementa, podendo ser obxecto de prórroga nos mesmos termos que aquel.

**6ª) Causas de resolución do convenio.**

O presente convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

En caso de resolución anticipada do convenio, os concellos subrogaranse nos contratos delegados adxudicados pola Deputación.

**7ª) Comisión de seguimento, control e vixilancia.**

A comisión de seguimento, control e vixilancia do convenio será a mesa que a do convenio principal.

**8ª) Réxime xurídico.**

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

**2º) Ordenar a publicación de este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, unha vez que o convenio sexa aprobado por tódalas partes.**

**9º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE ESGOS PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DO PASEO FLUVIAL ENTRE TARREIRIGO E O NÚCLEO DE ESGOS, TERMO MUNICIPAL DE ESGOS (OURENSE).-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE**: ola, bos días a todos e todas. Grazas presidente. O noso voto neste punto vai ser a abstención, non é porque non esteamos en contra deste tipo de convenios, o que reclamamos é un convenio marco para todos os concellos. Porque, ata o de agora, todos os convenios que se nos trouxeron aquí foron para concellos do Partido Popular. Non me sirve, como ata agora se se nos di moitas veces, que os concellos doutra cor política non pedimos este tipo de obras mediante convenio, porque me consta que non é así; é máis ben todo o contrario, reclamamos este tipo de obras para todos os concellos. Reclamamos, tamén, saber as regras de xogo porque non imos pensar que todos estes convenios vanse para o Partido Popular, pero si que é verdade que aos feitos me remito: todos os convenios que se nos presentaron aquí foron para concellos do Partido Popular. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Ata o que eu sei, o Concello de Petín está gobernado polo Partido Socialista, polo menos séntase na bancada do Partido Socialista. *Deputación, Confederación Hidrográfica e Concello de Petín asinan un Convenio para a mellora do saneamento de Porto Mourisco*, un ejemplo de Convenio como o que estamos hoxe asinando. Pregúntelle

ao señor alcalde de Petín e diralle como hai que facer as cousas. Quere dicir, só concellos do PP non é certo, aquí ten a proba. Pregúntello ao señor Miguel. Moitas grazas.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE**: eu me remito a que nos últimos convenios traídos aquí –non me faga un argumentario de un-, pero nos últimos Convenios, e me consta que moitos concellos pedimos á Confederación firma deste tipo de convenios, que non se fixeron e non se levaron a cabo. Non me veña cun concello, porque un concello só non me vale. Moitas grazas. Home! Sería lóxico que algún concello, pero nós pedimos moitos máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Esgos para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto do paseo fluvial entre Tarreirigo e o núcleo de Esgos, TM de Esgos (Ourense), conforme coas seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- OBXECTO E DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS**

O presente Convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán a posta a disposición dos terreos, o financiamento, redacción do proxecto, execución e posterior entrega para o mantemento e conservación das obras e instalacións que se contemplan no proxecto titulado ?Proxecto de senda peonil entre Tarreirigo e o núcleo de Esgos. T.M. de Esgos (Ourense).

Estas actuacións consistirán en:

. Execución dun paseo peonil, denominado sendeiro a Tarreirigo, dunha lonxitude total de 700 metros, cunha anchura de entre 2,0 e 2,5 m que se poderá sumar ao paseo existente, pola marxe esquerda do río Do Grañal.

. Mellora do saneamento da parroquia de Achas, para dotar dun sistema de saneamento municipal a domicilios que non dispoñen del na actualidade. A lonxitude total de colectores necesarios estímase en 470 metros, incluíndose unha finca de tubaxe baixo a

estrada de 20 metros de lonxitude, sendo así mesmo necesaria a instalación dun equipo de depuración para uns 50 habitantes.

**SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

1.- O presente convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órgano e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no "Boletín Oficial do Estado".

A súa vixencia concluirá o último día do exercicio seguinte á última anualidade prevista de acordo co especificado na cláusula Cuarta e no Anexo I.

2.- O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

a) O acordo unánime de todos os asinantes.

b) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contraditorio regulado no artigo 51.2c) da LRXSP, levará o pago dunha indemnización aos demais outorgantes do convenio polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

Nos devanditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación destas e a forma de entrega das obras ao organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

No entanto, en caso de resultar necesaria a modificación das anualidades conforme co establecido na cláusula quinta, esta realizarase a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, cando sexa preciso para acomodar o financiamento ao ritmo de execución das actuacións.

**TERCEIRA.- CUSTO DAS ACTUACIÓNS E O SEU FINANCIAMENTO**

1.- O investimento total necesaria para a actuación estimouse en 265.000,00 €.

2.- O custo do investimento financiarase con cargo ao orzamento de gastos prorrogado do Organismo de conca para o ano 2017, por Acordo do Consello de Ministros de 30 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 452A 60, código de proxecto 2013 23 233 0011.

3.- De acordo co anterior, o financiamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará 132.500,00 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.
- A Deputación Provincial de Ourense achegará 132.500,00 euros do custo inicialmente previsto, con cargo á aplicación orzamentaria que se determine nos orzamentos das anualidades previstas no anexo deste convenio, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.

4.- As dúas partes asumirán, en idéntica porcentaxe (50%-50%) cada unha, as variacións económicas, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de prezos, liquidación do contrato, obras complementarias, así como por calquera outra modificación que se aprobe na execución dos contratos de obras ou servizos.

5.- Con cargo ao importe previsto no apartado primeiro, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil afrontará tanto o custo do proxecto, como da obra, dirección e vixilancia desta, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores estimados para cada un destes conceptos son:

- Asistencia técnica para a redacción do proxecto estímase en 21.600,00 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.
- Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde: 229.000,00 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.
- Asistencia técnica para a dirección das obras, incluíndo coordinación de seguridade e saúde destas: estímase en 14.400,00 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.

**CUARTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS.**

1.- Para a execución do presente Convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como anexo ao presente documento. Estas haberán de

modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

2.- No entanto, non se considerará modificación do presente instrumento convencional, a distribución interna, entre as distintas anualidades, do crédito en principio determinado para cada unha delas, así como tampouco a súa distribución interna entre os distintos conceptos que a compoñen, sempre que non se incremente o seu importe global.

3.- Se é o caso, o importe non certificado pasará, automaticamente, ao exercicio inmediatamente posterior.

4.- As achegas da Deputación Provincial de Ourense materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, trala certificación previa por esta dos compromisos adquiridos (fase contable D); ou retido, en caso da liquidación final.

5.- As transferencias de fondos, que poderán ser varias nunha anualidade, efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

6.- Non obstante o especificado no apartado 4 anterior, se unha vez finalizada a obra e practicada a súa liquidación, resultase que o importe das actuacións executadas fose inferior aos fondos recibidos, a CHMS reintegrará o exceso que corresponda no prazo máximo dun mes desde a aprobación da liquidación.

**QUINTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil licitará, adxudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución do presente Convenio, ata a terminación definitiva das obras.

**SEXTA.- TERREOS**

O Concello de Esgos realizará as xestións administrativas precisas para a obtención dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de obras, as súas modificacións e posibles obras complementarias, que para ese efecto porá a disposición da CHMS.

**SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS.**

1.- Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil comunicaráselle á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Esgos tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público a este último para a súa explotación, mantemento e conservación.

2.- A dita entrega poderá realizarse por fases, cando, de acordo ao disposto no artigo 235.5 d) da Lei de contratos do sector público, na redacción dada a este no seu texto refundido, aprobado por de o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como no artigo 165 do Regulamento xeral de contratos das administracións públicas, caiba a recepción parcial da obra e a súa entrega para o uso público ao que está destinada.

3.- No caso de que a CHMS, en aplicación do artigo 235.6 do texto legal precedente, acorde a ocupación efectiva das obras, poderán ser entregadas ao Concello de Esgos estas.

4.- En calquera caso, a entrega entenderase materializada pola mera notificación ao Concello de Esgos achegando unha copia da acta de recepción. A partir deste momento a dita entidade local asumirá todos os dereitos e obrigacións inherentes ao cesionario.

Posteriormente tramitarase o oportuno expediente de mutación demanial entre administracións públicas, conforme co establecido na cláusula duodécima.

5.- A entrega das precitadas obras efectuarase polo Organismo de conca en adecuadas condicións de uso.

**OITAVA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as seguintes obrigacións e facultades:

1. Financiar as actuacións de acordo co disposto nas cláusulas terceira e cuarta do presente convenio.
2. Licitar, adxudicar e xestionar os contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executar o convenio de colaboración ata a súa terminación definitiva.
3. Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción destas.
4. Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlles este acto á Deputación e ao Concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.

5. Pór a disposición do Concello o construído, de modo que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.

6. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado do construído, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo.

7. Tramitar ante a Dirección Xeral do Patrimonio o correspondente expediente de mutación demanial.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil resérvase as funcións de inspección e control sobre os bens cuxo uso se entrega.

**NOVENA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

1. A Deputación Provincial de Ourense asume o financiamento da actuación, conforme co establecido nas cláusulas terceira e cuarta.

2. A entidade local acepta que o mantemento e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello de Esgos.

**DÉCIMA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DO CONCELLO DE ESGOS**

Corresponderanlle ao Concello de Esgos, as seguintes obrigacións e facultades:

1. A xestión, explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste Convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, convertendose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigacións e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.

2. O pago de todos cuantos tributos graven as ditas instalacións, mesmo, se é o caso, o Imposto sobre Bens Inmobles e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación do actuado e en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste Convenio.

3. A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ao outorgamento da licenza municipal, no caso de que esta resultase necesaria.

4. Realizar as obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumir os gastos que destas poidan derivarse
5. Realizar as xestións administrativas precisas para a obtención dos terreos, bens e dereitos necesarios para a realización das obras, as súas modificacións e posibles obras complementarias, libres de cargas, ocupantes e gravames.
6. Outorgar a acta de mutación demanial unha vez tramitado o correspondente expediente ante a Dirección Xeral de Patrimonio por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
7. En xeral todas aquelas obrigacións que non sexan directamente atribuíbles ao titular das instalacións e do servizo que se encomenda.

O Concello de Esgos queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utilizar as obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

**UNDÉCIMA.- CLÁUSULA DE SALVAGARDA**

Se, como consecuencia do incumprimento dalgunha condición esencial para a realización das obras, como a non posta a disposición dos terreos, se é o caso, resultase imposible o inicio destas, este Convenio quedará automaticamente extinguido, debendo asumir o outorgante responsable do devandito incumprimento os gastos que se xeraron ata esa data.

**DUODÉCIMA.- RÉXIME DE TITULARIDADE**

1.- A actuación obxecto deste Convenio entregaráselle definitivamente ao Concello de Esgos mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre estes que, en todo caso, lle corresponden ao Organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica de Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Esgos poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello de Esgos ao amparo do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

**DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, un da Deputación Provincial de Ourense (esta última ata que se reciban e entreguen as obras) e outro representante do Concello de Esgos. Unha vez entregadas as obras, corresponderanlle ambos representantes ao Concello de referencia.

Esta Comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto do presente Convenio, tentando liquidar as dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.

**DÉCIMO CUARTA.- ORDE XURISDICIONAL COMPETENTE**

Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan exporse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido serán competencia da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativa.

**DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE**

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e nos artigos 48.8 e 11.3 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

**ANUALIDADES PREVISTAS**

| **ADMINISTRACIÓN** | **2017** | **2018** | **2019** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| **CHMS** | 15.000,00 € | 88.000,00 € | 29.500,00 € | 132.500,00 € |
| **DEPUTACIÓN OURENSE** | 0,00 € | 99.500,00 € | 33.000,00 € | 132.500,00 € |
| **TOTAL** | **15.000,00 €** | **187.500,00 €** | **62.500,00 €** | **265.000,00 €** |

2º. Ao tratarse dun gasto plurianual, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os

exercicios de 2018 e 2019 a cantidade correspondente, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

**10º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE TRAZADO DO ACCESO AO NÚCLEO DE SAN VICENTE DE LEIRA DENDE A ESTRADA OU-0807.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo do PSOE**: bos días señores e señoras deputadas. Antes de nada aclarar un pouco, como se nomeou ao concello e se me nomeou a min no punto anterior, dicir: agora que se fixo en Petín é unha obra que ten obrigación de facela a Confederación porque a fosa estaba no cauce do río; é verdade que se a Deputación non quixera non a apoiaría. Pero, é obrigación da Confederación as fosas que levan anos, e esta estaba no cauce do río, entón hai unha parte de verdade e unha parte de mentira. Tamén é verdade que , nesta Casa, había un acordo non escrito que as obras da Confederación ían ao 50%.

O asunto é que creo que o que hoxe exclamarán Xoaquín, Andrés e Leopoldo –veciños de San Vicente que nos acompañan- e Enrique –alcalde de Villamartín- é: ¡por fin!; pero por fin empezamos, por fin empezamos un proceso ao que nunca se tivo que ter chegado. Anos e máis anos os veciños e veciñas de San Vicente sen ver solucións ao acceso do seu pobo, unha estrada propiedade da Deputación. Hoxe apróbase o trazado da estrada de San Vicente, trazado o cal era o que reclamaban os veciños e veciñas. Este non foi un problema que crearon os veciños, este foi un deixamento do dono da estrada e con responsabilidade da Xunta de Galicia, Minas e da Confederación -o Estado- que deixaron durante anos facer o que lle deu a gana aos que alí extraeron a pizarra. O emprego é necesario, pero non todo vale á conta de crear emprego. O Grupo Socialista espera que non se tarde na redacción do proxecto e que se inicien as obras o vindeiro ano. Por parte do Partido Socialista, como non pode ser de outra maneira, votaremos a favor.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Hoxe damos o primeiro paso para desbloquear un problema de moitos, moitos anos. O presidente desta Deputación comprometeu a súa palabra cos veciños que están aí presentes, aos cales aproveito para saudar e ao señor alcalde de Vilamartín tamén, e hoxe

temos a proba diso. Sabemos que vai ser un proceso largo e que ten que ir ben, moi ben feito, como teño falado reiteradas veces co señor alcalde e co representante dos veciños. Non haberá pausa algunha, pero faremos as cousas escrupulosamente ben e con tranquilidade. Ese é o camiño, un camiño que iniciamos hoxe coa palabra cumprida do señor presidente, como xa lles dixen. Isto non vai a parar. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10

Non se producen máis intervencións e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente o proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU – 0807, conforme ao documento entregado pola consultora G.O.C. o 2 de xuño de 2017.

2º) Someter a información pública o proxecto de trazado provisionalmente aprobado, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello de Vilamartín de Valdeorras e en dous medios de comunicación dos de maior difusión no municipio de Vilamartín de Valdeorras.

Durante o trámite de información pública, a documentación que integra o proxecto estará a disposición dos interesados nas oficinas do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial e na casa do concello de Vilamartín de Valdeorras. Ademais, publicarase na páxina web da Deputación un extracto accesible e comprensible para o público en xeral do dito proxecto.

As alegacións que poidan formular os interesados neste trámite, que serán resoltas polo Pleno, deberán versar sobre a concepción global do trazado das distintas alternativas analizadas.

3º) Remitir o proxecto de trazado a informe do Concello de Vilamartín, da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, simultaneamente ao trámite de información pública, e por prazo de trinta días hábiles. Se no dito prazo as administracións consultadas non emiten informe, entenderase que amosan a súa conformidade co trazado proposto.

**11º.- MODIFICACIÓN ARTIGO 39 DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

Trala ratificación previa, por unanimidade, da inclusión deste punto e do seguinte na orde do día, o Sr. presidente propón que xa que os dous puntos se refiren á modificación do artigo 39 do convenio colectivo e do acordo regulador do persoal da Deputación, se debatan conxuntamente, aínda que despois se voten por separado.

O Sr. secretario dá lectura ás dúas proposicións da Presidencia sobre a modificación do citado artigo 39.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, anunciar que nós imos absternos tanto neste punto, como no seguinte, exactamente polo mesmo argumento. En principio, podería ser normal votar a favor dun acordo que é un acordo unánime da Xunta de Persoal, pero dende o BNG valoramos que podería pasar que, como non hai límite no cómputo diario das horas extras, alguén puidera facer nun mes todas as horas extra do ano e nós pensamos que isto sería un abuso. En virtude disto, nós entendemos que a nosa posición vai ser a da abstención. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: absterémonos neste punto. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: nós, en vista do acordo entre as partes, imos apoiar estes dous acordos.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular**: bos días a todas e a todos. Como ben mencionou o señor secretario, isto faise pola demanda dos servizos, polas demandas dos directores de Área. É unha demanda que vén tratada moitas veces en diferentes Mesas Xerais de Negociación, cunha máxima: a flexibilidade horaria e un mellor servizo desta Institución. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación entre a representación da Deputación Provincial e o Comité de Empresa, cuxo obxecto é modificar, ó abeiro do establecido no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores, as condicións de traballo establecidas no vixente convenio colectivo do persoal laboral da Deputación de Ourense, do 9 de decembro de 2008, no seguinte sentido:

-O parágrafo 1 do artigo 39 queda redactado como segue: “*os servizos prestados fóra da xornada laboral compensaranse preferentemente por tempo de descanso, salvo acordo das partes en contrario. O límite máximo será de 80 horas anuais. En todo caso a realización de servizos extraordinarios está supeditado a garantir os períodos mínimos de descanso”.*

2º) Facultar á Presidencia para a formalización da modificación do convenio co Comité de Empresa.

**12º.- MODIFICACIÓN ARTIGO 39 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación entre a representación da Deputación Provincial e o sindicato CSIF, cuxo obxecto é modificar, ó abeiro do establecido no artigo 38.10 do EBEP, o vixente acordo regulador do persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense, do 9 de decembro de 2008, no seguinte sentido:

-O parágrafo 1 do artigo 39 queda redactado como segue: “*os servizos prestados fóra da xornada laboral compensaranse preferentemente por tempo de descanso, salvo acordo das partes en contrario. O límite máximo será de 80 horas anuais. En todo caso a realización de servizos extraordinarios está supeditado a garantir os períodos mínimos de descanso.*

2º) Facultar á Presidencia para a formalización do correspondente acordo co sindicato CSIF.

**13º.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS CONSISTENTE NA ENGÁDEGA DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.-**

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión deste punto 13º e do punto seguinte 14º na orde do día, o Sr. presidente propón que se traten conxuntamente, como xa se falou así na Xunta de Portavoces.

O Sr. secretario expón o contido das dúas proposicións da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Moi rapidamente, simplemente anunciar que, tanto neste punto como no seguinte, a nosa posición vai a ser votar en contra e non tanto polos contidos da orde de día, senón porque –como xa temos dito en outras ocasións- rexeitamos o modelo provincial de privatización do servizo de extinción. En virtude disto, o noso voto en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: absterémonos nos dous puntos. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: moitas grazas. Nós ímonos abster tamén e explícome, aínda estando de acordo con que a achega das compañías aseguradoras se faga a través de contribucións especiais e non vía convenio o cal aporta seguridade –niso estamos todos de acordo-, no que non estamos de acordo, e ao igual que o Deputado do BNG que matizou na súa palabra, é no modelo de xestión do Consorcio en si. Por ese motivo ímonos abster. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Dicir que, en principio, como todos vostedes saben esta Deputación optou por este tipo de prestación do servizo e agora só pensamos en melloralo con este investimento e co que faga falta. Outros compañeiros seus que están noutras Deputacións marean a perdiz, pero nada mudan no tipo de xestión, seguen no mesmo. Dicirlles, como ben dicían vostedes, esta modificación é para reflectir nos orzamentos os ingresos previstos pola Ordenanza de contribucións especiais. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e de Salvamento de Ourense, consistente na inclusión dun anexo de investimentos, no que se inclúe un plan plurianual de investimentos para a ampliación do servizo, co seguinte detalle:

- Denominación: Plan plurianual de investimentos, para ampliación do servizo de extinción de incendios e intervención en emerxencias xestionado polo Consorcio 2017-2020
- Ano de inicio: 2017.
- Ano de finalización previsto: 2020.
- Importe total do Plan: prevé un investimento de 2.157.000 €, distribuídos en catro anualidades iguais de 539.425 €.

Sen prexuízo do anterior, a distribución das anualidades poderá reaxustarse polo Consorcio para adaptala ás posibilidades reais de execución do Plan.

- Tipo de financiamento:

. O 80% do financiamento das obras cubrirase con cargo ás contribucións especiais que serán pagadas polas compañías aseguradoras que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no ámbito territorial do Consorcio.

. O 20% restante financiarase con fondos propios do Consorcio.

. As contribucións especiais devindicaranse cando se execute o Plan. Sen prexuízo do anterior, o Consorcio poderá esixir por anticipado o pagamento das contribucións especiais en función do importe do custo previsto para cada anualidade.

- Órgano encargado da xestión: a xestión do Plan corresponderalle ao Consorcio, conforme coa distribución de atribucións entre os seus órganos, establecidas nos seus estatutos e nas bases de execución do orzamento.
- Actuacións incluídas no Plan: o Plan inclúe as actuacións consistentes en adquisición de vehículos, embarcacións e equipos (incluíndo a recarga de equipos de alta tensión)

propostas pola xerencia do Consorcio en maio de 2017.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**14º.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (C.E. 2/2017) DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**CREDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

| APLICACION | EXPRESION | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 136/62300 | Equipos de excarceración en vehículos hibrídos-eléctricos | 43.560,00 |
| 136/62300 | Equipos para recarga de equipos de respiración automática | 12.100,00 |
| 136/62300 | Equipo achique alta capacidade | 1.494,00 |
| 136/62400 | Vehículo primeira saída BUL (Bomba Urbana lixeira) – tracción 4 x 4 | 65.000,00 |
| 136/62400 | Vehículo primeira saída BUL (Bomba Urbana lixeira) – tracción delantera | 53.200,00 |
| 136/62400 | Vehículo nodriza BNP (Bomba nodriza pesada) | 48.400,00 |
| 136/62400 | Vehículos FSV (Furgones de servizos varios) | 164.000,00 |
| 136/62400 | Embarcacións semirixidas con equipo de rescate acuático | 4.840,00 |
| 136/62600 | Equipos de comunicación portátiles RED TETRA | 6.000,00 |
| 136/62600 | Equipos de comunicación móbiles RED TETRA | 696,00 |
| 136/62600 | Equipos de comunicación intracraneais RED TETRA | 9.750,00 |
| 136/62700 | Unidades de obra – recarga de equipos de alta tensión | 14.500,00 |
| 136/62900 | Equipos para intervencións en químicos | 8.000,00 |

| | | |
|---|---|---|
| | | **431.540,00** |

**RECURSOS UTILIZADOS**

| | |
|---|---|
| **Remanente de tesourería TOTAL para financiar gastos xerais** | **2.694.562,33 €** |
| Remanente de tesourería xa empregado na MC1/2017 | 1.240.317,28 € |
| **Remanente tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais MC2/2017** | **431.540,00 €** |

Con cargo a aplicación orzamentaria **136/62300 . Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, Instalacións técnicas e utillaxe.**

| **APLICACION** | **EXPRESION** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 136/62300 | Equipos de excarceración en vehículos hibrídos-eléctricos | 43.560,00 |
| 136/62300 | Equipos para recarga de equipos de respiración automática | 12.100,00 |
| 136/62300 | Equipo achique alta capacidade | 1.494,00 |
| **TOTAL aplicación orzamentaria** | | **57.154,00** |

Con cargo a aplicación orzamentaria **136/62400 . Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Elementos de transporte.**

| **APLICACION** | **EXPRESION** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 136/62400 | Vehículo primeira saída BUL (Bomba Urbana lixeira) – tracción 4 x 4 | 65.000,00 |
| 136/62400 | Vehículo primeira saída BUL (Bomba Urbana lixeira) – tracción delantera | 53.200,00 |
| 136/62400 | Vehículo nodriza BNP (Bomba nodriza pesada) | 48.400,00 |
| 136/62400 | Vehículos FSV (Furgones de servizos varios) | 164.000,00 |
| 136/62400 | Embarcacións semirixidas con equipo de rescate acuático | 4.840,00 |
| **TOTAL aplicación orzamentaria** | | **335.440,00** |

Con cargo a aplicación orzamentaria **136/62600 . Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Equipos para procesos de información.**

| **APLICACION** | **EXPRESION** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 136/62600 | Equipos de comunicación portátiles RED TETRA | 6.000,00 |
| 136/62600 | Equipos de comunicación móbiles RED TETRA | 696,00 |
| 136/62600 | Equipos de comunicación intracraneais RED TETRA | 9.750,00 |
| **TOTAL aplicación orzamentaria** | | **16.446,00** |

Con cargo a aplicación orzamentaria **136/62700 . Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Proxectos complexos.**

| **APLICACION** | **EXPRESION** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 136/62700 | Unidades de obra – recarga de equipos de alta tensión | 14.500,00 |
| **TOTAL aplicación orzamentaria** | | **14.500,00** |

Con cargo a aplicación orzamentaria **136/62900 . Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.**

| **APLICACION** | **EXPRESION** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 136/62900 | Equipos para intervencións en químicos | 8.000,00 |
| **TOTAL aplicación orzamentaria** | | **8.000,00** |

2º.- De acordo co artigo169 da Lei  reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**15º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RETIRADA DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS FEITAS A FAVOR DE DON JORGE PUMAR TESOURO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**: buenos días. Antes decía, ahí, el compañero del Partido Popular cuando decíamos nosotros que había sombras en algunos temas, decía: *pois se hai sombras, acuda a onde hai que acudir,* eso es una falacia en razonamiento, porque para acudir cuando hay que acudir a la justicia es cuando se coge a alguien con las manos en la masa. Entonces, a veces puede haber indicios de que hay algo irregular, pero no tener suficientes pruebas como para acudir a la justicia; pero cuando las hay, Democracia Orensana generalmente acude y no sólo Democracia Orensana, la semana que viene van a juzgar por falsificación documental a la mujer del señor Baltar, por un papel en el Ayuntamiento de Orense, creo que es el martes o el miércoles de esta semana. Entonces, cuando realmente se coge a la gente, se le denuncia y la próxima semana la mujer del señor Baltar va a ser juzgada por falsificación documental de un papel del Ayuntamiento de Orense. Esto me recuerda cuando cogieron al marido de Marion Jones con drogas y decía, ¡hombre! si el marido de Marion Jones está con drogas, la mujer seguramente también; efectivamente después cogieron a la mujer. Entonces, la pregunta es ¿que tú no lo sabías? ¿que o Baltar non o sabía?, por cierto, acompañarás a tu mujer al juício, a las puertas, como se suele hacer, de dar apoyo moral ¿no?. Esperemos verte allí la semana que viene.

Decir que esta moción, nosotros pedimos...Democracia Orensana presenta dos mociones, ésta y la del último punto del orden del día que es la número 22; ésta es la número 15 y la siguiente moción que nosotros llevamos es la número 22; entonces pedimos que se intercambiaran de orden y el presidente, el señor Baltar, lo denegó, denegó esta petición. Este porque non pode matar, isto recórdame ao que se día alí na miña aldea: *este porque non naceu na selva, senón mordía*; pois este igual, porque non naceu en Corea do Norte, senón facía desaparecer á xente. Se chega a estar en Corea do Norte, facía desaparecer á xente. Entonces, nosotros pedimos que se cambiara la moción del final para la del principio y dijo que no, en un intento vano de que hubiera menos medios de

comunicación y entonces el debate sobre la moción de *La Región* tuviera menos impacto. El pobriño no se enteró que hoy en día no se le pueden poner puertas al campo y que la moción de *La Región* va a llegar a todos lados.

En cualquier caso, es curioso porque a la gente le suele doler más lo que pierde que lo que deja de ganar; la gente en la vida suele arrepentirse más de aquello que pierde, se arrepiente más de lo que deja de ganar y en este caso  es esta moción, la que llevamos ahora, la número 15, porque realmente Orense ha perdido 15 millones de euros. Sin embargo la otra es más indignante, que le regalamos 2,7 millones de euros a *La Región*. Ahora vamos a centrarnos en ésta que, aunque es menos indignante, es realmente más problemática para el Concello de Orense, porque esto equivale a más de 5 veces las pérdidas de *La Región*, 15 millones de euros. Es una moción que ya debatimos en el Ayuntamiento, ya se comentó aquí en este Pleno obviamente la otra vez, pero no se había llevado una moción y es una moción que ya llevamos en el Ayuntamiento de Orense y básicamente tiene que ver con la convocatoria de los proyectos EDUSI –Estrategias de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado- que se reparten con fondos europeos.

Normalmente lo que ocurre, esto ya lo decimos también con otros ejemplos, que tiene que ver, por ejemplo, con el tema de lo que es la subjetividad; es decir, el señor Baltar y Pumar pueden decir que ellos son buenísimos, están haciendo propaganda de la provincia inteligente, hablan de que importan métodos de Estados Unidos, que es la primera vez que se importa en Europa. Entonces dicen, por ejemplo, que sólo hay dos métodos ahora mismo en transparencia en el mundo que están implantando un sistema que es el primero en Nueva York y el segundo en Orense. Vienen aquí con todas estas patrañas, estas tonterías, trae aquí a Kennedy, hace convenciones con Estados Unidos comerciales.. y resulta, que al final, la provincia es la única que no sube en exportaciones. El año pasado la única provincia de Galicia que no sube en exportaciones es la de Orense y presume de que hizo un convenio y una visita internacional con los americanos, pois xa ves do que serviu; porque las demás provincias, que fueron Coruña, la provincia de Pontevedra y Lugo, no hicieron esta trapallada de Estados Unidos y subieron exportaciones. Esos son los medidores que tenemos que realmente observar. En este caso el medidor, como un árbitro, es Europa. Europa ha dicho que la gestión de este señor es, sobre 10, un cero. Sobre 10 puntos un cero. Entonces, ya no es la publicidad que se pueda hacer Baltra, o Pumar, o *La*

*Región*, o lo que gaste es publicidad; es que acaba de decir, un Comité europeo, que estos señores son un desastre porque, de todo Galicia y aquí están los gráficos, que no sé si saldrán en las televisiones, Vigo recibe en el proyecto que presentaron 15 millones de euros, La Coruña 15 millones de euros, Pontevedra 10 millones de euros, Lugo 10, Santiago 10 millones de euros, Ferrol-Narón 10 millones de euros y luego vienen ya las villas, villas grandes: Redondela, Ponteareas, Arteixo, A Estrada, Ames (cada una recibió 5 millones de euros), Ribeira otros cinco millones de euros, Lalín cinco millones de euros; luego bajamos a Marín 4,9; y luego bajamos a los que ya consiguieron cero que es Orense. Orense, Carballo, Cambre, Cangas y Abegondo, estamos ahí a la altura de Cangas. Y esto es lo que es la gestión de estos hombres, mientras Vigo y A Coruña consiguen 15 millones de euros; Pontevedra, Lugo, Santiago y Ferrol 10 millones de euros cada una; han perdido 15 millones de euros presentando un proyecto ante Europa que é unha merda. Entonces los europeos han dicho: isto non vale para nada. Esta es la gestión de esta gentiña; es decir, no se trata de que lo diga yo, no se trata de que lo diga Democracia Orensana, o el PSOE, o el Bloque, ni que el PP se eche flores, lo dice en este caso, digamos, un árbitro y el árbitro dice: tú, un cero. Entonces, de qué presumes cuando sales en la prensa, de qué te sirve todo el dinero que gastamos en la prensa para hacerte publicidad, si Europa dice que no vales para nada.

No contententos con esto, para hacer este proyecto lo contratan a PricewaterhouseCoopers, porque claro, mola más un rollo internacional de estos, una trapallada de estas, una consultora. Ya sabemos cómo acabaron muchas de estas consultoras que estaban también en lo de los bancos, como pasó ahora co Banco Popular, unos meses antes le hicieron un test de estrés y daba que estaba perfecto y banca rota el Popular; entonces de qué sirven todas estas trapalladas. Sirven para perder, en este caso 15 millones de euros. Como al final lo que se pretendía hacer con esos 15 millonse de euros, se va a acabar haciendo, vamos a perder 15 millones de euros porque vamos a gastar ese dinero igual, pero sin tener ese dinero. Por ejemplo, realmente los proyectos eran todos una trapallada y solamente uno se salvaba de esos proyectos que eran las escaleras a la Cruz Alta, que precisamente propuso Democracia Orensana; es decir, de todo el paquete que presentaron a Europa, era todo unha merda, todo intangible, una ciudad más amigable, todo trapalladas, por eso le dijeron que no; excepto un proyecto concreto que era el que

presentaba Democracia Orensana y lo tomaron ellos, lo incluyeronen el proyecto. Criticaron nuestro programa electoral y lo incluyen en el proyecto, que son la escaleras a la Cruz Alta, en este caso, un sistema mecanizado. Por cierto, proyecto éste, de elevaciones verticales que lo utilizó Caballero en Vigo, proyectó hacer el la Gran Vía todo lo que son estas rampas mecánicas para que toda la Gran Vía vaya de Urzaiz a la Plaza de España en Vigo, y efectivamente Europa le da 15 millones de euros por ese proyecto y otros, a Vigo le dan 15 millones de euros, a Orense cero.

Entonces, aunque técnicamente lo que pedimos aquí es irrelevante porque es una moción y realmente pedimos que se retiren las competencias, la dimisión, como quieran llamarlo porque técnicamente pueden argumentar que él ya no tiene competencias. Pero indudablemente la persona que está haciendo todo esto al margen, al margen no, en el tema este, es una persona que es agente doble entre el Concello y la Diputación que es el señor Pumar y realemente es quien debe dimitir porque cuando alguien comete una negligencia de 15 millones de euros, que son 2.500 millones de pesetas, obviamente no puede dedicase a estas funciones porque es un auténtico inútil, no dicho por Democracia Orensana sino que lo ha dicho Europa. 15 millones de euros y eso es lo que va a pesar siempre sobre tu crédito político. Vayas a donde vayas Pumar: *yo soy el que perdí 15 millones de euros, yo soy un inútil*. Puedes hacerte publicidad luego lo que tú quieras, pero los hechos son los que realmente quedan. Los hechos son los que quedan, eres un inútil que has perdido 15 millones de euros para todos los orensanos, gracias. Oye, los próximos carnavales disfrázate, por favor, de 15 millones de euros. En los próximos carnavales disfrázate de 15 millones de euros, porque es el San Benito que te queda para toda tu vida.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Antes de entrar no debate, pensamos que convén centrar a cuestión e facer un pequeno recordatorio. O día 12 de marzo do ano 2015 o presidente da Deputación –xa se dillo aquí- asinou a adxudicación a unha famosa consultora internacional, PricewaterhouseCoopers, por algo máis de 70.000 euros –por certo, compañía que está sendo investigada no marco da *Operación Lezo* polo suposto financiamento ilegal do PP de Madrid-, diciamos que firmou un contrato para o asesoramento técnico para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado na provincia de Ourense. Unha vez máis, e nós

xa o levamos reiteradamente denunciando, este goberno opta por darlle un contrato de servizos a unha empresa foránea cando aquí hai entidades e empresas máis que capacitadas para facer este traballo e, ademais, a Deputación ten no seu organismo, ou no seu organigrama interno, un organismo como o INORDE -esta é para nós unha demostración máis de que non serve para nada- e unha oficina de Recursos Europeos que preguntámonos para que valen e cal é o seu papel. Vostede mesmo, señor Pumar, fai constar nun extenso currículo de varias páxinas que no 2009 e no 2010 foi asesor técnico de ADERCOU que é a Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense, constituído por 11 concellos da provincia, para xestionar o programa europeo LEADER 2007-2013, GDR 2010. Omite, iso si, non sabemos se deliberadamente ou non, que xestionou unha empresa que se chamaba Emprende Ourense coñecida por recibir máis de 300.000 euros desta Deputación e non ter actividade. Ese era un dos motivos polo que nós estabamos convencidos de que, se vostede foi quen de obter subvencións para unha empresa carente de actividade, a pouco que presentara un proxecto minimamente solvente o resultado sería positivo. Erramos na nosa previsión. Penso eu que contratarían a esta empresa presuntamente para facer lobby diante do goberno de Madrid, ese goberno amigo; pois polo que se ve a capacidade de incidencia desta prestixiosa empresa foi ningunha e a receptividade do goberno amigo, pois, exactamente o mesmo.

Este proxecto bautizado como *Estratexia Conecta Ourense*, implicou ao Concello de Ourense e aos da súa contorna. O obxectivo era que a candidatura ourensá captase os fondos europeos dispoñibles para as chamadas Edusi, xa se dixo tamén, Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado. Unha Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado debe mellorar o acceso, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e a comunicación; favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores; conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos; promover a inclusión social e loitar contra a pobreza. O proxecto contaba cun orzamento de 18,7 millóns e quince deles poñeríaos, supostamente, a Unión Europea, pero ese diñeiro -pensado para mellorar a comunicación e a cohesión nos servizos públicos da área metropolitana- non chegará a Ourense.

A ECOU foi rexeitada na primeira convocatoria e a Deputación anunciou entón que faría cambios na candidatura para así asegurarse o investimento comunitario na segunda

convocatoria. O Ministerio de Facenda e Función Pública creou un comité técnico de valoración no que participaron representantes da Comisión Europea e doutros Ministerios e Administracións así como expertos de recoñecido prestixio no sector. Pois ben, o proxecto da Deputación de Ourense non levou nada. A ECOU, segundo publicou o Boletín Oficial do Estado, non acadou a puntuación suficiente para conseguir os fondos, ademais poñía de manifesto unha serie de deficiencias no proxecto. Non contentos con isto, a Deputación volve concorrer por segunda ocasión sen corrixir as eivas do anterior. Resultado: quedan fóra das achegas, sendo á última na valoración final e sendo o concello da cidade o único dos sete grandes que queda excluído, como xa se explicou.

Parece evidente que, en todo isto, hai responsabilidades evidentes por parte de quen ten a encomenda da xestión. Din ser bos xestores pero son incapaces de presentar e defender unha boa estratexia, simple e llanamente porque non a teñen. E o problema é que ademais agora empecínanse en que van concorrer por terceira vez –co mesmo proxecto- porque segundo vostedes o traballo xa está feito. O que non vemos claro ben é a petición da retirada das competencias e que non se pida, en consecuencia, que se lle retire tamén a dedicación exclusiva, nada pequena por certo. En todo caso, pedímoslle ao Grupo propoñente que acepte unha emenda *en voce* para que a proposta sexa máis concreta e que esta solicitude que fan vostedes, ou que fai Democracia Orensana, de retirada das competencias pois, loxicamente, leve aparellada a retirada tamén da dedicación exclusiva. De momento nada máis, moitas grazas.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE**: grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Non nos vamos a estender moito neste punto porque senón non acabaremos ata as cinco da tarde. Simplemente dicir que , alá polo 5 de decembro de 2015, nun encontro con alcaldes, o señor Pumar destacou: *este proxecto é unha mostra máis do compromiso de cooperación da Deputación de Ourense na captación de investimentos e proxectos en beneficio dos pequenos concellos os cales, por si mesmos, non poderían chegara eles*. Esta estratexia fixa a súa zona de intervención nos municipios de Ourense e na súa área metropolitana que conforman o que nesta estratexia denomínase *Espazo Metropolitano de Ourense*: Amoeiro, Barbadás, Coles, O Pereiro de Aguiar, Punxín, San Cibrao das Viñas e Toén. Fixaban, daquela, as liñas de actuación coherentes e centradas no impulso medioambiental, económico e social desta área. Posteriormente, un ano despois, o 12 de

decembro de 2016, solicitaban outra vez participar nesa convocatoria, xa que foramos rexeitados, e dicían daquela que *o que se pretende era conciliar o desenvolvemento industrial e a recuperación económica de espazos sostibles con calidade industrial; impulsar ademais estratexias que fomenten a mobilidade urbana e peri-urbana. Este proxecto márcase, entre as súas prioridades, xerar unha contorna urbana cohesionada e sen barreiras, ta, ta, ta, ta...*.Moitas notas de prensa, moita verborrea, moito reiterar o que queremos ser e o que queremos facer, pero de feito e a realidade palmaria é que en dúas convocatorias quedamos a *velas vir*.

Primeira convocatoria, proxecto non seleccionado, 83.138 millóns para Galicia, BOE do 3 de outubro do 2016. Segunda convocatoria, 35 millóns máis para Galicia publicado no BOE do 2 de maio de 2017. Quedamos fóra, ¿por que? Señor presidente, por non acadar a puntuación suficiente, por presentar proxectos inconcretos baseados –volvo repetir- na retórica da verborrea adornada con anuncios para a galería, titulares de prensa e fotos para maior gloria persoal. Facer que se fai. Iso é o que interesa, facer que se fai, ocupar liñas da prensa e da televisión; pero o importante é que seguimos á cola en todos os indicadores económicos, temos organismos que tampouco fan nada e, por suposto, señor presidente pensamos que nin vostede, nin a persoa en quen delega, o están a facer como minimamente se lle require a un presidente e a un vicepresidente desta Deputación Provincial. De momento nada máis.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas presidente. Pois ben, señor Pérez Jácome, no ánimo de demonizar ao señor Pumar, a pouco púidonos pedir vostede que o desterremos no Congo Belga, naquel Congo Belga, xa postos aí. Se están tan encaprichados, polo que vexo todos, en que se lle retiren as delegacións de competencias que ten o señor Pumar, iso é o síntoma máis claro de que lles estorba politicamente, e lles estorba moito, alí no Concello e aquí na Deputación. Entonces, querido compañeiro, adiante.

Dito isto, vou repetir o que xa dixo o meu compañeiro portavoz no Grupo Popular no Concello de Ourense que vostedes recordarán, polo menos vostedes que falan de axente dobre, ¿vostedes que son? Porque tamén están alí e aquí. Pois ben, alá polo 27 de xaneiro do ano 15, gobernando o PSOE, ou co-gobernando co BNG –señor Rodríguez Suárez- o alcalde de Ourense de entón, D. Agustín Fernández, e o noso presidente, D. Manuel Baltar, tiveron unha reunión importante, ou máis que unha, para o deseño e posta en marcha dunha estratexia

provincial para a captación de fondos europeos onde a Deputación de Ourense se ofrece, como non podía ser doutro xeito, como entidade coordinadora para presentación destes proxectos. Debe quedar claro, tamén, que sen o liderado da Deputación –non sei por que sorrí tanto, señor Pérez Jácome- os concellos da Área metropolitana de Ourense non poderían, non poderían de ningún xeito presentarse a esta convocatoria; tan só Ourense capital xa que era para os concellos de máis de 20.000 habitantes. Debo dicir  tamén, señor Pérez Jácome, que a presentación deste proxecto para nada é unha novidade agora. Se o proxecto presentouse en xaneiro do 16, pasaron, creo, creo, déronme o dato, eu non o comprobei, pero creo que pasaron como 18 plenos onde vostedes, por certo, vostedes, ningún dos tres Grupos, vostedes non se interesaron o máis mínimo por ningún detalle do proxecto, a min non me consta. Vostedes, iso si, non preguntaron, non suxeriron, non achegaron absolutamente nada e vostede, señor Pérez Jácome, con todos os respectos –iso si- repetiu unha e outra vez: *eso es un bluff*, palabra moi utilizada por vostede, recordará que a dixo moitas veces.

Polo tanto, á marxe de *chascarrillos* e de ocorrencias, máis o menos enxeñosas, orientadas ao que todos sabemos, e vostede tamén, quero dicir e quero que quede claro, o seguinte. Presentámonos a unha convocatoria en concorrencia competitiva –parece que se olvida-, en concorrencia competitiva e, sobre un aprobado en 50 puntos para que os proxectos puideran ser viables, acadamos 64,25 e que, consultado o proxecto recentemente fai aproximadamente un mes no Ministerio por técnicos desta Casa, quedamos a 0.50 puntos do corte dos proxectos finalmente aprobados. Esa é a realidade e esa é a concorrencia competitiva; non nos presentamos sós, os demais tamén puntúan. En todo caso, nós, e isto tamén quero que quede ben claro, seguimos pensando que o proxecto contén unha estratexia de gran valor para a cidade de Ourense e a súa área metropolitana. Temos moi claro que se fixo un bo traballo e, como tamén dixo ben claro o meu compañeiro, señor Araújo, no Concello, o partido aínda non rematou, repito, o partido aínda non rematou porque presentamos alegacións en tempo e forma e aí estamos, pelexando polo proxecto e nesa liña seguiremos no futuro inmediato. Outros, é evidente tamén, dedícanse a outros menesteres, especialmente, como eu digo moitas veces ao *barullo mediático* aínda que logo nos critican a nós de buscar esas artimañas. Quero dicirlles tamén, aos tres Grupos que me precederon na palabra, que hai alcaldes e concelleiros doutros concellos que forman parte do proxecto –por certo, de partidos que non son do PP- que nos teñen manifestado, clara e decididamente, o seu

apoio e nos teñen animado e nos seguen animando a seguir traballando para sacalo adiante. Iso é no que estamos. Confiamos decididamente no proxecto, quede claro, e cremos firmemente que sería, e espero que sexa, de gran transcendencia para Ourense e a súa área metropolitana. Polo tanto, con todos os respectos, señor Pérez Jácome, que sabe que llo teño, máis propostas en positivo para a provincia e menos *teatrillo*. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**: acaba diciendo Plácido esta frase: *más propuestas y menos teatrillo*; pero si es precisamente de lo que se trata. A vuestras propuestas le han dado un cero y todo el teatro que hacéis los cuatro años aquí no vale para nada. Estás resumiendo un poco lo que sois vosotros. Realmente con tu intervención me decepcionaste bastaste, porque esperaba más de ti, es que ¡Dios mío! por eso me reía. Me estaba riendo porque me las estabas poniendo, como se suele decir, a huevo. A ver, vamos a empezar, primero, me dices que pouco máis pedimos que se vaia para o Congo Belga, aquí o Pumar. O Pumar, se lle mantés a dedicación exclusiva e igual para onde o mandes, mentres lle manteñas aí a dedicación que ten.., e precisamente nós o que pedimos nese sentido estamos de acordo co que pide o BNG, con esa enmienda a viva voz, de que efectivamente, obviamente, pedimos que se le retire dedicación exclusiva porque es una persona que, teniendo una dedicación exclusiva aquí, en la que cobra en torno a 5.000 euros brutos todos los meses, a mayores cobra 1.500 euros por las asistencias que tiene en el Concello de Ourense. Entonces, una persona que ha demostrado que es un cero, lo ha demostrado Europa, se ha demostrado que es un cero, no debería tener, obviamente, esas competencias ni seguir cobrando eso. ¡Ojo! Se le pagó a la consultora esa 70.000 euros y este señor es también lo que está cobrando. Son 70.000 euros de la consultora más la dedicación exclusiva de este señor que es el responsable; con lo cual ya van 140.000 sólo por presentarlo. Que por cierto, hay consultoras que cobran a riesgo y ventura, como le gusta aquí al Baltar, como dicen en inglés *succeses fee*, es decir, te pago si triunfas, entonces, habría que pagar a la consultora esa si hubieran conseguido los resultados. La próxima vez haz eso, porque darlle 70.000 euros a uns tipos que nos fan perder 15 millóns de euros quédaseche cara de parvo, realmente. Decir, antes de ponerme ya con Plácido, que llevaba el nombre de *Conecta Orense*, a lo mejor el fallo fue que llevaba el nombre de *Conecta Orense* porque con la fama que tenemos aquí en Orense de los enchufes, al ver esto de *Conecta Orense* los tipos hilaron, dijeron: *¡ostras! Que queren enchufar alí a máis xente.* Por favor, la próxima vez no pongáis

nombres que inviten a la sospecha; entonces a lo mejor también pudo ser ese el tema.

Bueno, vamos ya con el tema. Dice el señor Plácido que nosotros somos agentes doble. Es distinto hombre, nosotros, Democracia Orensana es el mismo partido aquí y en el Concello de Orense; sin embargo el Partido Popular no es exactamente lo mismo aquí que en el Concello de Orense. El Concello de Orense es el títere de Baltar, es decir fíjate hasta que punto hay aquí incidencia que, cuando no le gustaba lo que estaba haciendo el concejal que es trabajador de la Diputación, Francisco, pues lo mandaron quitar. Entonces, realmente, esta persona influye allí de una forma que ya sabemos cómo, porque Baltar está muy contento con el alcalde, porque le interesa una persona que no haga nada porque así no le hace sombra. Le interesa dominar la provincia y tener estrangulado al concello de Orense y allí tiene a una persona que está controlando aquello que es Pumar; entonces Pumar está haciendo de agente doble. En la intrervención, entonces me eché a reir, es porque dice: *y entonces el Ayuntamiento de Orense que podía haber, podía haber, llevado este proyecto, es cuando se ofrecen a la Diputación*, no, fue al al revés que lo dijo, *la Diputación se ofrece*. Claro, si lo lleva el Concello de Orense, sólo es Concello de Orense pero para que también ciertos municipios, que no llegen a 20.000 habitantes, puedan beneficiarse de eso, entonces es la Diputación la que se ofrece a liderar este proyecto y presentarlo a la Unión Europea. Es cuando me reí, ¡oye! Maldito sexa o día en que te ofreciches, maldito sexa o día en que te ofreciches, joder, me entendes, si o fai o Concello solo igual consigue os 15 millóns de euros. Maldito sexa o día en que te ofreciches, para que queremos xente que nos bote unha man así, para iso bótala ao pescozo, home.

Cometes una serie de historias que a mí me encantan porque sabes que soy un admirador de las falacias y, las que todavía no están escritas, hay que acuñar unas nuevas. Has dicho unas que todavía tengo que ver dónde las encuadramos, que es la siguiente, has dicho: *en todo este proceso que durou varios meses, que durou 15 meses, ustedes no se interesaron nada, no se interesaron nada, preguntan ahora*. Y ¿por qué tenemos que interesarnos al minuto de este tema? Tú imagínate un tipo que suspende todas y le dice el padre al hijo: *oye, ¡suspendiches todas!* Ah, pero non preguntaches cada semana, non preguntaches cada semana. El hecho de que no preguntemos cada semana no significa que no sea una inepcia vuestra. ¿Qué tiene que ver?. Dijiste, además, que nosotros lo único que habíamos dicho es que esto era un *bluff*, e se che parece pouco, que acertamos. Solo llegáis a decir que esto es un *bluff*, el

proyecto, pero es que ahora no lo decimos nosotros, lo dijo Europa. Europa dice que esto es un *bluff*, nos da la razón. Utilizas el mismo argumento, debiste ver el vídeo, lo debiste ver en Auria por cierto, del Pleno del Concello de Orense porque utilizas los mismos argumentos. También dijeron: señor Jácome usted dijo que esto era un *bluff*. E ¡paréceche pouco que acertei! Es que Europa dice que es un *bluff*, ¡os dio cero millones de los 15 que pedíais, cero! Y, aún encima, utilizas también otra falacia: *nos quedamos a 0.50 del corte tal*. ¡Oye, que suspendiches todas! Ah, amiguito, pero en matemáticas quitei un 4.3, si quito un 4.8 y ya me aprueban. Eso no lo miras, que quité un 4.3. Estos son los argumentos macho, argumentos de mal pagador y argumento de persona que suspende. Oye, mira, una persona que suspende –y lo digo yo que en 1º de BUP, suspendí 10 asignaturas- tú puedes tener excusa en una, en dos, en tres, pero no en las 10, ¿entiendes?. Entonces, hombre, cuando de estas poblaciones: Vigo, Coruña, Pontevedra, Lugo, Santiago, Ferrol, Redondela, Ponteareas, Arteixo...¡hombre! es que no es una, mira todas las que nos pasaron por delante. Lo mejor de todo, es que también utilizas el mismo argumento que utilizan en el Ayuntamiento de Orense y dices: es que tú te olvidas que esto era en concurrencia competitiva, que teníamos que competir con otros. ¡Home claro! Donde hay competencia es donde se ve tu calidad, porque se xogas o partido solo na casa eres o mellor, me entendes. Eu, cando xogaba ao fútbol nos recreos, era o mellor, xogabamos 30,40; cando iamos xogar partidos oficiales –como eu non me sei colocar- non tocaba pelota, non tocaba pelota en todo o partido; dicía que pasa aquí. Cuando compites es cuando ves realmente quién eres. Ahora, jugando solo...hablando con La Región, haciendo portadas y viendo a Plenos y diciendo soy el mejor del mundo, ahí claro que eres el mejor del mundo; pero cuando tienes que competir con los demás, cuando tienes que competir con Vigo, Coruña, Pontevedra, Lugo, Santiago, Ferrol, Redondela y quedas de último, es donde se ve que eres el peor. ¿si no, cómo sabemos si eres el mejor o el peor? Hombre, diciéndolo tu solo: son o mellor, son o mellos...¡claro!. En concurrencia competitiva es donde se ve que eres un desatre; ahora, tú solo jugando, sí, eres el mejor. Éste hace como el cuento de *Blancanieves y los siete enanitos*, se levanta por la mañana, coge el espejo, *¿quién es el más listo dle reino? ¿quién es el que mejor hace las cosas de todo el mundo? ¿quién es e mejor gestor?* Y le dice el espejo, que en este caso es Pumar: *tú, Baltar, eres té el mejor gestor*. E cando ten que saír de aí e vai a concorrencia competitiva queda de último. Es igual que el cuento. Realmente, vivís en la inópia: *es que claro, quedamos de últimos porque teníamos que competir*. ¡es que si no

compites, no quedas de último! O sea, eu vou a unha carreira, oye Gonzalo quedaches de último na carreira. Sí, pero porque estaba compitiendo con otros, llego a competir solo ¡uy, si llego a competir solo! ¡uy, si compito solo la que armo aquí, la que armo aquí amigos! Es que yo realmente alucino con esta gente.

Dice Plácido: *temos claro que se fixo un bo traballo*. Tú, carallo, par el *Club de la Comedia.* Os acaban de dar cero, cero, y dices *temos claro que se fixo un bo traballo;* se se chega a facer malo ¿que pasaría entón? Habería aquí un terremoto, embárganos a ponte romana, aparecen aquí uns camións, os de COPASA, e lévana alí para onde están facendo o AVE na Meca. ¡Menos mal que se fixo un bo traballo! Eu quedo aluciando. Dice que tranquilo que hay más convocatorias, o sea , que suspenden junio, suspende septiembre ¡tranquilo, non pasa nada que aínda hai máis convocatorias! Lo de más convocatorias me suena al chiste aquel del tipo que decía: *mira, que me pegaron en el bar, aquel tío..¡ven conmigo, ven conmigo!* Va al tipo y le dice: *oye, ¿le pegaste a éste? ¿A que delante mía no te atreves a pegarle?*. Va el otro, le pega un hostión..*es que me cogiste despistado, ¿a que no le vuelves a pegar dealante mía?* Le pega otro hostión y le dice el amigo al otro: *vámonos, vámosnos que este te mata, vámonos de aquí.* Es la misma historia.

Nada más, decir que nosotros nos dedicacamos a otros menesteres como barullo mediático. Oye, estamos en la oposión lo único que podemos hacer es hablar. Esto me recuerda a otra falacia de Fraga, en un debate –era cuando empezaba a haber los debates mediáticos en televisión- y le dice Fraga a , creo que de aquellas era Presedo, ¿Presedo se habia prrsentado por el PSOE? Sí, creo que era Presedo y le dice en un debate Fraga a Presedo: *vostede siga falando que eu seguirei facendo*. ¡home claro! O outro non podía facer, que estaba na oposición, e a xente dicía, *¡que ben fala Fraga!* Como que que ben fala Fraga, non ten nin idea.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE**: grazas presidente. Evidente e palmario, é dicir, cando outras cidades –as sete grandes cidades galegas- acadan fondos para os seus proxectos incluídos nesta convocatoria, incluso concellos máis pequenos como ben dicía o señor Jácome, aínda que non menos importantes, pero si con menos orzamento,acadan financiamento para proxectos reais e proxectos concretos, a realidade palmaria é que aquí algo se está facendo mal. Somos a única capital das provincias galegas que quedamos a velas vir. Somos a provincia con peores datos demográficos e se seguimos suspendendo, señor Plácido,

unha convocatoria tras outra, mentres os demais nos collen vantaxe, nós seguiremos no furgón de cola. E seguiremos no furgón de cola por mor da súa falta de interese e pola súa neglixencia; mellor dito, tamén por encomendar os traballos a unha empresa moi rimbombante, dun nome de difícil pronunciación: PricewaterhouseCoopers, me parece que se di presidente, por nada menos que 70.785 euros, sen garantía de nada. Por certo, con algunha sentenza e condena por seis delitos contra a facenda pública en España. Unha pregunta ¿pediuse prezo a outra empresas sobre este tipo de traballos? ¿por que se contrata este tipo de estudos a prezo certo? As consultoras, señor presidente, tamén fan estudos con opción de pago segundo o montante acadado. Cando outros concellos, de menor entidade e orzamento que esta Deputación e o Concello de Ourense, acadan financiamento para os seus proxectos a través destes fondos, aquí alguén ten que cargar coa responsabilidade. Oiga, que son 15 millóns de euros, 2.495 millóns das antigas pesetas; é dicir, a quinta parte do orzamento total desta Casa. Polo tanto, o que se pide na moción é a responsabilidade política de quen non está a facer ben o seu traballo. De todos os xeito, como aínda quedan máis convocatorias e podemos repetir ou tripitir, señor Plácido, queda nas mans do presidente porque se esta Casa fora unha empresa, seguro que o señor Pumar xa non estaría no seu posto. Por certo, unha aclaración, xa que nos acusa á oposición de non facer nada, de non preguntar polo proxecto e demais, nós tamén lle aclaramos o seguinte: vostedes están pedindo Plenos extraordinarios para facer o mesmo e reprobar e pedir dimisións alí onde non gobernan e gobernan outros partidos. Polo tanto, responsabilidades as xustas. Vamos optar pola abstención. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas señor presidente. Está claro señor Pérez Jácome que a inexperiencia na xestión de goberno lévao a facer, e dígollo con todo o respecto, políticas barateiras e populistas, que teñen a súa rendibilidade política, claro que a ten, pero vostedes son o que son, iso, nin máis nin menos.

Dito isto, creo que está todo claro e, por suposto, xa sabemos tamén o que pretende cada quen, quedou aquí meridianamente claro con este tipo de propostas. En todo caso, eu quero agradecer en nome propio e do meu Grupo, como non podía ser doutro xeito, as xestións e o traballo do compañeiro e deputado Jorge Pumar, que por certo, vostede reducen as súas competencias que son amplas e difíciles moitas delas, a este tipo de cousa, o sea, á presentación dun proxecto que el o único que fixo foi coordinar reunións –por certo, con

alcaldes do Partido Socialista que parece que non opinan o mesmo que vostedes- , que colaborou activamente con eses alcaldes, cos sete alcaldes da área metropolitana da cidade en cuestións de especial relevancia, non só neste caso, senón para moitos outros. Quero recordarlle que, entre outros, iso no o citan, nós conseguimos que nos aprobara Europa outros tres proxectos europeos como son: o Raia Termal, cun investimento que ronda aos 2.7 millóns de euros; o Geres-Xurés dinámico de 1.972.000; e tamén o coñecido como Comunidade territorial de traballo Limia-Limia Cávado por case 600.000. En calquera caso, nós estamos aquí para gobernar, foi o que quixeron os cidadáns desta provincia; outros están onde están porque tamén o quixeron os cidadáns. Estamos para pensar en positivo e para traballar para os cidadáns de Ourense; para traer o máximo de recursos posibles e non estamos para perder o tempo, en ningún caso, en críticas personalistas, non é o noso estilo,eu xa o dixen máis veces. Repito, nós seguimos crendo neste proxecto, dígoo alto e claro, e seguiremos loitando para conquerir os máximos recursos para esta provincia, con este e con outros proxectos tamén.

Para rematar quixera destacar o seguinte, se non fora pola Deputación, repítoo unha vez máis señor Pérez Jácome, concellos como Amoeiro, Coles, Barbadás, Pereiro, Punxín, San Cibrao e Toén non poderían optar a este tipo de fondos; a Deputación para iso está e nós así o temos claro, para cooperar e colabora cos concellos; é a función, a competencia máis esencial das Deputacións e nós así o temos claro. Os alcaldes dos concellos participantes en dito proxecto estiveron , e seguen estando, enterados puntualmente de todos os pasos dados, por iso me sorprende algunha opinión dalgún compañeiro deputado da bancada de enfronte; por certo, a última reunión foi para dar conta das alegacións presentadas ante o Ministerio e os pasos a dar, estando todos, e digo todos, de acordo, os que son do PP e os que non son. En canto á consultora, que me sorprende señora Lama porque parece ser que no sé qué e o señor Rodríguez Suárez tamén, pois esta mesma consultora, da que vostedes parece que non teñen unha opinión positiva, foi a que coordinou e redactou os proxectos, que vostedes citan aquí para criticarnos nós, de Vigo, Lugo e Lalín, por exemplo, ¿que alí é moi boa e aquí é moi mala? O que pasa é que volvemos ao de sempre, depende de en que bancada estea un sentado. Quero dicir tamén, que quede claro, que é erróneo dicir que a Deputación perde –que o repiten ata a saciedade para manipular á opinión pública- que a Deputación perde 15 millóns de euros porque nunca os tivo. Sería tan demagóxico como dicir que gañamos 3 millóns de euros, xa que , como aquí se apuntou, serían os que tería que pór a Deputación para cofinanciar o

proxecto se fora, ou se resulta seleccionado; porque non esquezan que o proxecto completo é de 18 millóns de euros e que a Deputación tería que asumir a parte correspondente aos concellos que non son a capital e que o formulamos grazas, e tamén o digo outra vez, unha máis, ao excelente estado económico desta Institución, froito da planificación deste goberno e do traballo do persoal; tamén do señor Pumar ao que vostedes queren mandar para o Congo Belga, ou ¿iso díxeno eu? Creo que o dixen eu. Polo tanto, se resulta aprobado o proxecto, como así esperamos, ¿sería mérito da consultora ou non? Sería mérito da consultora, nós non teriamos nada que ver. Como nestes momentos ten problemas, os culpables somos nós; é dicir, aquilo que digo e xa fai tempo que non o repito: *palo si remas, palo si no remas*; pero vostedes están no seu guión da política, ou no *teatrillo*. Volvo a repetilo, en todo caso e en todo este tempo, dende xaneiro do ano 16, como xa dixen, non demostraron o máis mínimo interese por este proxecto e parece ser que non deben facelo. A oposición non está só para criticar e controlar o labor do Goberno, para iso tamén, pero para facer propostas tamén e brillan pola súa ausencia. Polo tanto o que dixen, máis traballo en positivo para a provincia e menos teatrillo mediático. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**: nada, que ha dicho el señor Plácido que queda todo claro, claro que está claro, aquí está el gráfico, mira el gráfico que claro está. El gráfico está clarisimo, Orense cero y los demás, 15,10, 10, 5.. el gráfico claro que está clarisimo. Dice que lle agradecen as xestións ao señor Pumar, ¡agradécelle, agradécelle!. Dice: *o único que fixo foi coordinar reunións*, ¡ah e agora fixo pouco! Se saíran as cousa, sairía nas fotos como o principal protagonista, agora resulta que fixo pouco. Só fixo coordinar as reunións. Oye, dice que si llega a salir bien el mérito sería de la consultora; no , vamos a ver, aquí hay un responsable, salga bien o salga mal tiene que haber un responsable. Si sale bien, ellos se echarían las flores; si sale mal, pues estamos pidiendo que deje su trabajo. Oye, tiene que haber responsabilidad, ¿me entiendes? Que es lo que se adquiere cuando uno es mayor de edad. Dice, además, que nosotros no hemos aportado nada, pero si vosotros tomasteis nuestra idea. En el proyecto ib una de nuestras ideas que es la de las escaleras, o el ascensor a la Cruz Alta, sin decirlo; o sea, decís que nuestras ideas son malas, os apropiáis de una, la metéis en el proyecto y después estos no aportan nada. no hace falta que aportemos, xa o roubades vós a nós as ideas.

Nada más, decir que después me hablas aquí de otras historias, de otras subvenciones,

es como el que suspende todas y dice: *ay, pero en taekwondo me dan ahora el cinturón azul. Suspendí todas pero en taekwondo me dan el cinturón azul*. ¡Oye mira!, estamos en esta competición, quedasteis últimos, hemos perdido 15 millones de euros.Ya para concluir decir que tu defensa en toda esta historia es que habéis conseguido, como decían algunos estudiantes, *papá he conseguido un suspenso alto*.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8).

**16º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLAN DE MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Vou por a exposición de motivos:

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado *Plan marco de mellora dos camiños rurais* para o período 2017-2018. Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de, aproximadamente, 16 millóns de euros para o período de dous anos, a distribuír entre os concellos do País.

A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza. Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de preto de 20 millóns de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60%. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galicia, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva

do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galicia amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijóo aceptou un notable recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galicia, que conta cunha dotación económica un 20% inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013. As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos illados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Nós, o que pedimos hoxe, como acordos neste Pleno, é:

1. *Instar ao Goberno Galego a:*
   *a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.*
   *b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos*
2. *Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.*

De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo a todos. O noso partido presentou xa fai bastantes meses unha moción na que se puña de manifesto a importancia dos camiños rurais por moitas razóns, por moitos conceptos, imos lembrar algunhas, quizais a máis en boga é que o bo estado dos camiños impide a proliferación de incendios forestais grandes –algo que se puxo de manifesto desgraciadamente no país veciño fai poucos días- , ao mesmo tempo que un bo estado dos camiños facilita a labor dos servizos de extinción cando se da o incendio; pero dende logo

esa non é a única razón, nin moito menos, para que os camiños do rural deban estar en boas condicións, está o acceso ás explotacións agropecuarias, se sempre estamos falando que temos un activo importante –desde o punto de vista económico- no agro ourensán, digo un activo potencial porque na realidade ao mellor está infrautilizado, pero ao mellor de cara ao futuro, ao mellor queira Deus metaforicamente falando, que iso sexa un activo económico importante para o futuro, pois o bo estado dos camiños para poder acceder a esas explotacións é fundamental. A importancia dos camiños como recurso turístico tamén está probada, temos un exemplo claro –salvando as distancias comparativas- no Camiño de Santiago. Os camiños non teñen porque chegar a ter ese grao de importancia, pero moitos camiños, a parte da súa funcionalidade directa á que me referín anteriormente, teñen unha importancia como recurso turístico que en moitos lugares son moi ben explotados: por estes camiños viñeron os exércitos de Napoleón no 1808, etc.. Tamén está a explotación dos camiños no ámbito deportivo -tamén pode estar ligado co anterior, cos recursos turístico- están moi de moda as andainas, están de moda incluso carreiras con bicicletas, cross, etc.

A importancia dos camiños rurais e da súa conservación, para nós, témola perfectamente clara, volvo a recordar que presentamos unha moción xa fai uns cantos meses; o que pasa que creo recordar que foi unha daquelas veces en que nos ausentamos do Pleno entón creo que votou en contra o Partido Popular illadamente. Pero, por todas esas razóns apuntadas, votaremos a favor desta moción do BNG. Grazas.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE**: grazas presidente. O 31 de maio publícase do DOG a resolución das axudas do Plan de mellora de camiños 2017-2018, na exposición de motivos desta Resolución fálasenos, entre outras cousas, de cuestión social, territorial, con infraestruturas que melloran as condicións de vida e traballo do medio rural; pero despois, atopámonos cunha redución drástica do orzamento, pasamos de 20 millóns no ano 2016 a 8 millóns para o ano 2017, unha redución do 60%. Con estes datos, o presidente da Xunta deixa claro que esta tampouco vai ser a tan nomeada lexislatura do rural. O que demostra, con esta diminución de fondos que se achega aos concellos, é o pouco interese deste goberno polo rural; ou tamén pode ocorrer que vostedes consideren que na actualidade os camiños do noso rural xa cumpren os requisitos de facilitar á accesibilidade, de que non son necesarias estas actuacións para a mellora da vida dos nosos veciños e veciñas, que non son necesarias estas melloras de infraestruturas; eu

penso que non é así. Eu vou recordarlles unha cousa, esta cantidade que o Goberno galego vén a recortar nesta programación é a única que recibimos moitos concellos para a mellora de infraestruturas públicas por parte do Goberno galego. E se vostedes non poden estar de acordo con esta moción, co corpo desta moción que presenta o BNG, vou ter que pensar que a moitos de vostedes a Xunta xa lle compensa o recorte por outra vía; e miren que non son mal pensada, pero mirando os datos de convenios de diferentes departamentos do Goberno galego cos concellos desta provincia, só ata finais de 2016 –porque non hai datos publicados no rexistro público de convenios, non hai máis datos publicados só ata novembro – mirando que na provincia de Ourense a Xunta de Galicia aprobou un total de 38 axudas para melloras en 22 concellos da provincia, ¿sabe quen goberna todos estes concellos? Ten un nexo en común, o Partido Popular. Pero estes datos tamén me demostraron que esta provincia é a gran discriminada do Goberno galego, miren vostedes: a provincia de Ourense, 5.200.000; provincia de Lugo, 16.200.000; provincia da Coruña, 16.100.000; provincia de Pontevedra, máis de 8.500. Isto o que deixa claro é que temos que reclamar máis inversión para Ourense do Goberno galego, porque, ata o de agora, o que fai aquí o goberno galego é propaganda. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas presidente. Permítame un apunte, eu son dos que me gusta respectar estritamente a orde do día, pero unha simple aclaración aos voceiros que me antecederon antes na palabra, falando da concorrencia competitiva que creo que non se ten aquí moi claro. Os que temos responsabilidade nos concello sabémolo perfectamente, e aquí hainos, por iso nótase cando fala un ou outro. A maioría das subvencións da Xunta de Galicia, ás que se acaba de facer agora referencia, son por concorrencia competitiva e hai uns criterios de baremación, máis ou menos obxectivos, permítanme que o diga así. Se todos eses concellos onde os alcaldes ou concelleiros xestionan ese tipo de subvencións e segundo vostedes suspenden, como din vostedes, non quedarían nin alcaldes nin concelleiros nesta provincia e algúns que están aquí saberano e daranme a razón; porque nunca se chea ao corte ou da subvención que pides, acábanche dando o 30 o 10, de todo haino. Polo tanto, volvamos ao de sempre: política seria.

Cinguíndonos á orde do día, anúnciolle señor Rodríguez Suárez, e aos demais Grupos tamén, que imos a votar a favor desta moción. Ímolo facer á marxe de moitas

consideracións que se fan na exposición de motivos da moción que, dito con todos os respectos, son a mesma cantinela de sempre. Pero imos ao fundamental que son as propostas de acordo e polo tanto ímolas votar a favor. Dito isto, permítame que diga o seguinte, ao contrario do que se di na exposición de motivos, o medio rural é claramente unha prioridade para o goberno da Xunta de Galicia e, por suposto, para o goberno desta Deputación Provincial. Un dos obxectivos primordiais da Xunta de Galicia, e así o manifestou o presidente Feijóo en todos os foros, é a fixación da poboación no rural, empeño no que creo que estamos todos, aínda que uns máis ca outros. O rural precisa de actuacións que xeren crecemento económico e melloren calidade de vida, sempre tendo en conta criterios de protección ambiental; debemos, polo tanto, afondar en políticas que axuden ao desenvolvemento rural e permitan fixar –cando non recuperar- poboación no mesmo.

Por este motivo, quero recordarlles, que a Xunta de Galicia ten elaborado un Plan de fixación de poboación no medio rural cunha dotación orzamentaria de preto dos 231 millóns de euros que, ao redor de seis eixos, abordan retos como os seguintes: procurar a cohesión territorial mantendo a poboación; apoiar as actividades socio-económicas no rural a través da explotación de recursos endóxenos (agro gandeira, silvícola forestal) e de promover novos modelos de negocio que falta fai; acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e, sobre todo, crear emprego no rural porque será a maneira máis importante sen dúbida, se non é a única, de fixar poboación no rural. Por todo isto, articúlase o Plan ao que me refiro en seis eixos ao redor dos cales xa comezaron a actuar as distintas consellerías da Xunta de Galicia. O primeiro deles refírese á cohesión territorial por un importe de 72 millóns de euros co que se pretende acadar, a través de medidas como a mellora da rede viaria rural para acadar a accesibilidade a fincas e explotacións agroforestais, así como aos núcleos de poboación co obxectivo de intervir nuns 650 km no rural os vindeiros dous anos. Fundamental é tamén, e referireime despois ao mesmo tema, a reestruturación da propiedade coa intención de facer máis competitivas as explotacións agrarias, incrementando a súa rendibilidade grazas ao abaratamento dos custes, neste sentido a Consellería de Medio Rural ten como meta, non só rematar os 130 procesos abertos ao fin desta lexislatura, senón tamén a acometer unha media de 5.000 hectáreas anuais de novos procesos. O segundo eixo referirase, ou refírese, á innovación e

formación con máis de 10 millóns de euros. O terceiro, á agricultura sostible con 35,5 millóns. O cuarto, á mellora da competitividade con 41 millóns de euros. O quinto, a remuda xeracional con 65 millóns de euros e o sexto, ao fomento da cooperación con 7 millóns de euros. Polo tanto, estes son datos e non propaganda.

Sobre a convocatoria do Plan marco de camiños, ao que nos referimos, do ano 17-18, teño que dicir o seguinte: para nós as infraestruturas no rural galego son unha necesidade de primeiro nivel na mellora da calidade de vida das súas xentes. Unhas boas infraestruturas rurais son fundamentais para a mellora da competitividade das nosas explotacións agro-gandeiras e, igualmente, para a realización de tarefas asociadas á vida diaria no rural. A aposta por mellorar os camiños por parte do Partido Popular, e polo tanto da Xunta de Galicia, e como non, desta Deputación, non se pode poñer en dúbida xa que este é o cuarto Plan que saca neste eido despois dos existentes nas bianualidades 2013-2014, 2014-2015, a anual de 2016 -á que tanto se refiren vostedes- que puxeron en liza case 60 millóns de euros. O Plan marco do ano 13-14 foron case 14 millóns de euros; o do 14-15, 25,5 –por certo, este foi co-financiado pola Deputación Provincial-; e no ano 16, 20 millóns de euros. O Plan de camiños xestionouse no ano 16 a través, teño que destacar este punto, da chamada ou coñecida medida 4.3 destinada a infraestruturas rurais que a día de hoxe está case practicamente esgotada; por iso para o a no 17, a Consellería, e a Xunta de Galicia en conxunto, decidiu centrar o esforzo inversor do FEADER e seguir avanzando nas concentracións parcelarias vivas, ás que antes apuntaba, que tamén se financian a través desta medida, polo que para seguir mellorando as nosas infraestruturas rurais e manter este Plan a Consellería de Medio Rural sortearao a través de fondos propios, como dixen antes. De momento nada máis, moita grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para contestar. Nós entendemos que, como se dixo aquí, se a política de fixación do rural que leva a diante o señor Feijóo determina que a día de hoxe cada vez haxa máis pobos abandonados –temos que lembrar máis de 300 na provincia-, que as xestas e os xabarís entren nas casas, se a aposta de fixación e a aposta polo medio rural, que Deus nos colla confesados. En todo caso, nós entendemos que a forma de priorizar e a forma de apostar realmente é con investimentos e con inxección económica para facer obras, neste caso entendemos obras que son fundamentais para a mellora da

competitividade e a mellora de condicións de vida e de implantación dos nosos agricultores, das nosas empresas, etc.. como é tendo uns camiños en condicións para poder achegarse e acceder ás explotacións e acceder aos pobos, e aí non vemos esa aposta; polo que, como dixen e como aparece na exposición de motivos, para o período 2017-2018 o investimento é de preto de 16 millóns de euros, cando nese mesmo Plan, só no exercicio 2016, o investimento chegaba aos 20 millóns de euros. Aí é realmente onde se notan as prioridades e é onde se notan as apostas. En todo caso, tamén dicir que agradecemos neste caso o seu voto a favor, o voto a favor para esta iniciativa do BNG, entendo que de todos aínda que por parte de PSOE creo que aínda non manifestaron a súa postura, porque neste caso penso que si están actuando vostedes como representantes da provincia de Ourense e dos seus intereses, e en todo caso esperar, agardar que se faga a máxima presión posible onde se ten que facer, que neste caso é diante da Consellería e do Goberno de Feijóo e diante da Xunta de Galicia para que os acordos que hoxe imos a aprobar realmente non se queden nunha boa intención, nunhas letras, nunhas frases escritas sobre o papel, senón que realmente teñan un reflexo na realidade. Nada máis de momento e moitas grazas.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE**: unha aclaración que antes dixo. Eu, señor Plácido, considérome unha persoa bastante seria e coherente con responsabilidade; do que falei antes foi de convenios, convenios de diferentes departamentos do Goberno galego cos concellos da nosa provincia; non falei de concorrencia competitiva, falei de convenios. Outra cousa, todo o relatorio que nos dixo está moi ben, pero ten que coincidir comigo que esta provincia está a esmorecer e considero que en algo se está equivocando o Goberno galego pola aposta das medidas que fai para o rural. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**: grazas señor presidente. Eu non me refería a vostede precisamente no da concorrencia competitiva, senón a algo que se apostillou no anterior punto da orde do día, que creo que o citei; en todo caso, entendín perfectamente que os convenios son os convenios e punto. Existiron sempre, vostede sábeo, o que pasa é que vostedes tiveron menos anos de goberno, pero cando estiveron tamén ensináronnos a facer certas cousas.

Dito isto, e brevemente, quero deixar claro que dende a Xunta estase a realizar un importante aposta e esforzo por manter este Plan, o Plan marco de camiños, pero os fondos

son os que son, señor Rodríguez Suárez, ou os destinamos a unha cousa, como lle dixen das concentracións parcelarias, de 130 procesos abertos haberá que remalos algunha vez e para iso hai que dotar de fondos e o Fondo tamén ten os fondos -valla a redundancia- que ten e haberá que os priorizar, e aí está a responsabilidade de goberno. Nós entendémolo sun xeito, vostedes, vostedes, no seu momento entendérono de outro e cando fixeron aquelas *artistadas*, permítaseme a palabra, de cerrar montes comunais, etc, etc.. e logo alugalos, non sei cantas hectáreas por 83 euros ao mes; xa llo puxen de exemplo, vólvollo poñer cando vostede queira. Si ese é o futuro do rural galego, que veña Dios e que nos colla confesados. Como digo, incrementáronse notablemente os fondos propios nos últimos anos –referíndome ao Plan marco de camiños- no ano 16 o Plan marco foi co-financiado con 3.8 millóns de euros de fondos propios, no ano 17 destináronse, ou destínase, 8 millóns de euros que serán outros 8 no ano 18; o que quere dicir que, este ano e o vindeiro, o 100% de fondos propios da Xunta. Debo destacar tamén que, a excepción do ano 16, todos os plans de melloras de camiño fixéronse de xeito bianual, xa que deste xeito os concellos poden facer as súas adxudicacións e obras e, sobre todo, a consecución dos permisos necesarios –que os que temos responsabilidade de goberno, sabémolo- cando temos que pedir autorizacións preceptivas ante organismos como pode ser Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica e, como non, a Dirección Xeral de Patrimonio que saben que son latosos e tardíos, lamentablemente. Quérese facilitar, por tanto, a xestión aos concellos que incluso poden solicitar o anticipo da anualidade. Polo tanto, na convocatoria do Plan de mellora de camiños de titularidade municipal, ao que nos estamos referindo, 2017-2018, novamente todos os concellos de Galicia poden ser beneficiarios das axudas previstas no citado documento que tramitarán en réxime de concesión directa. A solicitude deste Plan de camiños é a instancia do propio concello, como non podería ser doutro xeito, dentro do prazo establecido; por certo, dato curioso, señor Rodríguez Suárez, algúns concellos na convocatoria pasada non presentaron a solicitude, ou presentárona fóra de prazo, e vou a poñer tres exemplos, digo por si queren presentar alí, como o señor Jácome e o señor Ojea non teñen representación, por si algún dos outros Grupos lle quere facer o favor de presentar tamén unha moción pedindo a dimisión dos señores alcaldes, porque Castrelo de Miño, Allariz ou Craballo non presentaron a solicitude no Plan marco do ano pasado.

Para rematar, debo aclarar tamén que o importe máximo das axudas que pode corresponder a cada un dos 312 concellos vén determinado pola aplicación duns parámetros obxectivos, discutibles como case todo, previamente consensuados -tamén quede claro- coa FEGAMP, onde estamos todos, mellor ou peor representados, pero estamos todos e por certo, exercen vostedes a presidencia. Digo que eses criterios veñen determinados pola poboación, superficie, grao de despoboamento, grao de envellecemento e nivel de agrariedade de cada concello. ¿Están ben, están mal? Para iso estamos nós e os nosos representantes, mudémolos se é preciso. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moi brevemente, simplemente dicir, señor presidente, que efectivamente concordamos co portavoz do Partido Popular en que os recursos son limitados e hai que decidir a onde van e a onde non van; pero tamén dicimos que os recursos son limitados, pero son por parte da Xunta son cuantiosos porque cartos hai. Normalmente o problema soemos telo á hora de definir as prioridades políticas. Eu penso, e para non entrar moito e que tampouco me acusen de demagoxia, que se ao mellor as prioridades políticas foran outras, se dedicaran  recursos que existen e que se dedican a propaganda, autobombo, á apoiar medios de comunicación, etc, etc..ao mellor si poderían saír eses recursos para botar Plans como este que si teñen un interese real para o País, que si que teñen incidencia na nosa base produtiva e na vida dos nosos veciños e que, neste caso, vénse minguados cando vemos que outras partidas, como lle acabo de dicir, se manteñen, cando non se incrementan, e que son, como lle digo, consecuencia das prioridades políticas que ás veces por parte do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, non son –aínda que despois nolo pregoen, nolo reiteren e nolo anuncien, nos insistan en que a prioridade do rural, todo ese relatorio de Plans que nos fixo vostede- vemos que ao final a realidade é a que é, é teimuda como en outros puntos que levamos tratado no día de hoxe, vemos que ao final vostedes suspenden tamén no medio rural. Como digo, si recursos limitado, pero non limitados cando estamos falando destas cousas en concreto porque para outras partidas que vostedes lle son máis beneficiosas dende outros puntos de vista, pois parece que aí non hai tanta limitación dos recursos, ou polo menos os recursos existen. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 16

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.

b) Dotar o dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

**17º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLAN DE TRANSPORTE DA XUNTA DE GALICIA.-**

O Sr. presidente manifesta que tal e como se tratou na Xunta de Portavoces o debate deste punto será conxunto co do seguinte, aínda que a votación será por separado, e di que os dous grupos (BNG e Grupo Socialista) disporán dunha quenda de peche cada un.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Vou ir á exposición de motivos, intentarei abreviar ou saltarme algunhas partes porque é bastante longa e para non cansalos excesivamente. En todo caso, como xa dixen tamén o outro día na Comisión Informativa, é un asunto de candente actualidade; dende o outro día ata hoxe segue exactamente nas mesmas circunstancias ou moi parecidas, e segue a candente actualidade. Vou ir directamente á exposición de motivos.

En marzo do ano 2016 o Tribunal Supremo anulaba as concesións de transporte público aprobadas pola Xunta en 2010. A razón da anulación foi que a decisión da Xunta ía en contra da normativa europea que prohibe contratos de concesión por máis de 10 anos. Naquela altura, comezos de 2010, a Xunta ampliou as concesións por de 10 anos, tanto no caso do transporte escolar como nas liñas de transporte regular. Era unha situación que se vía vir, mais a Xunta deixou pasar o tempo sen facer nada. Foron 6 anos perdidos, nos que houbo a posibilidade de traballar nun plan alternativo e o Partido Popular preferiu deixar pasar o tempo e agardar acontecementos. Como consecuencia desa sentenza chegaron as présas e as improvisacións:

- En xullo de 2016 o Goberno galego aproba a Lei de medidas urxentes para a

actualización do sistema de transporte público de Galicia. En virtude desta Lei, as empresas renunciaron a aproximadamente ao 50% dos contratos de transporte público. Temos que dicir que, destas renuncias, o maior número delas producíronse en Lugo e Ourense.

- En marzo de 2017, vía Lei de acompañamento dos orzamentos, aprobáronse as normas para a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. De novo a improvisación, pola que se refixo e completou a lei que só levaba 6 meses en vigor. Esta norma aprobada vía lei de orzamentos tiña dous obxectivos:

a) Regular o procedemento de contratación das concesións ás que houbo renuncias, para que poidan estar adxudicadas antes de agosto de 2017.

b) Darlle cobertura á integración do transporte escolar e ao transporte regular de liñas concesionadas.

c) Tamén se inclúe a idea de desenvolver experiencias piloto de transporte a demanda,coa finalidade de gañar tempo para facer fronte a unha situación que se tiña que ter afrontado moito antes.

En realidade neses momentos está nunha primeira fase de parcheo, de provisionalidade, de experimentación. Para esta primeira fase de parcheo, a Xunta contratou os estudos zonais a empresas consultoras, por unha cantidade de 850.000 euros. Foron varios contratos con varias empresas, que fixeron estudos e propostas por zonas. Debido ás présas - mes de agosto como data límite para substituír as concesións renunciadas-, o proceso foi precipitado, escurantista e moi pouco participativo.

Estamos diante un tema de grande transcendencia, como se leva observando xa dixen antes nestas últimas semanas, que se está xestionando desde a Xunta do Partido Popular con unha absoluta falta de información. As présas e a precipitación non permitiron levar a cabo un proceso transparente e participativo. Os concellos non tiveron coñecemento da proposta final, que foi comunicada a través da prensa e do DOG. O lóxico sería que puidesen formular alegacións e achegas antes da presentación pública. Non se consultaron representantes de asociacións veciñais, consumidores, ANPAS, etc.. O proxecto non foi presentado polo Goberno no Parlamento. As veces que se debateu foi por iniciativa do BNG e doutros grupos da oposición. Os cambios no sistema de transporte público xeran preocupación e alarma en moitos dos sectores implicados: empresas, traballadores e traballadoras, comunidade escolar,

concellos, asociacións veciñais..

Os cambios no sistema de transporte van ter un forte impacto no tecido económico e no emprego. Terán como consecuencia un forte proceso de concentración no sector, que vai favorecer as grandes empresas, sobre todos foráneas. Ademais, as condicións económicas dos novos contratos van supoñer o empeoramento das condicións laborais e salariais, fálase da perda duns 1.000 postos de traballo. O actual sistema de liñas é consecuencia das políticas da dereita que foron facendo concesións con criterios clientelares. É un sistema obsoleto, que tiña que ter sido cambiado fai tempo mais o goberno de Feijoo optou desde 2010 por ocultar o problema e non facer nada. Nós consideramos que o transporte público por estrada é un servizo fundamental para a mobilidade en amplas zonas do país. Neste sentido, o novo Plan de Transporte Público debe ser obxecto dun amplo proceso de debate, participación e acordo institucional e social.

En virtude de todo isto, nós presentamos os seguintes acordos:

1. *Instar á Xunta de Galicia a:*
   - *a) A creación dunha mesa de diálogo e participación institucional coa implicación da Administración autonómica, as Deputacións provinciais e os Concellos.*
   - *b) A creación dunha mesa de diálogo e participación social na que teñan cabida cando menos: as organizacións sindicais representativas de traballadores e traballadoras do sector, as asociacións representativas das empresas do sector, as entidades representativas das asociacións veciñais e de consumo, as ANPAS e outras entidades representativas da comunidade escolar*
   - *c) A aprobación polo Parlamento da proposta de Plan de Transporte Público, unha vez sometido a un amplo proceso de debate e participación social e institucional.*
   - *d) A paralización da chamada primeira fase do Plan e a suspensión da tramitación dos corenta e dous anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada.*

De momento nada máis, moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: moitas grazas señor presidente. Para non reiterar os datos xa expostos aquí e que están nas mocións, vou variar un pouco o plan previsto. A verdade é que este Plan, a parte de ser unha oportunidade

perdida, está sendo un desastre, dende o Plan en si mesmo, ata á súa tramitación. Isto non só o dicimos nós, tres das catro Federacións de transporte –as tres máis maioritarias- póñeno por escrito, tamén todas as organizacións sindicais e numerosos alcaldes de diferentes forzas políticas. Desleixo, incompetencia, falta de diálogo, improvisación é o que se leva escoitado nestes meses. Nada bo para algo tan esencial para a mobilidade, e por ende, para o mantemento de poboación no noso rural. Este Plan non serve para facilitar a mobilidade do rural, máis alá de que se integre en rutas de transporte escolar; algo que non é novo, posto que xa existía os *tes+bus* en Asturias, algo que se leva facendo xa hai tempo con éxito, e se puña en marcha, como novidade, o transporte a demanda. E non serve, porque non hai máis que baixar ao detalle nas rutas, pagáronselle a varias consultoras, algunhas vinculadas a asesores da propia Consellería, cantidades enormes de diñeiro para elabora un plan, supoño que en condicións, e non un corta e pega do xa existente. O existente, o que había ata agora, non serve porque a situación do rural mudou e con elo as necesidades de mobilidade e polo tanto dicimos nós que este Plan, e o cualificamos,como unha oportunidade perdida. Tempo houbo desde que Europa dixo o que dixo e desde que sabiamos que tiñamos que mudar o modelo. Claro que a conselleira non tardou en buscar a quen atribuírlle culpas e responsabilidade que non son máis ca froito do seu deixamento, pasotismo, improvisación, falta de visión política e de non baixarse á realidade. Tentou botarlle a culpa aos alcaldes e alcaldesas por non responderlle a unha enquisa para obter datos que xa tiñan que estar a disposición da propia Consellería; despois ás empresas de transporte e aos sindicatos; e por último, meténdolle o medo á poboación. Só lle falta recorrera aos *sursum corda*. *Y si no se aprueba el plan a partir de agosto no tendremos transporte en toda la provincia de Orense y prácticamente en toda la de Lugo y más de 500 conductores se irán a la calle*. Se isto sucede, son palabras da conselleira, quen se ten que ir á rúa é ela e, se non o fai, debe de ser cesada de xeito inmediato por incompetencia manifesta. Todas as decisións que foi tomando foron tardías e improvisadas, cando non ilegais, como mesmo afirma a sentenza do supremo.

Sendo o proceso así, o certo é que a problemática persiste e esta provincia é unha das máis afectadas. Por iso pedimos que esta Deputación faga gala da súa ourensanía e se implique para facer un bo Plan nesta provincia de cara ao 2019. É por isto porque lle propomos a este Plenario as seguintes propostas de acordo:

*1ª. Demandar a implicación técnica da Deputación de Ourense para a mellora dos*

*servizos definitivos do Plan de transporte público de Galicia que deberán entrar en vigor no ano 2019.*

*2ª. Crear mesas de diálogo nas que participen todos os concellos da provincia de Ourense, agrupados por Comarcas, e nas que a Deputación coordine a elaboración dun programa de necesidades de mobilidade inter e intra comarcal da provincia para o novo Plan de transporte público de Galicia.*

*3ª. Dar traslado dos programas de transporte a todos os departamentos da Xunta de Galicia implicados na elaboración do Plan de transporte público e tamén á Comisión de coordinación para a supervisión da integración dos diferentes servizos de transporte prevista na Lei 2/2017.*

Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo do Partido Popular**: bo día a todos e a todas. Grazas señor presidente por permitirme intervir en algo que é a miña paixón; aínda que lamentablemente despois de que cheguei ao meu concello no ano 83 teño que dicir tomamos moitas decisións pero non dependía soamente de nós, dependía de moitas cousas.

Levo loitando, levamos loitando quero pensar que todos os que vivimos nos concellos rurais, por un transporte axeitado; evidentemente, ata o día de hoxe aínda non se conqueriu. Eu confío en que esta oportunidade, a pesar das dificultades e a pesar de moitas cousas, confío en que ao final o rural teña un transporte como merece calquera cidadán, viva onde viva.

Somos conscientes das dificultades de implementar un servizo de transporte de viaxeiros que dea resposta axeitada ás persoas que viven no rural; para logralo é necesario poñer por riba doutros intereses, tamén lexítimos, o interese xeral. Tamén é certo e imprescindible, profundizar na análise profunda dunha realidade tremendamente complexa da que estamos a falar, na que o diálogo construtivo e o consenso teñen que marcar o rumbo. O noso compromiso é traballar para lograr que os veciños das vilas, do rural dispoñan dun servizo básico, fundamental, que a día de hoxe só na cidade é axeitado. Así se reflicte no Plan de mandato 15-19 e así vimos demandando das administracións autonómicas e estatais. Teño que lembrarlles, e lamento ter que facelo, que cando aquí –a min sorprendeume- sometemos a votación unha modificación de crédito para destinar 200.000 euros á posta en marcha do Plan de transporte metropolitano, lamentei que o voto de vostedes fora en contra.

A conselleira de infraestruturas vén apelando ao diálogo e a colaboración como base

para sacar adiante o Plan con todas as melloras posibles. No referente a que os escolares e outros viaxeiros compartan bus, non é doado entender a controversia, todo o contrario, no transporte urbano viaxan nenas, nenos e outras persoas sen xurdir ningún problema de convivencia, ¿ou é que as persoas que viven no rural son distintas? Noutras comunidades, como ben dicía o señor portavoz do Partido Socialista, vén funcionando con normalidade, sirva como referencia o Principado de Asturias onde se implentou no ano 2009 cunha boa acollida na que saíron beneficiados todos, todos, onde viaxan nenos, nenas, persoas maiores, alumnos de distintas cousas. E polo tanto, iso é cara onde temos que ir.

Os Grupos que presentaron as mocións quero pensar que o que lles preocupa é o interese xeral, por riba do de oportunidade política. Quixera lembrarlles no referente ao transporte metropolitano de Ourense - que é o que mellor coñezo, aínda que son do rural- que tamén afecta, ¡e de que maneira!, a persoas que viven no rural e que é transcendental para o desenvolvemento de Ourense e dos concellos do entorno que suman 125 mil habitantes. Teño que dicir que aquí son beneficiados todos, non é que sexamos beneficiados os do rural , que é unha teima que xa levo escoitado durante moitos anos. Neste momento, ao Concello de Pereiro –póñoo o exemplo- van todos os días 1.500 persoas a traballar, o 90% de Ourense cidade; o mesmo ocorre co Concello de San Cibrao das Viñas, ao complexo de Monterrei van ao ano máis dun millón de persoas, ¿de onde son? O 90% de Ourense. Entón, esa teima de dicir os beneficiados. Eu digo que os beneficiados somos todos e cito o meu concello como exemplo e podería citar o de Coles, o de Amoeiro, ou outro calquera.

Teño que dicirlles, cando tiveron responsabilidades de goberno non apostaron pola súa posta en marcha, dando as costas ás demandas dos veciños e das veciñas; máis ben todo o contrario, non puxeron máis que paus nas rodas, así o demostran os feitos, mentres os sete concellos da área metropolitana apoiaron a posta en marcha do servizo, sen ningún problema, botémonos a andar, no concello de Ourense –onde co-gobernaban vostedes, digo nas lexislaturas anteriores – nunca o fixeron e na actualidade, paréceme a min, seguen na mesma postura, tendo que ser aprobado en Xunta de Goberno. Non teño máis que dicir que o lamento moitísimo que  non apoien o Plan de Transporte Metropolitano, créanme que llo digo de corazón. Neste caso, ¿non consideran o transporte público como un servizo fundamental para a mobilidade da veciñanza e para mellorar o benestar,  o emprego e a economía tanto das empresa do transporte como de todos os demais?. Tampouco abriron un amplo debate con

sindicatos e empresarios do sector, nin doutros, nin tiveron en conta á opinión das asociacións de veciños, nin o clamor dos máis afectados, limitándose a dicir: non. ¿Que cambiou agora para reclamar no escenario actual mesas nas que participen todos? Teño que dicirlles que os verdadeiros protagonistas, que non son outros que as veciñas e os veciños con independencia do lugar de residencia e da súa idade, a música non lle soa mal. Sigamos traballando. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas presidente. Primeiro de nada aclarar, porque se fai esa referencia por parte do portavoz do Partido Popular ao transporte metropolitano, dicir que o grande problema que houbo para o transporte metropolitano foi o intercambiador da Alameda, teño que lembrarlle un informe da policía local que dicía, clarisimamente, que ese intercambiador tal e como estaba exposto provocaría un caos de tráfico que sería en absoluto asumible; e tamén lle teño que lembrar que foi o noso Grupo, o BNG, o que impulsou este Plan. En todo caso, ese é un aspecto moi concreto do que temos agora mesmo sobre a mesa e eu volvo a reiterar, para non alargarme moito, os argumentos, porque non se contestaron, aos que se facía na exposición de motivos, estamos vendo estes días cal é a repercusión que ten o Plan da conselleira, estase facendo con improvisación, con présas. Tiveron seis anos, eu xa o dixen na miña primeira intervención, para deseñar un Plan de transporte consenduado cos sectores que se lle presentara con tempo e perderon vostedes todo ese tempo. Agora mesmo temos un Plan enriba da mesa que va entrar en vigor, en teoría, en funcionamento de xeito practicamente inmediato e que está contestado, absolutamente, por todos os sectores implicados. O propio señor Feijóo sorprendíase estes días da unanimidade en canto á resposta tanto das empresas, como dos propios traballadores. Nós o que pedimos é que o Plan se faga con participación de todos os implicados –son os acordos que nós levamos-, que se informe e se teña en conta ao sector, ou ás ANPAS, a todos os afectados e que salga un Plan que sexa un Plan bo e que serva para artellar o transporte metropolitano no noso País. A conselleira, polo que vemos estes días polas declaracións, logo de reunirse, etc.., non está moi polo labor de *baixarse da burra,* de chegar a acordos e de abrir esa mesa de diálogo para conseguir un Plan axeitado. De momento nada máis , moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: moitas grazas señor presidente. Señor Doval, non me cabe dúbida ningunha que si vostede fose o responsable de transportes da Consellería, a acordos teriamos chegado ou non, pero dende

logo diálogo tería habido. Ninguén está en contra da integración do transporte escolar, polo menos nós non. Nós, cando se gobernou, púxose en marcha ese experimento do *tes+bus* que funcionou razoablemente ben; paréceme ben aproveitar esas sinerxías, do transporte demanda tampouco, pero o que pasa co Plan é que non resiste unha lectura polo miúdo, baixando á realidade. Eu mireino na miña comarca e no meu concello. Pero voulle a dicir máis, isto leo, non o digo eu, dio a propia Patronal, as tres patronais din: *o Plan é unha innumerable sucesión de desatinos, fluxos de tráfico orientados en sentido contrario, horarios imposibles, percorridos por estradas que non permiten vehículos máis grandes que un turismo, servizos e equipamentos desaparecidos, rutas irracionais, colexios sen parada, chegadas a centros educativos con previsión de notables retrasos. O Plan é un desastre*. Isto saíu nos medios de comunicación, pero é que é certo, se imos ao miúdo e vemos en detalle pasa iso. Non ten sentido que no meu concello se manteñan liñas que non dan servizo ningún e que non achegan á xente cara onde ten que desprazarse, cara ao concello e o centro de saúde, non serve e iso é así. Entón, xa sen entrar en como foi tramitado o Plan, un Plan destas características e con esta implicación non pode ser tramitado desta maneira, de costas á cidadanía. Por iso, a nós, este Plan non nos serve. Nós entendemos, tamén, que é o momento, que esta Deputación faga gala da súa Ourensanía e se implique na redacción deste Plan que está mal. Estamos vendo como continuamente péchanse servizos no rural, que si as oficinas bancarias saíron aquí, que si correos, que si rexistros da propiedade, etc, etc, etc.. Este é un tema esencial, o da mobilidade, sobre todo da xente maior no rural, para manter esa poboación ¿que pedimos nós? Algo moi sinxelo: a implicación técnica desta Deputación, nada máis. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo do Partido Popular**: lamento ter que dicirlle que ese non foi o único problema, lamento dicirlle ao señor portavoz do Bloque, lamento dicirlle que vostedes recorreron á policía local ou a quen fixera falta par non ter valentía política, non sei si é que non estaban de acordo os dous Grupos ou que é o que pasaba; pero mire, doutra cousa poderame falar ou darme clases, do tema este non porque o levo vivido en primeira persoa, levo defendido os intereses non só do meu concello, senón das persoas que viven no rural. Esa é a escusa, o verdadeiro problema non estaba aí, o verdadeiro problema era a falta de vontade política e a falta de decisión política de poñer en marcha o Plan de Transporte que tivera mellorado a todos os cidadáns que viven na provincia, digo na provincia porque melloraríamos como provincia, mellorarían todos os cidadáns e no entorno, nos concellos

porque sería unha mellora social para todos; o que pasa é que ás veces, xa que vostedes falan de valentía, hai que demostrala con feitos e non aquí. Xa lle digo, recorrer a que era polo tema do casos..oiga, propuxémoslle que se puxera en marcha par corrixilo, ¿vostede cre que se pode dicir que non se implementou o Plan de Transporte Metropolitano na cidade de Ourense e na área metropolitana porque había un caos tras Alameda? ¿a vostede parécelle que iso é defendible, aquí, ante toda a provincia ou ante os cidadáns de Ourense ou dos concellos limítrofes? ¡por favor! Cando non lle pide a uns técnicos cousas, pídelle para que os resolvan non para que os creen. Entón, ¿cal é a solución? Unha alternativa distinta, pero non o fixeron. Os concellos do entorno da cidade, manifestamos que probábamos e que aceptábamos calquera cousa, na Alameda ou non na Alameda; así que non recorran a iso. Laméntoo. Algunha vez estivo o señor alcalde de Ourense e eu persoalmente díxenlle si el apostaba realmente polo transporte metropolitano e alí díxoo, despois deixou de ser alcalde e non sei cal era a súa vontade. Eu aos feitos me remito, vostede repósteme se votaron a favor do Plan do Transporte Metropolitano ¿si ou non? Agora vostedes non están no concello os que están agora non sei o porqué pero tampouco votaron. ¿por que gobernaba o Partido Popular? ¡A min dáme igual! Eu o que necesito é que os veciños da cidade e do entorno da cidade teñan un transporte mellor e tamén os do resto da provincia, que eu non son egoísta. Perdón si me excedín.

Grazas señor portavoz por esas veces, seguramente pola miña forma de ser, pois grazas. Eu teño que dicirlles, e estiven en algunhas reunións en representación do meu concello, que a conselleira, a conselleira persoalmente reuniuse cos alcaldes, un Plan como dixen antes, que é un tema, unha realidade tremendamente complexa, require da boa vontade. Atopáronse, que non é moi normal, que as empresas do transporte de hoxe para mañá puxeron nun brete á Xunta ¿ou non? Igual que tamén escoito ¿por que non se recupera suspender o Plan? Imos ver, un señor que renuncia a unha concesión pública, pode dicir ao día seguinte *oiga agora quero volver outra vez a facela*, ¡hombre, iso non é así!.

Eu o que lles pido, e a miña segunda intervención vai por aí, xa me gustaría que vostedes trouxeran a este Plenario unha proposta integradora, buscando aumentar o número de beneficiarios do transporte, como puideran ser estudantes que neste momento non están incluídos nos Plans específicos, que hoxe non teñen dereito ao transporte; mellorar a planificación para dar unha mellor resposta aproveitando as posibilidades que brindan as

novas tecnoloxías e calquera outra medida que redunde en facer atractivo o servizo o que suporía aumento de usuarios -se non imos por aí, mal imos- co que o beneficio para as empresas, os traballadores, as persoas vivan onde vivan, tamén para a economía do País; en definitiva, para todos. Confiemos no diálogo, confiemos no diálogo de todas as partes, o diálogo ao que segue chamando a conselleira (o que pasa señor representante do Bloque , dicir que eu non acudo a unha reunión porque me convocan por separado; eu vou a cen convocatorias sempre e cando busque mellorar do que estamos a falar; di: *non, é que temos que ir os traballadores e os empresarios xuntos, por separado non*. ¡Home, parece mentira que vostede apoie iso! Eu entendo que se reúna cos empresarios, que se reúna cos traballadores e que se reúna despois con todos e con quen faga falta; pero poñelo como condición parece que non, poucas veces se ve así ese nexo de unión entre traballadores e empresario. Ogallá que redunde en que ao final se resolva) diálogo ao que sigue apelando día tras día a conselleira –iso é o que din os medios de comunicación e o di ela persoalmente- para acadar un acordo para o comezo da implementación dun servizo de transporte que dea resposta ás necesidades reais do País, froito do consenso e do bo facer de todos. Quero pensar que, despois da renuncia das empresas (que xa o dixen antes), non será fácil que as mesmas volvan facerse cargo do servizo sen máis. Tamén teño que dicir que nas reunións mantidas cos alcaldes dos concellos, responsables da Consellería manifestaron estar dispostos a atender as demandas que puideran non estar ben recollidas no que dicía vostede no Plan.

Xa me alarguei moito, hai moitas cousas que tamén se din , o transporte escolar vense manifestando e quero pensar que non pode ser doutro xeito, ten preferencia sobre calquera outro tranporte. Os tempos e recorridos non varían, non desaparecen paradas porque non ten sentido, non se lles vai a facer aos nenos tal. A subrogación é algo que é por Lei, non é un capricho de dicir: non, é que non vai; eu creo que iso é obrigatorio por Lei. Incrementar o número no 60% dos coidadores, aquí teño que dicir que hai que mellorar a cualificación dos coidadores, esta é unha opinión miña, quero pensar que tiñan que ser persoas con moitísima cualificación porque tamén no transporte escolar edúcase.

O Plan seguro que é a única alternativa para garantir emprego, ou incluso aumentalo. O Plan está previsto para que sexan as empresas galegas e non as multinacionais, como aquí alguén di, porque, de feito, vese que se divide en 42 contrato. Nada máis e perdón pola miña acalorada intervención. Grazas a todos.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Nótase que no asunto este do Plan de Transporte Metropolitano está vostede moi ao día, eu lamento non estar tan ao día porque non son concelleiro aquí e non seguín a actualidade de toda esta historia, así como se entende da súa intervención, como a seguiu vostede. En todo caso si que hai algunhas afirmacións que si me chaman a atención que é falar que recorremos á policía local, non sei si ao mellor nos dá vostede maior capacidade de influencia sobre un colectivo como o da policía local, da que realmente temos, eu imaxino que se emitiron un informe sería baseado en feitos obxectivos e non un informe, neste caso, instado por nós.

En todo caso, preguntarlle tamén ¿onde está o Plan de Transporte Metropolitano do Partido Popular?. Vostede fixo moita incidencia no transporte metropolitano, pero o tema é moito máis amplo do que nos trae aquí a moción a día de hoxe, era un tema moito máis amplo que afecta non só á provincia de Ourense, senón a todo o País e nós seguimos reiterando o que dixemos xa nas dúas intervencións anteriores, que é que botamos de menos a falta de diálogo, ou o diálogo ese do que vostede di que fai gala a conselleira. Dicimos que foron seis anos que se perderon á hora de redactar ou consensuar un Plan que fora do agrado e que contara o beneplácito de todos os implicados. Ao respecto da integración do transporte escolar co transporte de viaxeiros,  non vemos como se van a respectar os horarios dos centros e se amplían as rutas e se sendo preceptivo que un neno non debe botar máis dunha hora no bus. ¿Van a modificar os horarios dos centros en función do transporte escolar? Todo son dúbidas.

O único que nós pedimos é, e precisamente facemos un chamamento a ese diálogo, a que o diálogo que debería ter presidido todo isto hai sei anos, realmente se retome, se poña sobre a mesa, se xunte a Conselleira, se baixe da burra como dixen anteriormente e se faga un plan de transporte que sexa adecuado, que cumpra todas as necesidades e as expectativas e qeu conte co beneplácito, se non de todos, digamos da maioría dos implicados porque aquí vostedes teñen en contra a todos os colectivos: empresarios, traballadores, etc, etc.. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: moitas grazas señor presidente. Só precisar tres cousas. Señor Doval, falabamos do transporte regular, non ´so dunha parte do transporte metropolitano, aínda que vostede quixo centrarse nel; ocasión teremos para falar dese transporte metropolitano. Segundo, cando falamos de diálogo por parte da conselleira, reunirse cos alcaldes cando o Plan xa está feito, nós iso non o entendemos por

diálogo. O que tiña que reunirse é antes, non despois e dar dez días para presentar alegacións. A nós non nos parece serio, como pouco. E con respecto, e remato xa, fíxese vostede que o seu Grupo Político no Parlamento de Galicia presentou o 24 de abril a seguinte proposta: *O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a establecer un marco de diálogo e colaboración estable que favoreza a participación dos concellos galegos durante todo o proceso de realización de traballos de planificación do novo mapa de transportes por estrada, co obxectivo de que os novos servizos a implantar respondan con maior eficacia ás necesidades reais dos cidadáns. Segundo, solicitar unha participación activa das Deputacións provinciais na definición do novo mapa de servizos que está a ser obxecto de planificación por parte da Xunta e demandar a súa implicación tanto técnica , como económica, de cara a un posible reforzamento e mellora dos servizos de transporte público por estrada*. ¿Que mudamos nós, ou que retiramos? Económico, implicación técnica. A económica quitámola ¿por que? Porque cartos ten abondo a consellería de transportes para facer un traballo ben feito. ¿Que se quixo apoiar en consultoras externas e non nos seus propios servizos? Problema deles. Así saíu o Plan. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 17

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

**18º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A IMPLIACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE NA ELABORACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA.-**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións, someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

**19º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DE APOIO AOS CONCELLOS PARA A ELABORACIÓN DO INVENTARIO DE BENS INMOBLES QUE INTEGRAN O PATRIMONIO MUNICIPAL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra o Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, moitas grazas señor presidente. Como ben sabemos todos, os inventarios de bens son unha ferramenta fundamental para a xestión municipal. Sabemos que todo aquilo que se atopa no inventario municipal ten valor de Lei, como si fora un rexistro da propiedade. O inventario de bens facilita o rexistro, manexo e control de todos os bens e dereitos que integran o patrimonio local entendido como os bens de uso público como son os camiños, prazas, rúas, paseos, alumeado público, parques, augas das fontes e tanques, pontes e demais obras publicas de aproveitamento ou uso xeral cuxa conservación dependa do propio concello, e os bens de servizo público destinados directamente ao cumprimento dos fins públicos de responsabilidade das entidades locais como son as casas do concello, ou edificios que sexan dos mesmos, matadoiros, mercados, museos, montes catalogados, escolas, cemiterios, elementos de transporte, piscinas... en xeral, calquera ben destinado á prestación de servizos públicos ou administrativos. Nestes documentos recóllense con suficiente detalle, os datos necesarios para a identificación da realidade patrimonial do concello, así como todos aqueles que resulten necesarios para reflectir a situación xurídica na que se atopan os seus bens, as limitacións que lle poden afectar, o destino e uso ao que están ou poden ser dedicados no futuro ou calquera outra circunstancia relevante.

Unha xestión eficiente dos recursos municipais procura máximas garantías aos concellos no desenvolvemento da súa actividade, facilitando ademais a posibilidade de obter unha maior rendibilidade dos mesmos.Neste obxectivo cómpre dispoñer dun completo, exacto e actualizado inventario que recolla as características, valor e importancia dos seus bens, axudando ao mesmo tempo a delimitar responsabilidades no tocante á súa custodia, manexo, uso, conservación e defensa.

Esta iniciativa xurde das peticións realizadas por numerosos concellos ao largo deste ano e pola vocación intrínseca de cooperación desta Deputación. As Deputacións posúen unha ferramenta moi útil que é a Enquisa ou a EIEL, mais coñecida por enquisa de infraestruturas e equipamento local. Ese departamento nutre de información ás outras áreas e ao mesmo tempo dispón dunha información moi detallada dos concellos. A EIEL é en si un inventario que ten como obxectivo coñecer periodicamente a situación e o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos locais, como ferramenta de análises tanto cuantitativo como cualitativo dos

servizos de competencia municipal.

Ao longo deste ano, este departamento seguiuse actualizando coa recompilación de datos e coa posta en soporte dixital de toda esta información tal e como esixe o Ministerio de Administración Públicas. En poucas semanas colgaremos na web da Deputación o acceso libre a toda esta información que nos valerá de base para a realización do inventario de bens dos concellos que así o soliciten e, tamén, para que calquera cidadán que o desexe teña acceso a eles, mediante o xeoportal creado que integra o visor que achega toda a EIEL á cidadanía. A información que aquí se presenta, é moi detallada e seguirase actualizando co persoal que destinaremos á cooperación cos concellos para a realización do que hoxe estamos a propoñer xunto co persoal que facilite o Concello para a elaboración do inventario de bens inmobles que integran o patrimonio municipal.

O que aquí propoñemos é cooperación para o beneficio de todos, pero sobre todo, para o beneficio do cidadán. E sen máis, nada máis por agora.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. *Consejos vendo que para mí no tengo*. O pasado 10 de decembro de 2015 cumpríase o prazo de 2 anos que se dera aos concellos para adaptarse á famosa Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dende ese día todos os concellos do Estado están obrigados por Lei a ter as publicados súas webs de xeito claro, estruturado e entendible: os seu orzamentos municipais, os salarios dos seus altos cargos, os contratos asinados, as subvencións concedidas e outra multitude de datos, entre eles, o inventario de bens. Pasados máis de dous anos, dende a data límite para adaptarse á Lei, aínda son a maioría as corporacións que non teñen as súas webs actualizadas e por suposto, non teñen elaborado o correspondente inventario; entre eles está está Deputación. ¿Que consecuencias ten incumprir a Lei? A Lei de transparencia no seu artigo 9.3 establece a posibilidade de sancionar aos responsables no incumprimento reiterado da súa obriga; mais a conclusión á que podemos chegar é que as institucións que incumpren a Lei de transparencia en España gozan dunha indesexable impunidade. Somos conscientes das dificultades que teñen os concellos, especialmente os máis pequenos, para ter ao día o inventario, máxime cando outras institucións máis grandes e con moitos recursos, caso desta Casa, aínda non o teñen feito.

As entidades locais, como Administracións públicas que son, están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos e inscribir no rexistro da propiedades os seus bens inmobles e dereitos reais de acordo co previsto na lexislación hipotecaria. O artigo 32 da Lei 33/2003 establece a obriga de todas as Administracións públicas de inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar con suficiente detalle as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino, o uso ao que estean sendo adicados. En consecuencia co anterior, e polo que toca ás Entidades locais, o artigo 18 do Real decreto 1372/ 1986 sinala o seguinte que as Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

Se algún sentido teñen as Deputacións, en tanto que existan, e como levamos dicindo todos reiteradamente, é o de colaborar e auxiliar aos concellos, polo que non nos parece mal a proposta de poñer en marcha unha liña de colaboración para facilitarlles os estudos e informes técnicos precisos na elaboración dos seus respectivos inventarios de bens inmobles, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición. Non estaría de máis que esa colaboración tivera aparellado un compromiso orzamentario para que non quedara nunha mera declaración de intencións. En todo caso, imos votar a favor da proposta ao tempo que demandamos que a Deputación elabore, canto antes, o seu propio inventario. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo. Nós tamén votaremos a favor. Parécenos totalmente lóxico, a parte de que o esixe a Lei como acaba de lembrar o portavoz do BNG, parécenos totalmente lóxico que os concellos teñan un inventario ben actualizado dos seus bens inmobles, tanto dende o seu punto cuantitativo, como dos aspectos cualitativos aos que se refería o portavoz do Partido Popular, o uso que deben ter, etc.. Tamén é certo que isto a Lei xa o esixía, xa se pasan moitos concellos de prazo; coñecemos tamén as dificultades para adaptarse á Lei, cousa que tamén pasaba, por exemplo, nos casos dos velorios. En todo caso, tamén coincidimos co portavoz do BNG en que, se algún sentido ten a Deputación, é para axudar nesta clase de cousas aos concellos, sobre todo as concellos máis pequenos. Entendemos que isto avoga a favor da

transparencia, en termos xerais, e na transparencia xa no caso concreto dos patrimonios municipais e como dicía antes, votaremos a favor. Grazas.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE:** grazas presidente. Parece ser que as novidades danse en Plenario, agora debe ser a moda, en Comisión non se tratou para nada, nin se aclarou como se ía facer isto. Botamos de menos concreción na proposta de acordo e que só se mencionen os bens inmobles. Na redacción da moción, só se fala dos bens inmobles, di textualmente: *poñer en marcha unha liña colaboración entre a Deputación e concellos para facilitar estudos e informes técnicos na elaboración dos seus inventarios de bens inmobles*. Haberá concellos que xa os teñan feitos con recursos propios e outros máis pequenos aos que tentaremos axudalos dende esta Casa. Queremos pensar que teñen que cumprir coa Lei de transparencia, queremos pensar que se trata de impulsar e poñer ao día o inventario onde haxa que facelo; pero pensamos que isto require un traballo de campo tal como: recompilación de información, verificación, catalogación, realización de fichas, valoración de bens, subministro de programas municipais para a xestión do inventario de cada concello e o seu mantemento, tamén a realización dun soporte fotográfico de todos os bens e o asesoramento de xestións que se teñan que facer ante outros organismos. De todo isto nada se fala na moción, logo virán aquí con feitos consumados ou dicindo que nós non achegamos nada. ¿Teñen xa unha relación de todos os concellos que necesitan facer este inventario? ¿Teñen relación dos que xa o teñen feito? ¿canto vai a custar este servizo?.

Dende o Grupo Socialista pensamos que se fai necesario tamén facer un inventario de outro tipo de bens, presidente, que son tamén inventariables: dereitos reais, bens mobles de carácter histórico-artístico de considerable valor económico, valores mobiliarios, créditos e dereitos, vehículos, bens e movientes, bens e dereitos revertibles, vías públicas e o resto de bens mobles non comprendidos noutras categorías. Estariamos, polo tanto, diante dun traballo exhaustivo que poría en mans dos concellos un instrumento que lles permita controlar e defender os bens que integran o seu patrimonio. Por exemplo, nisto xa non somos os primeiros presidente, a Deputación da Coruña, ano 2011, prego de cláusulas administrativas e particulares para o servizo de inventario de bens para os municipios da provincia da Coruña, cuarta fase. Prazo de execución, 12 meses. Dotación 400.000 euros.

Lévannos uns cantos anos de adianto. Polo tanto, nós imos a optar pola abstención pola inconcreción desta moción.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, moitas grazas señor presidente. Inconcreción desta moción, acábolle de dicir o persoal que o vai a facer, acabo de dicir a ferramenta base coa que a van a facer e acabo de dicir que a intención, así é como se nos trasladou por parte dos concellos que así o pediron, isto ten que ser unha colaboración entre uns e outros. Nós imos a poñer persoal, os concellos tamén e despois todo o que faga falta aí neste departamento xa o teñen, todo do que falou, de fotos, de todas esas cousas, do soporte informático, todo.

Agradecerlle ao Grupo de Democracia Orensana e Grupo do BNG o seu voto a favor e nada, dicirlle que este Grupo provincial proponlle poñer en marcha unha liña de colaboración entre a Deputación e os concellos para facilitarlles os estudos e informes técnicos precisos na elaboración dos seus respectivos inventarios de bens inmobles, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición. Destinaremos persoal e medios para atender esta demanda crecente dos concellos contando sempre coa súa colaboración, xa que como dixen antes, a vocación intrínseca desta Deputación e a colaboración. Moitas grazas señor presidente.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: un minuto simplemente para se nos pode aclarar unha dúbida que nos xurdía agora no debate. Ao falar do persoal para desenvolver esta labor, ¿estamos falando de persoal contratado especificamente para ela ou do persoal da propia Casa? Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: a parte desa información que solicita o do BNG, ¿que prazo hai, máis ou menos, os concellos que van a demandar este servizo?, porque entendín que se fará a demanda dos concellos, entendemos iso, que son os concellos os que demandan á Deputación ese servizo, ¿en que prazo, máis ou menos se vai a estipular esta xestión? Grazas.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE**: señor deputado, ¿ve a inconcreción da moción? hai cousas que aínda están sen responder; polo tanto, vostedes son Grupo de goberno non fai  falta que fagan mocións, simplemente que teñan proxecto de provincia, que teñan proxecto e vontade de levalo a cabo. Nada máis e moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** non vexo a inconcreción, vexo que non

entenden ou non escoitan. O persoal vai ser da propia Casa como xa dixen ao comezo, xa expliquei de onde viña. Agora informaremos aos concellos de que temos esta opción e os que a vaian pedindo, irase facendo segundo orde de petición. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 19º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 19

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Poñer en marcha unha liña de colaboración entre a Deputación de Ourense e os concellos da provincia para facilitarlles os estudos e informes técnicos precisos na elaboración dos seus respectivos inventarios de bens inmobles, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

**20º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A ELABORACIÓN DUN ESTUDO URXENTE PARA A PREPARACIÓN DE FRANXAS DE BIOMASA COMO MEDIDA DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DOS CONCELLOS.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de engádega con número de rexistro 19.489, e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o seu contido.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular**, moitas grazas presidente e bos días a todos os presentes e a todos os que nos seguen polos medios audiovisuais. Traemos hoxe unha moción, este Grupo, que cremos que é moi importante, urxente, que é a preparación dun estudo urxente sobre as franxas de biomasa como medida de protección contra os incendios forestais nos núcleos de poboación dos concellos. Cremos que é un problema que nos atinxe a todos, atinxe aos concellos, á Deputación e á Xunta de Galicia e por iso cremos que a Deputación, xa de maneira permanente, axuda aos concellos coa cesión da maquinaria nesas rozas que fai de maneira permanente; pero cremos que é imprescindible este estudo para iniciar un procedemento que acabe finalmente coa eliminación desa biomasa cerca das vivendas para que non teñamos sucesos tan tráxicos como o que sucedeu en Portugal recentemente e coa pesadume de todos os presentes, seguro. Polo tanto, cremos que debemos colaborar en todo isto e por iso formulamos este estudo que, repito, será o

inicio dun procedemento que imos a levar a cabo e pedindo a colaboración entre as distintas administracións. Como obxectivos básicos deste estudo, por exemplo, pensamos que a descrición da situación actual de cada territorio debera ser un dos obxectos. A catalogación dos medios e recursos de prevención e defensa contra os incendios forestais, debera ser outro e o procedemento en caso de emerxencia, así como a programación de traballos preventivos, deberámolo ter todos en conta. Polo tanto, espero a colaboración de todos os Grupos. Moitas grazas

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas presidente. Anunciar xa de entrada que nós imos a votar a favor, vai ser un voto favorable, aínda que voto favorable pero tamén crítico. En primeiro lugar, tamén mostrar a nosa solidariedade, como non pode ser doutro xeito, co pobo portugués que nestes pasados días enfrontou unha das peores traxedias dos últimos tempos.

Indo xa ao que é a propia moción, para xustificar o que lle dicía, o meu voto favorable, pero crítico, dicirlle que *¡a boas horas mangas verdes!* Lémbranse o día 20 de xuño de que hai que facer prevención. A súa proposta, ademais de ser un pouco demagóxica e, en certa medida, extemporánea, efectivamente ten sentido o que piden, mais hai que lembrar que a prevención faise antes das épocas de alto risco, non cando estamos xa en pleno verán. Dicimos demagóxica porque dificilmente nos podemos negar a que haxa xestión das franxas de biomasa, pero convén aclarar algunhas cousas; foi o seu partido o que reduciu o tamaño as franxas de biomasa de protección, nunha modificación da Lei de prevención de incendios respecto das distancias orixinais que establecían cincuenta metros respecto de núcleos rurais en arborado. Por tanto, hoxe, as medidas preventivas son máis laxas pola súa decisión e cando vemos sucesos gravísimos, como o que acabamos de referir en Portugal que ten unha situación forestal similar á nosa, lembrámonos da importancia da prevención. O BNG sempre o tivo claro e cando regulou por primeira vez, en 2007, as franxas de protección fíxoo para que foran medidas preventivas eficaces. Actualmente, respecto de núcleos, ditas franxas, como xa dixen, alcanzan 30 metros. Non estando de acordo con esa redución canto menos debe cumprirse esa limpeza preventiva, tamén nas infraestruturas públicas: estradas e camiños municipais e provinciais.

Con todo, comezar a facer un estudo urxente a finais de xuño, a escasos días do inicio da época de alto risco de incendios, co aviso de dúas estacións secas dende o punto de vista climatolóxico, parécenos un despropósito; tamén é certo que mellor facelo agora que nunca, mais o Partido Popular abandonou toda a política preventiva de incendios, guíase pola improvisación e a extinción cando xa, non só o estudo, senón os traballos finais de xestión das franxas de biomasa tería que estar mesmo rematados nesta época. O acontecido en Portugal debe levarnos á reflexión, Galicia ten que tomar nota e as súas autoridades políticas e públicas –a comezar pola Xunta-, deben tomar nota do acontecido e ser quen de analizar e tirar conclusións das causas de fondo que están detrás dos incendios que anualmente, e cada vez de maneira máis desestacionalizada, atinxen ás dúas marxes do Miño. Galicia-Portugal, nomeadamente o norte, partillan unha realidade forestal semellante e que dende o noso punto de vista está caracterizada por unha serie de factores: abandono do rural e do monte; falta de ordenación forestal que provoca unha proliferación descontrolada e industrial de plantacións nomeadamente de especies foráneas de ciclo curto, eucalipto e piñeiro; fortísima presenza de especies pirófitas, pirófilas (segundo os datos oficiais en Galicia hai 396.000 hectáreas de eucalipto que ascenderían a 425.000 se sumamos as plantacións mixtas, é unha cifra que supera as previsións do Goberno galego ao respecto, case as duplica); a desestacionalización dos incendios alén do verán –un feito relacionado cos mudanzas climáticas que se teñen producido e se están a producir na actualidade; e a precarización das condicións de traballo e do propio servizo de prevención e extinción de incendios. Mais non todo é igual, o pobo portugués mantén, case dende o primeiro intre, unha posición de análise crítica ao redor das causas que están no centro do incendio de Pedrógão Grande. Os principais medios de comunicación lusos recollen testemuñas que sinalan o monocultivo do eucalipto, a falta de ordenamento forestal e mesmo unha política por moitos anos ao servizo dos intereses das pasteiras, como elementos centrais a ter en conta para que unha traxedia así non se volva a repetir. En contraposición, a prensa galega, a penas puxo o foco nesta cuestión. O Goberno portugués aprobou unha moratoria de 30 anos destinada a frear a eucaliptización do País, pulando pola plantación de especies autóctonas, máis dun 40% de carballos.

Deixaremos para a segunda quenda de intervencións unha serie de propostas que o Bloque Nacionalista Galego xa puxo en práctica cando tivo responsabilidades de goberno e

outras que non puideron ver a luz porque non tivemos tempo. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo a todos. A idea, tal e como a formula o Grupo Popular, obviamente penso que non pode estarse menos que a favor. *Abrir unha liña de cooperación co goberno autonómico en materia de prevención de incendios coa elaboración dun estudo urxente para a preparación de franxas de biomasa como medida de protección contra incendios forestais nos núcleos de poboación*. Así en abstracto é difícil non estar de acordo, o que sucede é que, como xa dixen na Comisión, gustaríanos un pouquiño máis de concreción, entón en principio ímonos abster, non imos a votar en contra dende logo, pero si que nos gustaría un pouco máis de concreción; sobre todo dar algúns detalles máis de como se vai actuar nas contornas privadas, etc..Tamén nos parecen bastante ben as emendas do Partido Socialista, aínda que nos acolleremos ao que decida o Grupo propoñente ao respecto destas emendas. Grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSOE**: bos días a todos e a todas. En primeiro lugar, non sei cal é a postura do Partido Popular ao respecto das emendas estas de adición, de todas formas, manifestarei eu un pouquiño, facendo defensa destas emendas que nós presentamos. Hai unha cousa que está clara que é que a propia Lei de incendios forestais de Galicia, do ano 2007, establece cales son as franxas de protección e sabemos de quen son as competencias, de feito, vén de lembrárnolo esta semana, cunha carta, a conselleira de Medio Rural, onde nos di aos concellos que temos a obriga de facer iso. Eu creo, o que pon a moción é: *preparación*, eu a preparación chámolle cando se prepara algo, neste caso sería a roza, ou algo así; si e para facer un estudo, a verdade é que vén un pouquiño tarde porque a propia Lei di que se deberá ter limpo o 30 de xuño; polo tanto vimos bastante tarde. De todas formas, hai outro que a propia Lei o di. Pero nós as emendas, van un pouquiño no sentido de ser máis prácticos porque isto ao final é un titular onde se di que se vai facer un estudo para evitar, para favorecer a protección dos núcleos urbanos, pero despois atopámonos coa crúa realidade que temos os concellos.

O que primeiro pedimos, a parte dese estudo, sería a elaboración dunha ordenanza tipo, porque a Lei de prevención de incendios forestais vén a dicir que dentro do núcleo urbano, os solos urbanizables, son os concellos responsables de limpar, de facer limpar, ou

subsidiariamente limpar, entrar nas fincas; pero podémonos encontrar tamén coa Lei de propiedade. Estou seguro que, dos alcaldes que nos atopamos aquí, se nos pomos un folio en branco e preguntámoslle a cada un que é o que ten que facer cando a unha persoa se lle manda unha carta certificada e non limpa, seguramente que discrepamos todos e ninguén sabemos moi ben por onde temos que ir; é máis, ata os propios secretarios dos concellos discreparían da forma de actuación: se lle hai que mandar unha carta, se lle hai que mandar dúas, se lla hai que mandar ao Fiscal, etc.. Por iso nós propoñemos unha ordenanza que nos dea aos concellos unha seguridade xurídica para poder formularnos ese tema, porque podemos ter uns secretarios que pidan unha cousa, outros outra e podémonos atopar entrando nalgunha propiedade incumprindo a Lei tamén de propiedade, aínda que a Lei de incendios forestais nos di que si que podemos entrar.

Por outro lado, o que pedimos é Convenios coa Xunta de Galicia porque o concellos, coas franxas de protección que marca a propia Lei, sabemos máis ou menos o que temos que limpar; o que pasa é que non temos medios precisamente para limpar. Ese é o gran problema. Non temos medios e despois temos moitas dificultades para facerlle limpar por varias razóns: unha é que alguén non quere limpar, outra é que chegas a catastro e a parcela en cuestión está en identificación, ou outra é que de vinte erdeiros non se sabe a quen se lle vai a notificar, e outros están en Brasil e outros están en Cuba. Entón, uns Convenios coa Xunta de Galicia porque a propia Lei di que as franxas de biomasa debían ser todos os camiños, que como mínimo debían ser limpados dous metros por cada lado, que incluso eu entendo que poderían ser ata tres metros a cada beira do camiño; pero os concellos rurais vémonos coa imposibilidade de que non temos medios económicos para realizar iso. Por iso, pedimos instar á Xunta de Galicia a que elabore uns convenios cos concellos para a realización deses traballos.

O que vén a dicir o punto número tres, é que..e digo Convenios coa Xunta porque a propia Lei seu artigo 7 e no seu artigo 59 di que a Xunta colaborará economicamente e tecnicamente cos concellos para a prevención de incendios forestais. Por outro lado dicimos que a Deputación porque tamén podería colaborar con este tipo de Convenios, habilitando nos vindeiros orzamentos unha cantidade para poder facer esa xestión. Nese caso, tamén hai por parte da Deputación algún tipo de competencia na materia, o artigo 36 da Lei reguladora das bases de réxime local establece que un dos cometidos das Deputacións é a

prevención e extinción de incendios forestais –prevención de incendios forestais- nos concellos de menos de 20.000 habitantes. E incluso tamén, a propia Lei de racionalización e sustentabilidade establécelle como novas competencias ás Deputacións; polo tanto entendemos que, calquera das tres..Isto si que ao final sería bastante efectivo, de todas formas non sei cal é ese informe e a elaboración dese informe; hai concellos que xa o fixeron, efectivamente, a través dunha subvención que saíra, hai outros que ademais creo que.. por ejemplo eu vin o outro día en Ponteceso onde os GES o que fan é a identificación das parcelas para poder saber de quen son, iso si que se podería facer. Eu creo que nos concellos pequenos e rurais case que todos sabemos por onde temos que limpar ou o que hai que limpar, temos a dificultades, no público, as económicas e no privado da seguridade xurídica.

Polo tanto, eu o que lle pediría ao Partido Popular era que aceptara estas emendas de adición porque entendemos que estas si que son efectivas á hora de previr os incendios nos núcleos de poboación.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Vou comezar polo final, dicíndolle a Vicente que hoxe non imos a votar a favor porque falaba antes a deputada Elvira Lama de inconcreción, a parte sempre teñen un *modus operandi* similar, propoñen aquí instamos á Xunta, si a Xunta di non ou si.. bueno...isto que ao pague a Deputación. Máis ou menos o *modus operandi* é o mesmo, entón voulle a ler, falando de concreción, ou inconcreción, o seu terceiro parágrafo*: que no caso de que a Xunta non acceda ao anterior, esta Deputación habilite nos vindeiros orzamentos provinciais unha partida suficiente para financiar os Convenios cos concellos, destinados a subvencionar os traballos de xestión das franxas de biomasa nos núcleos de poboación*. Todo concreción, contía, partidas, quen o fai, como non se fai, se o facemos mediante Convenio, se no público, se no privado..todo concreción. Pero bueno, falemos de colaboración, é un problema moi complexo, aí estamos todos de acordo. Pero habería que preguntarse, a iso que lle chamamos colaboración, cantos dos concellos que están sentados en fronte –sexan de Valdeorras, de Monterrei, doutras comarcas- teñen brigadas de extinción de incendios. Poderíamos empezar por aí. Claro, nós, polo menos moitos dos que estamos sentados aquí, temos dúas, unha, ou ningunha; para outros dos que estamos aquí, non temos ningunha, dese lado non o sei, creo que moitos. E eses concellos, dos que nos asumimos os gastos das

brigadas, resulta que se benefician todas asa comarcas. Iso chámase colaboración, o resto, é un brinde ao sol. A emenda de engádega, un brinde ao sol.

A min gustaríame que gardaran silencio cando eu falo, ao igual que cando falan eles eu gardo silencio. Moitas grazas. Moi ben, seguimos. Mire, falaba vostede, evidentemente a Xunta na propia Lei que vostede refería é certo que fala de convenios, aí estamos de acordo e creo que, para o primeiro paso, nós falamos dun estudo, de coñecer a problemática, de coñecer as distintas opcións que eu lle daba antes e creo que a partir de aí non sería mala idea instar á Xunta a facer eses Convenios dado que saberemos a problemática. A min, outra cousa que me resulta sorprendente, é cando este Grupo trae unha idea ou parte dunha emenda, ou trae unha moción, segundo a pomos sobre a mesa sempre se nos chama a atención porque a traemos tarde; pero ¿vostedes que fan? ¿por que non a propuxeron antes?. Dicíame agora o portavoz do Bloque: *agora imos facer achegas, agora imos facer*.., pero ¿por que non o fixo o mes pasado? ¿por que non o fixo hai tres meses?. Vostedes deben que participar igual ca nós, e poden facer propostas; agora, se estamos xa en campaña electoral, a dous anos vista, facendo e criticando a todo o que fai a Xunta, bueno, iso si... Eu entendo que lle moleste pero eu son respectuoso, espero que vostede o sexa comigo igual que eu sempre o son con vostede. Agradézollo. Sobre o tema do Bloque Nacionalista Galego que dicía, falaba tamén de mudanzas climatolóxicas, espero que a Deputación non teña culpa de que estea cambiando o clima, imaxino que o diría por dicir. Hai unha cousa que non me gustou nada, foi o que menos me gustou, falar de todo o que xurdiu en Portugal e que falara de que a prensa e os partidos..., alí os partidos, ao principio, non dixeron nada de nada, dixeron imos axudar e despois xa faremos crítica política. Creo que vostede non é a persoa idónea para facela. Os partidos alí foron responsables, nós sexamos responsables.

Sobre o que me refería o señor Ojea, evidentemente o estudo, tal e como vostedes saben, imos facer un estudo detallado do que necesitamos ou non necesitamos, dos procedementos e dos protocolos. Tal e como vostede sabe, non pode ter un tratamento igual o territorio público que o territorio privado, na propia Ordenanza, tal e como dicía o portavoz do PSOE, na propia Lei permite a execución, dos Concellos, da Administración local, subsidiaria. Nós, por exemplo na Veiga, temos unha ordenanza que nos permite executar e subsidiariamente cobrarlle a aqueles titulares –aí si que ten razón don Vicente-

nos que moitas veces non sabemos quen é o titular, temos dificultade para facelo; pero nós temos a posibilidade de facelo. Polo tanto, o punto de partida ten que ser o estudo que é o que nós dicimos, saber o que temos no territorio, saber cales sonos problemas –que case todos os coñecemos- e, a partir de aí, tomar as medidas oportunas para executar ese estudo. Nada máis de momento.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do B**NG: grazas señor presidente. Paréceme ben ese chamamento que fai o portavoz nesta moción do Grupo Popular, apela á responsabilidade, a non facer demagoxia, etc, etc.., pero chámame a atención que o faga un partido como o seu que, cando recién estaba instalado na Consellería, aos 15 días de tomar posesión o responsable que daquelas era do BNG no famoso Goberno bipartito tantas veces lembrado, xa lle estaban vostedes pedindo a dimisión cando aínda non tivera tempo para nin basicamente mirar o que tiña nos caixóns; por iso, que me fale agora de responsabilidade...pois efectivamente, a ver se agora todos aprendemos a lección e todos temos responsabilidade cando nos toca tela.

Eu falaba na miña primeira intervención que o que temos que quitar son consecuencias e unha cousa que se di habitualmente, que ninguén aprende en cabeza allea, pois a ver se por unha vez aprendemos en cabeza allea e a ver se por unha vez quitamos consecuencias do que pasou en Portugal, desa desgraza que pasou aí, para que aquí non teñamos que, nun futuro curto, medio ou afastado, lamentar nada parecido.

Nós temos que dicir que lamentablemente non vemos que vaia haber moita intención de adoptar, quitar ese tipo de conclusións, co cal eu vou completar o que falara na miña primeira intervención de dicir que parécennos moi ben este tipo de iniciativas que, eu volvo a insistir, moitas veces son a golpe de ocorrencias pero que en temas como o da prevención non funcionan e non son efectivas dende un punto de vista práctico. Nós, eu anunciaba na miña intervención primeira que nós pensamos, dende o BNG, as labores de prevención e a política forestal de Galicia necesita un cambio de rumbo e nós formulamos que as liñas polas que debería ir ese cambio de rumbo serían as seguintes:

- Acometer a ordenación real do territorio, apostando pola ordenación e planificación das superficies, ter en conta todas as posibilidades de usos e aproveitamentos do monte e prohibindo a forestación de terras agrarias.

- Recuperar o diálogo e consenso, sobre todo coas comunidades veciñais que ostentan unha parte importante da titularidade do monte en Galicia. Deben recuperar o que é seu, coa superación do modelo de convenios por outra colaboración onde se apoien novos proxectos singulares baseados nos distintos usos do monte.
- Actuar decididamente contra a fragmentación do monte galego, recuperando as UXFOR. Non abonda con trasladar fórmulas mercantís, sociedades de fomento ao monte. Ten que haber intervención decidida e instrumentos da administración para o aproveitamento colectivo equitativo do monte.
- Creación dunha certificación forestal galega e pública.
- Un plan de usos e aproveitamentos multifuncionais do monte que aposte por aproveitamentos diversos de madeiras, onde gañen espazo as madeiras nobres, de calidade, sobre todo de árbores autóctonas e tamén a gandaría extensiva, o silvopastoreo, as producións complementares estacionais, o aproveitamento da biomasa, as enerxías renovables.
- Unha nova política fiscal e tributaria que alente o coidado do monte en beneficio de todos e todas.
- Frear a eucaliptización do noso territorio
- Pechar o ciclo produtivo no noso país, potenciando a industria do moble e dos produtos do bosque autóctono
- Ampliar as franxas de protección de incendios en vivendas e vías urbanas, así como garantir o cumprimento da lexislación e normas sobre plantacións, distancias, franxas de seguridade, prevención de incendios, ou avaliación ambiental en procedementos que implican cambios de actividade agrícolas e forestais.

En definitiva, creo que non se nos pode acusar de non ter propostas, de non telo claro e de non formulalas tanto aquí, como en outras instancias como é no caso do Parlamento de Galicia onde tamén temos representación e onde reiteradamente vimos solicitando un cambio na política forestal, para que precisamente non nos leve a unha situación coma a que tiveron que vivir os nosos irmáns portugueses fai uns días. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo, o asunto este dos incendios forestais, semellante ao que pasa con outros aspectos, como a educación, o terrorismo, etc.. pensamos que este debate debería estar por riba da política. O

problema dos incendios forestais o mellor sería que quedase á marxe do debate político e nestes asuntos facer o que se adoita chamar un pacto de Estado, ou como se queira chamar. Eu cando dicía que a moción do Partido Popular ten tal grao de abstracción que un non pode por menos que estar de acordo con iso, o grao de abstracción é tal que eu ata entendía que incluía, ata podería incluír as emendas do PSOE, aínda que son máis concretas, ata se poderían entender en principio. Non hai nada en contra da moción do Grupo Popular que sexa incompatible co que pide o PSOE, *instar á Xunta de Galicia* entra dentro do que é abrir unha liña de cooperación co goberno autonómico, etc..

En todo caso, como dicía, ímoslle dar un voto de confianza porque pensamos na boa intencionalidade do Grupo Popular, ímoslle dar un voto de confianza. Aquí, no Concello de Ourense, precisamente este ano modificamos a Ordenanza ao respecto. Falaba o portavoz do Grupo Popular que eles teñen unha ordenanza, pois o Concello de Ourense tamén. Precisamente este ano, despois de moitos anos cunha ordenanza obsoleta, cambiouse; podo dicir que colaboramos todos os Grupos políticos na redacción porque o concelleiro da Área, o señor Araújo, citounos e citou tamén a un funcionario de moita experiencia no asunto e froito desas reunións e desa grande cantidade de información que nos deu ese funcionario con moita experiencia saíu unha ordenanza que apoiamos todos os Grupos e que penso, aínda non transcorreu o tempo suficiente para comprobar a súa eficacia, pero que polo que se está vendo é bastante mellor que a que había, que adolecía de moitos dos defectos que nomeou o señor alcalde de Castrelo, a burocracia ás veces fai que cando a un lle chega a notificación ao propietario –no caso de que se encontre quen é- xa pasou o verán e xa pasaron os riscos de incendios, todos coñecemos eses problemas. Por iso, como penso que tal e como saíu a ordenanza do Concello de Ourense se alguén a quere tomar como modelo, pois mire, aí está tamén; porque *mutatis mutandi* ao mellor podería servir como Ordenanza tipo como pide a emenda do PSOE.

Xa digo, imos dar un voto de confianza ao partido popular, que desenvolva máis polo miúdo este acordo que entendemos moi abstracto, pero ímoslle dar ese voto de confianza e como dixen que iamos acollernos á súa decisión no que respecta á emenda do PSOE, pois acollerémonos tamén. Moitas grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSOE**: a verdade que me estraña a reacción e a intervención sendo un alcalde do medio rural. A verdade estráñame por varias

cousas, fálame de campaña electoral, ¿vostede viume a min cunha mangueiriña apagando nun incendio forestal? Espero que vostede non porque o seu jefe de filas si que o fixo, no ano 2006 paréceme que foi; polo tanto de campaña electoral non. Eu vou a cousas prácticas que son as que pasan precisamente no medio rural e nos concellos rurais, non sei si o seu concello non será así. Porque mire, mesturou tal cousas, inconcreción sobre partidas,mire, nós non estamos gobernando, nós facemos unha proposta. Se vostedes tiveran a intención de gardar, de poder intentar mellorar a protección nos núcleos rurais, poderían chegar a un acordo e dicir, oe Grupo Socialista, mira, que vos parece se incorporamos unha cousa ou outra; porque mire pódolle dicir moi fácil, a Deputación fai uns anos daba para roza 12.000 euros para os concellos nos Convenios, baixou a 7.500 e agora estamos a 4.500; pois mire, élle tan fácil como volver aos 12.000 por concello, xa verá como podemos rozar un pouquiño máis. Os Convenios coa Xunta de Galicia, onde fan uns Convenios leoninos, onde os Convenios para a prevención de incendios forestais páganlle 130 euros a hectárea ao Concello, que significa o 26,6% do custo real, o resto ten que o por o Concello; é así, pódelle botar as contas que é o 26,6% do custo porque o prezo por hectárea que ten que xustificar é de 490,07 e o prezo que lle subvenciona a Xunta de Galicia son 131 as hectáreas.

Brigadas de incendios. Eu non sei, no meu concello non a temos. Mire, fóra de reunións formais, na Comarca de Monterrei moitos alcaldes dinme: *¡que ben fixestes en Castrelo non a coller!*, pero mire, voulle dicir por que, por que estou en contra das brigadas. Primeiro, porque as brigadas que collen os concellos e colaboran son para os incendios forestais, non son para a prevención de núcleos rurais. Pero é que a parte, estamos, aínda máis, degradando aos traballadores que se collen a través da brigadas dos Concellos, ben sei que algunhas ao mellor cóllenas por obriga porque os obriga o seu partido amigo, outros cóllenas porque meten algunha xente a traballar, como digo, con eses empregos precarios, onde non me parece normal que un traballador dunha brigada de incendios do Concello cobre 900 euros, vaia ao incendio e ao vir do incendio teña que rozar porque lle esixe a Xunta de Galicia unha roza ao Concello; porque resulta que unha brigada que teña TRAGSA, que lle contrate a Xunta de Galicia a TRAGSA ou a SEAGA, sáelle en 30.000 euros. ¿sabe vostede en canto lle sae á Xunta de Galicia as que contrata cos Concellos? 15.000 euros porque os outros 11.000 si que son de prevención de incendios

forestais, por iso temos que rozar. Eses si que son de fondos europeos, por iso hai que rozar, co cal o único que están facendo é: os 11.000 euros que lle dan a cada brigada, que deberían ser precisamente para a prevención, estanse empregando nos incendios. Despois, os Concellos si que teñen que palmar á hora de xustificar as hectáreas que teñen que rozar. ¿Parécelles a vostedes normal que un compañeiro, dous compañeiros, anden apagando o lume e o de TRGASA cobre 1.200 euros ao mes e o do Concello cobre 900, pero ao acabar o incendio ten que ir rozar mentres que o de TRAGSA pode ir descansar?, ¿parécelle iso normal? Si é que está por ese tipo de traballo, paréceme moi ben.

A verdade eu creo, estoulle dicindo os dous Convenios nos que si se podería instar á Xunta a que mellore ese convenio porque este mesmo Convenio que asinou, que deben ser os 1.200 euros da subvención, ao final deben ter que xustificar nove mil e pico se queren que lle dean a subvención, aínda que a Xunta non entra niso, pero si que advirte que si hai unha auditoría, si que ten que ter xustificado os 490,07 hectárea. A Deputación, mire élle tan fácil como volver ao principio, cando daba 12.000 euros e iso poderíano facer vostedes doutra maneira, porque a o final son quen gobernan non lle vou dicir eu que tipo de Convenios poden facer, cales son os recursos que ten o Grupo de goberno e cales pode facer.

De todas formas, sen aceptar ningunha emenda de adición, a nós non nos queda outra que absternos porque isto ao final cremos que non vai ser nada efectivo para a prevención dos núcleos rurais, ojalá o fora. Se tiveran vostedes vontade, puideramos chegar a un tipo de acordo para poder facelo.Moitas grazas

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** grazas presidente. Estimado compañeiro portavoz do Bloque Nacionalista Galego, algunhas das propostas que acabas de facer, eu estou de acordo, case tan fácil como propolo antes ou falalo, eu algunha das cousas, un plan de uso, perfecto, idóneo, teño falado moitas veces sobre un plan de uso do territorio, paréceme algo absolutamente razoable. Despois, algunhas das outras cosas que propós, recuperar o consenso, o diálogo, cos montes comunais, cos montes de man común, non sei a que consenso te refires, nós temos consenso ou nós de maneira permanente, a min cónstame que a conselleira así o fai, e máis, cónstame algunha mesa permanente cos montes comunais ;por certo a última reforma da Lei foi, creo, no reinvestimento do 40% do beneficio, foi fai pouco e vai nese senso. En canto a pechar o ciclo produtivo en Galicia,

libre mercado, creo que non debemos  nós intervir ou non intervir, creo que si que sería moi bo que moitos dos derivados que xorden no monte quedaran no territorio, niso tamén poderiamos estar de acordo.

Estou de acordo absolutamente co compañeiro Ojea, no que di que hai que deixar todas as traxedias á marxe do trato político, nada que dicir, pacto e imos a outra cousa, absolutamente de acordo. En canto á ordenanza, no Concello de Ourense haina, pero tamén a hai no Concello da Veiga ou noutros moitos concellos; por iso a primeira proposta que se facía na emenda do partido Socialista é que a Deputación redacte unha ordenanza, nós xa temos ordenanza e moitos outros concellos xa teñen ordenanza, non creo que sexa moi complicado baixar a unha e a outra, corrixir unha ou propor outra cousa, creo que non ten complicación ningunha.

En canto ao que me refería o portavoz do PSOE, señor Vicente, mire, vostede dicíame de propaganda, eu non fun o que falei do Plan marco, de moitas outras cousas, nas tres, catro horas que levamos aquí, posiblemente falaron o 80% das intervencións da Xunta, non din nada da provincia. Non fun eu o que falou diso, non fun eu.  ¿sabe cal é o concello que máis diñeiro recibe da provincia de Ourense? No é do PP, a parte lindeiro co meu, polo menos o alcalde non me mentiu o outro día, é do Bloque, polo tanto son criterios obxectivos no que el é o que máis diñeiro recibe da provincia de Ourense. Eu referíame a iso, a facer política nese campo, non neste outro. Cando vostede me di o da inconcreción, vostede ao igual que fan as propostas, as propostas poden ser motivadas, fundadas, infundadas; esta é dende o meu punto de vista, e dígollo con todo o respecto que sabe que llo teño, infundada, non ten motivación algunha. Falar de: imos meter nos gastos da Deputación todo isto, ¿o que? ¿de que maneira? ¿non establecemos un procedemento para tutelar se está ben feito o mal feito? ¿non facemos un informe previo para saber que necesitamos facer? Nós só expomos facer un informe e saber o que imos facer, por iso me sorprende moitísimo que vostede se absteña ¿cómo quería saber isto?, ou ¿como quería saber o gasto que fariamos, se non temos ese informe?, ¿de que maneira? Haberá que facer un informe. E polo tanto, agradecerlle a Democracia Orensana e ao Bloque o voto favorable e a vostede dicirlle que tamén me sorprende a súa actitude na abstención.

Mire, o que pasa no meu Concello e no seu, hai unha diferenza e que eu teño dúas brigadas, con todo o leoninas que din que son vostedes, e que lle da servizo a toda a

Comarca e vostede non a ten. Pero vostede aproveitase de todos os concellos do Partido Popular que son lindeiros con vostede, que teñen dúas, case dous paréceme, menos vostede que non ten ningunha. Moitos alcaldes dinlle*: mire, non, que non me é rendible*; pero cando van ao seu concello apagar, ¿dille que non é rendible? Eu, por iso mesmo, defendo que debemos colaborar coa Administración, e a colaboración coa Administración...a min dende logo tamén me gustaría pór cero euros, pódolle asegurar, e eu botei os mesmos números que botou vostede e pódolle asegura que me fastidiou ao igual que lle fastidiou a vostede, pero considero que debemos colaborar coas distintas administracións.

Eu sempre respecto cando vostedes falan, non me van oír, durante catro anos, intervir nunca. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 20º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 20

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de engádega do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Popular, e co voto favorable do Grupo Popular (13), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Abrir unha liña de cooperación co goberno autonómico en materia de prevención de incendios coa elaboración dun estudo urxente para a preparación de franxas de biomasa como medida de protección contra incendios forestais nos núcleos de poboación dos concellos.

**21º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA PALIAR OS EFECTOS DA SECA NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución, con número de rexistro 20.023, e cédelle a palabra o Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**, bos días outra vez. Mira que levaba unha semana contento por cuestións persoais, pero hoxe parece que é o día que me nomean a min, directa ou indirectamente. A verdade amigo Juan, voulle dicir: que vostede

di que veu os incendios, que os incendios de Valdeorras case os apaga a Veiga. Voulle demostrar eu, cando queira, que no distrito 13 quen ía aso incendios era A Rúa Petín, porque, xeograficamente, estamos ben situados no distrito 13. Os da Veiga ían a 1 e os de Petín ían a 5; pero rozabamos a mesmas hectáreas os da Veiga que os de Petín. Entón, iso é o que non pode ser. Dende o ano pasado Petín non volve a facer brigadas de incendios porque non as volve facer e punto, acabouse.

Imos coa moción. Os cambios climáticos que se están a producir dende hai uns anos, están a afectar gravemente, tanto aos sectores produtivos, como, neste caso, ao abastecemento dos veciños do rural sobre todo. Vimos arrastrando, ano tras ano, secas cada vez máis duradeiras; este ano a situación parece indicar un estado de alarma sen precedentes. Neste intres, Galicia está nunha situación de pre-alerta por seca, tanto a que se prevé, como a que xa se produciu nestes últimos meses; o que provoca que esteamos menos preparados para a chega do verán. O mes de abril, sen ir máis lonxe foi o mes máis seco en 35 anos no noso país. No que respecta a Ourense, a gravidade da situación segue o patrón xeral, nas comarcas de Valdeorras foi onde menos choveu, recolléronse valores inferiores aos 10 litros. A cunca do Sil é a zona máis afectada segundo afirma o delegado da AEMET e Galicia. As precipitacións na nosa provincia sitúanse nun 40% por debaixo da media histórica, os embalses da provincia atópanse –a mes de xuño- nuns valores inferiores ao 61,92% da súa capacidade máxima, un 26,66% menos que fai un ano, segundo informa a confederación hidrográfica. Ata o de agora Galicia, e polo tanto Ourense, acumula 6 meses en situación de pre-alerta por seca; esta situación leva camiño de ocasionar graves problemas no abastecemento. Daquelas xa se produciron tales problemas e chegouse ao extremo das restricións. No que respecta ó índice de precipitacións estandarizado, cómpre dicir que quedou por baixo do -1 no pasado decembro, polo que podo aseverar que é un caso xa severo. Neste caso, a Mancomunidade da Rúa Petín -porque eu vou volver falar, antes de que me falen- da que eu son presidente, xa levamos uns meses cun tema de seca; pero non soamente é a Rúa Petín, porque se fose solo a Rúa Petín.., é verdade que tiven unha entrevista co señor presidente e houberámolo solucionado, porque si tivemos boas palabras, antes de que mo digan vostedes, que xa tiven unha entrevista co presidente; pero non é un problema da Rúa Petín, é un problema da provincia, non só un problema de abastecemento, é un problema dos agricultores e gandeiros desta provincia.

A FEGAMP vén de solicitarlle á Xunta, a través dunha xuntanza con Augas de Galicia, unha liña de axudas destinadas aos concellos co fin de que se subvencionaran obras dirixidas a buscar novos mananciais ou resolver os problemas de abastecemento que poidan ter algunhas localidades. Desde diversos ámbitos estanse a facer chamamentos para un consumo controlado ao estarmos en situación de pre-alerta xa que se está actuando tarde para o que pode supor este vindeiro verán.

As propostas de acordo son:

1. *Esixir da Xunta de Galicia a habilitación inmediata dunha liña de axudas destinada a subvencionar obras dirixidas á procura de solucións para o abastecemento.*
2. *Instar á Consellería do Medio Rural a que analice a situación do agro e da gandería ourensá co obxectivo de anticipar medidas que palíen os efectos da seca nestes sectores produtivos.*
3. *Pór en marcha de xeito inmediato un grupo de traballo cos concellos das zonas afectadas que avalíe a adopción urxente de medidas para asegurar o abastecemento nestes municipios.*
4. *Habilitar unha liña de axudas provincial para os concellos que precisen desenvolver proxectos e/ou teñan proxectos de obras de abastecemento xa autorizadas.*

É todo polo momento.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. O presidente da Confederación Miño-Sil vén de afirmar nunha entrevista que de persistir esta situación de seca, a penas atenuada polas choivas destes días, pode haber restricións de auga. O nivel de reservas nos encoros baixou bastante, sen chegar a ser alarmante, pero o que si non está garantido é o abastecemento a través de mananciais ou captacións, mecanismo polo cal moitas aldeas e parroquias da nosa provincia se abastecen. Na nosa provincia o nivel de auga que levan os ríos e dispar, a conca do Limia leva xa niveis normalmente baixos, na conca da comarca do Ribeiro o Avia e o Arnoia tamén; pola contra o Miño e o Sil están por debaixo, pero non nos niveis alarmantes dos anteriores, de momento.

Os encoros galegos perderon na última semana 11hm$^3$, 3 na demarcación Galicia costa e o resto da do Miño-Sil, segundo datos do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Na actualidade os encoros desta última conca atópanse ao 63% da súa capacidade, con 2.006 hm$^3$, uns datos que son significativos si se comparan con niveis que presentaban hai un ano, no que os encoros da Demarcación Miño-Sil estaban al ao 88.7% da súa capacidade. Dende o 12 de xaneiro, data na que se activou a pre-alerta por seca, apenas caeu auga e as precipitacións concentráronse en contados períodos salteados ao longo destes meses. Con esta situación, Galicia atópase ás portas de cumprir seis meses consecutivos en pre-alerta por falta de choivas, un feito totalmente inaudito para o País e para a época do ano. A pesar disto, a Xunta, explica que as choivas caídas nestes días melloraron sensiblemente a situación no caudal dos ríos, que é o realmente preocupante, pero seguen sendo insuficientes e aínda non se acadan os valores normais. A que foi a primavera máis seca da historia, só en abril de 1982 se rexistraron tan poucas choivas como nos meses pasados, causou perdas millonarias no campo galego, ademais de aumentar a incidencia de lume e provocar a escaseza dun recurso cada vez mais limitado na capa freática a 15 metros da superficie. Esta situación de déficit hidrolóxico en Galicia agravouse nos últimos anos polos episodios de seca cada vez máis frecuentes, o aumento da demanda nos fogares, un consumo en ocasións irresponsable e as deficiencias na rede de abastecemento. Isto que está a pasar, que xa non é unha novidade, non se pode entender senón como consecuencia do cambio climático; os cambios nas condicións atmosféricas teñen un efecto máis que evidente nos procesos físicos e químicos nos diversos estratos terrestres, cambios nas correntes oceánicas, aumentos do nivel do mar, treboadas máis poderosas e devastadoras, secas, lumes e desaparición de ecosistemas entre as principais consecuencias, todas relacionadas entre si. Entre as consecuencias más inmediatas e destacables, podemos nomear o incremento da temperatura por medio de temperaturas extremas, como se mencionou anteriormente o aumento de gases de efecto invernadoiro no planeta, que fai que a temperatura de promedio da atmosfera aumente, nos últimos 100 anos a temperatura do planeta aumentou ao redor de 1,5 graos.

Xa centrándonos na moción do Partido Socialista, que adianto imos a apoiar, convén lembrar que no 2016, cando o BNG estaba no co-goberno da Deputación de Lugo, implementouse unha partida de 500.000 euros para construír traídas novas e mellorar 34

levadas xestionadas por comunidades de veciños e veciñas en 30 concellos para mellorar o abastecemento de auga e, para que ninguén nos acuse de partidismo, este ano novamente a Deputación implementou outra partida de 475.000 euros para novas infraestruturas en 21 concellos e, ademais, mellorar a rede en 17 núcleos. A pregunta é, si o fan na Deputación de Lugo, non entendemos que non se poda facer aquí. En canto á emenda que se nos formula por parte do Grupo Popular, dicir que, como sempre, vostedes escorrendo o vulto, non comprometéndose a nada, xa estudarán, valorarán, etc..,eternos brindes ao sol; co cal xa tamén anuncio que vamos a votarlle en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola de novo. Aquí atopámonos con outro problema grave, de magnitude, polo menos, comparable á dos incendios forestais; ademais é un problema que sabemos que está afectando, non só a Galicia senón ao resto de España e parece que no mundo empeza a haber esta clase de problemas. Dise que as próximas guerras deixarán de ser polo petróleo, para ser pola auga.

Toda a situación é da que todos os que me precederon na palabra levan falado, a pertinaz sequía, como dicía alguén. Xa sabemos que temos restricións, mesmo aquí, por exemplo, no concello de Ourense hai restricións para o baldeo das rúas; tamén sabemos que non afecta soamente ao abastecemento ou ao saneamento, senón afecta á economía agrícola e gandeira. Eu falaba o outro día co concelleiro de Amoeiro que é aquí compañeiro deputado que tamén teñen algún problema relacionado coa auga so seu concello e dicíalle que esta é a clase de problemas na que se teñen que involucrar as administracións públicas. Votaremos dende logo a favor da moción do partido socialista. No que se refire á emenda do Partido Popular, efectivamente tamén facemos unha lectura de que o que se pretende, a parte de esa tendencia a emendar compulsivamente e , a ser posible, polo método da substitución total –moitas veces desnaturalizando a moción orixinal-, botan balóns fóra, escorren o vulto, que sexa a Confederación Hidrográfica a que se ocupe, nós, si, podemos facer un estudo pero sen poñer un peso, etc.. Nós pesamos que nesta clase de cousas é nas que se teñen que gastar os cartos, non só a Consellería de Medio Rural ou a Confederación Hidrográfica, senón tamén a propia Deputación aquí si que tamén se ten que involucrar, pois por exemplo, nos termos en que fala a moción do Partido Socialista. Entón, votaremos a favor da proposta do PSOE e no caso da emenda, aínda que nos parece, como dicía antes, unha maneira de eludir responsabilidades, aterémonos tamén ao que diga o Grupo

propoñente da moción; si eles estiman que iso soluciona o problema dende outra óptica distinta á deles, pois votariamos tamén a favor seguindo a liña do Grupo propoñente. Grazas.

**D. Ana Vilariño Pardo, do Grupo do Partido Popular**: grazas presidente. Moi bo día a todos. É certo que estamos ante un ano excepcional no que a climatoloxía se refire, xa no Pleno ordinario do mes de abril no que aprobamos a moción de urxencia, presentada polo Partido Popular, polos efectos da xeada falábamos na exposición de motivos que estabamos a sufrir un ano realmente adverso no que a climatoloxía se refire e falabamos tamén da seca.

Na provincia de Ourense, contamos con tres organismos que se encargan de facer un seguimento aos nosos ríos e aos nosos encoros. Estamos a falar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e estamos tamén a falar de dúas Confederacións Hidrográficas: a Confederación Hidrográfica Miño-Sil –con competencia na maioría de concellos da nosa provincia- e a Confederación Hidrográfica do Duero, con competencia en 14 municipios do sur e do leste da nosa provincia. Parece que vostedes se esquecen na súa moción destes dous organismos, destas dúas Confederacións. Estes tres organismos contan con respectivas oficinas técnicas da seca; no caso das Confederacións, tanto na Miño-Sil como na do Duero, son de carácter interno e están integradas por persoal da propia conca. No caso da oficina técnica da seca da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, está formada por persoal especializado de todos os departamentos da Xunta de Galicia con competencia na materia; estamos a falar de Meteogalicia, da Axencia Galega de Emerxencias, da Consellería do Medio Rural e de Augas de Galicia. Esta oficina técnica, por certo, está previsto que se volva a reunir nos primeiros quince días do mes de xullo.

Na Confederación do Miño-Sil, como dixen con competencia na maioría dos concellos da nosa provincia, neste momento a reserva hidráulica é do 67% da súa capacidade, isto conleva un estado de pre-alerta, consecuentemente trátase de levar a cabo labores de concienciación cidadán e de consumo responsable da auga; pero non supón ningún tipo de medida restritiva aos cidadáns. En estado de pre-alerta en que se atopa a Confederación Hidrográfica Miño-Sil non se ten activado ningunha liña de axudas, porque estas actívanse cando se declara estado de seca que non é o caso. No caso da Confederación Hidrográfica do Duero, que como dixen pertencemos 14 concellos do sur e do leste da

provincia de Ourense, si está decretado o estado de seca e aquí si se poden solicitar determinadas axudas, como son: moratoria nos pagos ás cotizacións da Seguridade Social por parte dos agricultores ou implementar algunha outra obra como poden ser sondeos ou captacións.

Por todo o dito, o Grupo Popular presentamos unha emenda de substitución á presentada polo Grupo Socialista que, por suposto, non é papel mollado nin ningún brinde ao sol, porque non sei si é que non a leron con detemento ou xa todo o que procede do Partido Popular mírano con recelo, porque no punto número tres di textualmente: *a Deputación de Ourense levará a cabo un seguimento polo miúdo da evolución da seca, estudando a adopción de medidas concretas nos casos máis graves que poidan xurdir nos concellos da provincia*. Señor Rodríguez Suárez e señor Ojea, estamos abrindo a porta a que poida haber algún tipo de axudas, sempre e cando sexa necesario; porque recordemos que a palabra cooperación da Deputación Provincial de Ourense cos 92 concellos da provincia de Ourense é unha máxima presente neste Grupo de Goberno. Nada máis e moitas grazas.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**: dende logo o Grupo Socialista vai votar en contra da emenda do Grupo Popular e vai votar en contra por dous motivos. Primeiro, esquécense dos agricultores e gandeiros dos que vostedes na súa emenda non falan deles. Segundo, mire: *la Confederación Hidrográfica mantiene la pre-alerta por sequía, 11 de diciembre; 25 de enero, la Hidrográfica urge a los Concellos a restringir el uso público del agua; 21 de junio, la Hidrigráfica asegura que el suministro del agua a los pequeños núcleos no está garantizado. El abastecimiento de agua está asegurado para las grandes poblaciones que cubre dicha Confederación como Lugo, Orense o Ponferrada y cuyas tomas proceden del Miño y del Sil, pero no para los pequeños núcleos*. Isto dio a Confederación, non o digo eu. Estudos hai dabondo, pódolle dicir, porque ademais é verdade que no Duero temos aquí o Decreto de que xa está...por iso, dicir que vamos a estudar cando xa a do Duero xa decreta unha emerxencia e van vostedes a estudar ¿que? ¿que van a estudar? O Duero xa decreta emerxencia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está dicindo que só lle garante aos cidadáns de Ourense, segundo isto, todos os que tomen do Miño e do Sil, só lle garante aos de Ourense; pois non sei que imos estudar. Levamos nós dous meses intentando coller auga dun embalse, entre permisos de

Confederación, analíticas da auga, permisos de sanidade e, sobre todo, as empresas hidroeléctricas que se fan donas dun ben que é de todos os galegos e as galegas; posiblemente este ano non podamos coller auga, cren eles, pero pódolle dicir que eu, como alcalde de Petín e presidente da Mancomunidade, collemos auga porque collemos auga, porque a Lei di que primeiro para beber, segundo para beber e terceiro para beber e co que sobre que produzan electricidade. Nada máis polo momento.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: penso que aclarou suficientemente o portavoz do PSOE o asunto en relación coa conca Hidrográfica do Douro, iso xa está. Eu comprendo que a alcaldesa de Oímbra teña especial sensibilidade precisamente con iso porque está nun concello que está na conca do Támega, do Tamesis, non do Támega e verte as augas no Douro. Di a señora portavoz do Partido Popular que deixa a porta aberta, deixa a porta aberta porque din no seu punto número tres *a Deputación de Ourense levará a cabo un seguimento polo miúdo*, un seguimento, *da evolución da seca estudando á adopción de medidas concretas*. Pero en ningún momento fala de soltar a guita, en ningún momento fala de que se comprometa a gastar cuartos a Institución provincial, cando aquí a moción do Partido Socialista fala de habilitar unha liña de axudas, aquí avoga por un compromiso de gastar diñeiro: *habilitar unha liña e axudas provinciais para os concellos que precisen desenvolver proxectos*; e sen embargo, a emenda do Partido Popular só fala de estudarase, faremos un seguimento naqueles casos máis graves, que a saber con que criterios se decidirán cales son eses casos máis graves, porque graves cando se está falando disto, tal e como dicía o alcalde de Petín, cando se está falando dun produto tan básico como a auga, a máis mínima restrición xa se pode considerar como grave, porque non é precisamente un luxo a auga. Como dicía antes manterémonos ao que o Grupo propoñente decida no tema da emenda, nós votaremos en principio a favor da moción, Grazas.

**D. Ana Vilariño Pardo, do Grupo do Partido Popular**: si, moi brevemente. Grazas presidente. Señor Bautista, díxenlle efectivamente que a Confederación Hidrográfica do Duero está en estado de alerta e aí si hai axudas para os agricultores. De momento, a reserva hidrolóxica na Confederación Hidrográfica Miño-Sil é do 67% , non estamos en estado de alerta. Señor Ojea, casos graves son casos graves, obxectivamente

determinados e, por certo, por Oímbra pasa o Támega, non o Tamesis, xa o invitei algunha outra vez a que visite o meu concello e reitérolle a invitación. Nada máis e moitas grazas.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**: non vou falar eu, voulle poñer..un gandeiro da miña zona, mire o que di: *bos días señora conselleira do Medio Rural. Son deses xóvenes gandeiros que se incorporou este ano, os cales vostedes di que somos o futuro do agro galego, que no rural galego hai vida e todo iso que na prensa queda moi ben; pero nas súas políticas non se demostra día a día. Levamos aquí, no oriente ourensán, un inverno de seca e unha primaveira tamén de seca e moita xeada, a cal nos arrasou todo, tanto prados, como castaños, como demais producir artigos. Este prado, por exemplo, ben o ven témolos que facer, son prados de sega, están secos e practicamente sen comida para o gando. Non lle estamos pedindo limosna, todas as protestas que houbo tractoradas, manifestacións son reclamando os nosos dereitos. Vostedes, do seu mesmo partido, rescataron autovías, bancos con millonadas; e nós, os gandeiros, que somos os que queremos subir a alimentaria, os que alimentamos un país ¿onde quedamos? Apartados, si sobrevivimos, bien; se desaparecemos, ¡que peniña,non! Non era viable. Se vostede non está capacitada para xestionar o agro galego, como o está demostrando continuamente, dimita e que dimita o seu equipo de traballo e deixen xente máis competente; senón tomen medidas urxentes. A compra de forraxe é practicamente inviable este ano,porque non hai no mercado pola seca é xeneralizada en gran parte do Estado. Entón tome medias señora conselleira*. Aquí rematamos xa

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 21º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 21

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar aos organismos de conca con competencias na provincia de Ourense (Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Confederación do Douro), así como á Consellería

de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para que realicen con carácter de urxencia estudos da situación actual da seca na provincia de Ourense.

2º.- Instar a ambas as dúas confederacións, así como á Consellería, para que informen puntualmente á Deputación de Ourense sobre as análises que da situación realicen nas reunións das súas respectivas oficinas técnicas da seca, encargadas do seguimento do estado de ríos e encoros.

3º.- A Deputación de Ourense levará a cabo un seguimento polo miúdo da evolución da seca, estudando a adopción de medidas concretas nos casos máis graves que poidan xurdir nos concellos da provincia.

**22º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ADQUISICIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DO DIARIO LA REGIÓN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o seu contido.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana**, tengo la excusa de que estaba hablando precisamente de esta moción con Miguel Caride, me dice: es que ahora no puedo hablar, estoy en un tren de Londres, y yo le dije: yo tampoco que me acaban de llamar. Non podiamos falar nin un nin o outro. Xa parece José Manuel Baltar, Caride, anda por aí polo mundo adiante.

Vamos allá con este tema. Simplemente rescatar unas palabras de antes que me hicieron gracia, porque el PSOE en la moción antes de Pumar se abstuvo, en la que pedíamos la dimisión de Pumar, entonces mi pregunta es, un poquito de criterio le pedimos al PSOE porque en el Concello de Orense votó a favor, votó a favor de la dimisión, entonces me pueden explicar por qué en el Concello de Ourense votan a favor y aquí se abstienen. ¿Son Jekyll y Hyde? ¿son dos PSOE? o qué pasa ahí. Entonces decir que es para alucinar. Decir también, antes dijo una frase Cándido, perdón, Plácido que decía: *unha cousa está clara, os cidadáns da provincia votaron e votáronos a nós para estar aquí.* No, sabes que esto es una prostitución de la democracia, es decir, la gente vota a los alcaldes, la gente en ningún momento está pensando en José Manuel Baltar, la gente vota a los alcaldes y después, debido a que existe una Institución que ya no tendría que existir, que habría que suprimir, que es la Diputación, esos alcaldes, después, eligen y por mayoría, o lo que sea, se

forma la Diputación; pero en ningún caso la gente cuando vota está pensando en la Diputación,  porque si estuvieran pensando en la Diputación no votarían a Baltar.

Vamos ya con el tema. Como antes decía la primera moción era más grave que esta pero como sabes como es la condición humana, le damos mucho más valor a lo que perdemos, en este caso estamos perdiendo  dos millones setecientos mil euros, porque cuando se le regalan dos millones setecientos mil euros por humo, por comprar humo al perióidico La Región, todos los ciudadanos de Orense ven esto como realmente una pérdida; porque pagarle 2.700.000 euros, que son 400 millones de pesetas, lo ven como una pérdida porque es como un regalo.

Es la primera vez que llevo un guión con oredenador, siempre lo tengo en papel, pero bueno da igual. Esto todo viene del año 2008 porque, como ustedes saben, el periódico *La Región* vive de dinero público; bien es cierto que casi todos los medios de las provincias suelen vivir realmente de dinero público. Ustedes imagínense si yo tengo una televisión, que es Auria TV, donde actualmente no tiene ingresos públicos de ningún tipo, desde hace varios años, y tenemos que competir con la televión de Telemiño que los ingresos que tiene Telemiño son entorno a 15.000 euros al mes, públio; es decir, toda la nómina ya se la pagan entre la Diputación y el Concello de Orense, ya le pagan casi toda la nómina de los trabajadores; entonces, claro.. aparte de que es una competencia desleal. Realmente es gente que no vive en el mercado, empresa que no viven el mercado tal y como están hoy en dia  los medios de comunicación. En todo el mundo lo están pasando muy mal y en España lo pasan mal entre comillas porque chupan de la teta del Estado, entonces es algo totalmente irreal. Aunque Telemiño pertenece al Grupo de La Región, vamos ya con el tema de  *La Región*. *La Región* es una empresa que vive del dinero público dese hace años y concretamente la Diputación de paga en torno a 600-700  mil euros al año, el Concello de Orense más o menos otro tanto y luego lo que puede pillar de la Xunta de Galicia. Ustedes imagínense, ciento y pico millones de pesetas de la Diputación al año, otros ciento y pico millones de pesetas del Concello al año. Hablamos de 700.000 y 600.000 euros más o menos, más lo que pide a la Xunta. Pues bien, todo esto no les llega y quieren más. Entonces ya habían urdido esta operación en el año 2008, creo que fue, cuando querían hacer una ampliación de capital para que la Diputación entrara en el accionariado de *La Región* y decían que le vendían el 5% y que ese 5% valía en torno a un millón de euros.

Aquella operación se abortó porque no se podía hacer técnicamente y el PSOE aprovechó para decir: mira, nos salimos de esto y fueron los que disintieron y no se hizo la operación. Pero quedó con el rollo de que ya querían entregarle a *La Región*, de aquellas, en el año 2008, un millón y medio de euros. Pues ahora viene el hijo, de aquellas había sido el padre, y perfeccionó el método; ya no es un millón y medio de euros, ahora ya son dos millones setecientos. Es decir, pasó en el año 2008 de un millón de euros, ahora pasó ya a dos millones setecientos mil. Perfeccionó el método porque ya no va a ser en ampliación de capital como acciones, sino que va a ser con este rollo que es la compra de el archivo histórico de *La Región*.

Todo esto empezó con un engaño masivo en el que Plácido fue cómplice, porque hace unos meses trajeron una modificación de crédito y fue Democracia Orensana quien preguntó: *mire, perdón, ¿qué es esto de modificación de crédito de 900.000 euros?* y las palabras de Plácido –te llamo Cándido porque me lío con el del pabellón, ¿sabes quién es?- entonces a Plácido le preguntamos ¿qué pasa con esta modificación de crédito de 900.000 euros de modificación de crédito? Y dice Plácido: *señor Jácome, non sexa mal pensado*; ponía proyectos culturales complejos, ¡complejos de carallo!. Dice Plácido: *señor Jácome, non sexa mal pensado, xa saberá para que é, é precisamente iso, proxectos culturais complexos, non sexa mal pensado.* ¡Carallo! Pois menos mal que fun mal pensado, porque al cabo de unos meses, Democracia Orensana destapa lo que pasaba y ¿qué era eso? . lo destapó Democracia Orensana, inmediatamente lo mandamos a los medios de comunicación. Bomba informativa de Democracia Orensana que destapa lo que para nosotros es una estafa, una malversación de fondos públicos. Esto que intentaron ocultar ellos, fíjense que estos que luego dicen que tienen premios de transparencia internacional, es todo mentira porque lo tenían todo tapado y bien tapado. Al final, destapamos la operación y nos enteramos de que ya se efectúa toda la historia, pagos, todo eso y nos esteramos que se le compra el archivo, le llaman así, el archivo histórico a *La Región* por 2.700.000 euros. En el momento que lo mandamos a la prensa diciendo que es malversación de fondos públicos, lo mandamos como bomba informativa, reacciona la Diputación y , al cabo de 100 minutos, 1hora cuarenta minutos, mandan una nota de prensa como quien que iban a dar la notica ellos mismos ese día y la tenían toda maquetada. Claro, la precipitaron a la prensa porque Democracia Oremsana destapó la operación dos horas

antes. Ahí demuestra su mala fe. Entonces, lo ponen como que es una venta, que lo tenían todo para anunciar, que es totalmente limpio.

¿Qué ocurre? Fíjate aquí la malicia del tema, que ya empezamos a urdir las cosas, ellos dan la orden de pago de este dinero, que son 2.700.000 euros divididos en tres pagos, los primeros 900.000 euros –que son 150 millones de pesetas- dan la orden de pago, se atreve a hacer la operación José Manuel Baltar solamente cuando la jueza archiva el juicio por acoso sexual y por cohecho y todo lo que teníamos denunciado. Ese tema ahora está en la Audiencia y vamos a ver que pasa. ¿Qué ocurre? Que en el momento que archivan el caso, es una victoria parcial, de momento vas ganando el partido, coges moral y dices: ya se puede hacer ¿por qué? Porque si lo hace antes de que la jueza archive, se arma tal polémica en la ciudad, como de hecho se armó, que entonces él no se atreve y dice: no, espera a ver lo que dice la jueza porque no voy a sacar esta bomba. En el momento que la jueza archiva el caso, a los tres días da luz verde a esta operación que la tenía achantada desde que hizo la modificación de crédito. Fíjate la malicia, cómo tenían todo urdidio. A los tres días de que archivan el tema ¡vas! ya podemos ir para adelante.

El precio. El precio es obviamnete de broma. Dicen que vale 3.800.000 euros, pero que nos hacen un descuento y queda en 2.700.000 (450.000.000 de pesetas). El precio, que son 2.700.000, es el 4% del presupuesto de esta provincia, ¿ustedes creen que se puede gastar el 4% del presupuesto de una provincia, que es la más pobre de España o la penúltima, andamos siempre luchando con Zamora, creen que se puede gastar el 4% en dárselo a una empresa? Y ¿para qué? ¿por qué ese trato de favor con La Región? Porque llevamos, yo tengo 47 años y subiendo, llevamos desde que leo la prensa, siempre el mismo rollo que es ¿por qué tenemos que darle dinero público a una empresa que lo único que hace es un trato de favor a quienes le pagan? Porque esto es realmente lo que hacemos. Primero, le estás pagando todos los años 600.000 euros (600.00-700.000 la Diputación), pero otro tamto el concello, más lo que le paga la Xunta que antes le pagaba más, o sea, si ya le pagamos esa animalada todos los años a unos señores que no saben gestionar una empresa, además se le compran miles de periódicos, ahora tenemos que comprar el archivo histórico que es un periódico al día, que son aproximadamente 39.000 días, desde el año 1910, más o menos 39.000 ejemplares, ¡pero si ya hemos comprado unos mil al día! ¿Para qué? Realmente es una broma.

¿Qué ocurre? Este periódico lleva prácticamente toda la vida así. Cuando nosotros, Democracia Orensana, manda una noticia de Baltar no la publican, o la ponen en pequeñito y cuando él contesta, lo ponen en grande. Ahora cogemos el periódico *La Región*, es el de hoy para que vean el ejemplo, vemos que pone: *la intermodal, urgente y de interés público para la ciudad*. Ayer se hizo, al parece, una asamblea por el tema de la estación, pero automáticamente para joder a los que critican contra la intermodal, ya le ponen aquí un artículo debajo de por qué es bueno el proyecto del PP. No dan puntada sin hilo, no pueden poner la noticia sola; si fuera una noticia buena del PP, no te ponen la réplica de la oposición, no te la ponen; ponen la réplica cuando es del PP porque son los que pagan. Si mañana Baltar anuncia una cosa buena, no aparece la réplica de Democracia Orensana o d cualquier otro, no, la réplica sólo aparece del PP cuando hacen una noticia en contra de ellos. Aquí aparece. De repente, sigues con *La Región* y ves, en pequeñito: *Democracia Orensana exige al gobierno local que actúe en la plaza de San Antonio*. ¿esto qué es? Unos tíos cogieron en plaza de San Antonio, el parking de abajo, y se hicieron dueños de él y resulta que el parking es público porque lo dice una sentencia, lo dice un juez y lo dicen los técnicos del Concello: oiga, que ese parking es público, es del Concello. Lo tienen unos tíos, 303 plazas, lo explotam para ellos y cobran todo el dinero y se quedan con él. ¿Qué ocurre? Democracia Orensana denuncia que hay que recuperar ese subsuelo, no se le puede dar licencia al del parking y hay que quitar la licencia poruqe es totalmente ilegal y tiene que pasar a dominio público. ¡Es un escándalo bestial! Estamos hablando de que en lo últimos años se han levantado un millón de euros. Bueno, pues eso lo ponen en pequeñito y luego en grande ponen: *clases gratuitas de Tai Chi este verano. Vuelven las clases gratuitas de Tai Chi*. ¿Para qué quieren comprar el archivo? Lo pueden hacer como una colección de lo que es la manipulación. Visto como, a lo mejor, es la manipulación informativa puede tener valor, pero fuera de ahí no tiene nada. Esto es para que vean lo que es el día a día.

El tema de pago a plazos. ¿Por qué se paga a plazos? Son 2.700.000 euros y se decide pagar a plazos, ¡qué cosa más rara! ¿por qué? Porque está prohibido, la Administración no puede pagar a plazos, porque se puede considerar que es un crédito encubierto y es uno de los motivos por los que nosotros, si aquí ahora sale aprobada la moción, nosotros en las denuncias que hagamos es uno de los temas a los que nos vamso a

aferrar, porque es ilegal este expediente, porque no se puede pagar a plazos, está totalmente prohibido pagar a plazos; salvo unos hechos muy puntuales que no se dan. Entonces ¿por qué se puede pagar a plazaso? Uno, por negligencia y dos, por lo que yo creo, estoy convencido, porque según hizo la maldad de publicarlo a los tres días, hizo lo mismo de pagar a plazos, lo paga a plazos porque, ¡coño!, es muy fácil, son 2.700.000 euros, douche 900.000 agora, 900.000 no 2018 e 200.000 no 2019 que é cando son as eleccións, entón douche pouco a pouco, non sexa que che pague todo e te olvides do tema, ou fundas a empresa ou pases de min. Te tengo controlado, te voy dando 900.000 cada año, antes de las elecciones, para que dependas de mí, como se dice vulgarmente: te tengo cogido por los huevos. Te pago 900.000 cada año, hasta el 2019 que es mi próximo reto electoral. Posiblemente ese sea el motivo por el que ha decidido hacer algo ilegal, pero es tan burro que posiblemente esa maldad de pagarlo a plazos  eche a bajo la operación.

Decir que en esos 39.000 días, desde el año 1910, son 107 años, sale la compra de cada ejemplar a 69 euros, ¡coño! Un ejemplar vale un euro, por mucho que se revalorice.., se revaloriza más que cualquier materia prima. Algo que hoy vale un euro, pero le dan un valor de 69 euros, o sea, mejor inversión habría que ir a Wall Street, si se enteran en Wall Street veñen a invertir no archivo histórico da *Región*.

Obviamente, el tema del precio sabemos que es una cuestión de oferta y demanda y que aquí no hay criterio de mercado. El problema de que no hay criterio de mercado es que, a la hora de hacer un precio, necesitas una referencia y entonces para hacer esta referencia se utiliza aquí ya lo que es el cachondeo total, que  es una tasación. Para no mosquear mucho a la gente, no hicieron lo que hicieron con la tasación de la red termal; ustedes saben que la Diputación se metió en la red termal de Europa y cometió uno de los errores más graves que yo veo, la mayor negligencia y que demuestra la gestión de José Manuel Baltar; para meterse en la red europea de termalismo, que creo que cuesta 2.000 o 3.000 euros al año, hay que pagar 3.000 euros de canon; entonces para ver si se metía en una asociación que creo que cuesta 2.000-3.000 euros al año, encargó un informe de 18.000 euros. Imagínense ustedes lo surrealista que es. Para preguntar si procedía meterese en un sitio que nos cobran 2.000-3.000 euros al año, pago 18.000 que es el límite que te permiten los contratos menores,a dedo. Aquí no fueron tan listos de ir al máximo de 18.000 porque sino era un escándalo, no, dijeron ya bastante escándalo son los 2.700.000 como ahora tener que

ponerle ahí ir a tope; pero cometieron un error, oye, en toda tasación normalmente se piden dos tasacciones; cuando la cosa es dudosa se piden dos tasacciones. ¿Por qué se trae sólo una tasación en una cuantía tan importante? ¿por qué te gastas 18.000 euros para saber si debes meterte en la red termal que cuesta 2.000 euros? Para algi que cuesta 3.000 euros me gasto 18.000 y para gastar 2.700.000,no, con 5.000 me llega. ¡coño! Gástate tres tasacciones. Haz por lo menos dos a ver que pasa. Pero no sólo eso, tú para preguntar el precio de este tema, en temas culturales, hay unos técnicos en la Xunta de Galicia que te hacen la tasación gratis. ¿por qué no se recurrió a los técnicos de la Xunta de Galicia? ¡hombre! Porque ninguno le iba a dar este precio, el que le dio una tasación particular, por eso no recurrió a ninguno. Por eso, estamos ante un timo. ¿por qué no se recurrió a los técnicos públicos? Por ese tema, porque hay que pagarle, porque esta empresa es la que hizo el timo. Aquí también es donde está realmente el fallo, no sólo en el procedimiento administrativo, sino que en la tasación han cometido un auténtico fraude.

La tasación aporta dictámenes de Amando de Miguel y Alfonso Palomares que son colaboradores de los foros de *La Región*. Ya ven que credibilidad puede tener una gente que es juez y parte. ¡Coño! Me estás llamando de juez y parte a unos tipos a los que estás pagando, *La Región* le está pagando a estos tíos que vienen al Foro y luego: ¡oye! Habláme bien de esto para comprarlo. Claro, ¿qué van a decir? Si no son íntegros, porque desde luego no son íntegros, ¿qué van a decir?. Menos mal que non gastaron os 70.000 euros, xa postos ¿como se di? de perdidos al río. Entonces, llevana Amando de Miguel y a Alfonso Palomanes, ambos colaboradores de *La Región*, con lo cual son son juez y parte. Me hace gracia, porque nosotros hace poco trajimos aquí, y estuvimos a favor de que se comprara el archivo de Benito Fernández Alonso, la biblioteca, ¿no era así?, y desde luego no se barajó para nada el mismo modo de proceder, en ningún caso se hizo algo así.

Entramos con lo que es el auténtico cachondeo de todo este tema. Viene aquí la tasación de esta empresa, que vamos a impugnar esto porque es un fraude, y voy a intentar demostrar y le voy a decir porqué es un fraude. Para utilizar el precio, utiliza algo que es desternillante, que es el *método de Montecarlo*; no sé si ustedes lo saben, pero es alucinante. Como esta tasación en un cachondeo, porque no tiene referentes, ya dice que en caso de incertidumbre hay que utilizar el *método de Montecarlo*. Normalmente cuando se compra un producto, los métodos de valoración son: de reposición, de comparación o

métodos de rendimiento y utiliza estas tres variables. Yo recuerdo, por ejemplo, cuando es el tema de comparación –nunca olvidaré como es- yo una vez llamé a un perito para que me valorara un piso que yo quería comprar, entonces yo estaba detrás del perito, el tipo tenía cantidad de parámetros (para saber el precio de un piso de Orense, tenía cantidad de parámetros para mandar a la tasadora) y no acababa de darme el precio. Yo le dije*: ¡oye, mira! necesito el precio para ya que tengo que pedir una hip*oteca y dice: *estoy pendiente de un dato*. Era un perito, un arquitecto técnico con mogolón de datos para saber el precio del piso. *É que estou pendiente de un dato*. Y Yo*: ¡joder! !Qué rollo macho!, tanto rollo para el dato ese, si hay un piso al lado que lo vendieron por tanto*. Me dice el tío: *¡ese, ese é o dato que me falta!, a ver o construtor en canto vendeu o piso*. ¡manda carallo para o tipo! Tantos rollos e ao final ten que pregunterlle ao construtor ¿ti por canto o vendiches?. Entonces, ¿las cosas qué valen? Valen la oferta y la demanda, valen lo que paguen obviamente por ellas y para eso utilizas la comparación, cosas similares. Se utiliza la comparación, en este caso no han podido utilizar nada prácticamente comparable; es decir esta tasación no ha podido recurrir a nada comparable en España ¿por qué? Porque no hay ninguna Diputación a la que se le haya ocurrido comprar el archivo de un periódico por est cantidad; entonces, no lo han podido comparar con nada. Fíjense lo insólito de la operación, y no quiero caer en esto en falacia *ad populum*, es decir, no todo lo que hace todo el mundo es correcto, es decir, podríamos estar delante de una genialidad, pero cuando tú haces algo distinto a todo el mundo o es una inepcia o una genialidad, normalmente es más una inepcia. Esto no lo hizo nadie en España, entonces estos no pueden recurrir a eso. Luego está el método de rendimiento, rendimientos, estos ya saben que no lo hacen para ganar dinero, con lo cual, rendimientos no tiene. Y luego están los métodos de reposición, lo que te costaría reponer algo que se considera valioso, esto es absurdo porque luego demostraremos que ya lo tenían en stock, con lo cual no tiene sentido. Entonces, aquí, este es el primer fallo que tien esta tasación.

Hemos descubierto varias mentiras, fijaos hasta que punto no vale para nada que hemos dado aquí con otros documentos y resulta que el patrimonio oficial de *La Región* en ningún caso hace referencia a esto; es decir, en el 2005 *La Región* tiene un patrimonio, porque tiene un valor, una cabecera, y en ningún momento se cita el valor de este archivo. ¡Oye, perdona! Algo que resulta que para ti vale 3.800.000 euros, lo rebajas a 2.700.000,

pero para ti vale 3.800.000 y no lo pones en las cuentas. ¿Cómo no lo pones en las cuentas? Si es tan valioso lo tienes que poner en las cuentas, sobre todo, porque si es tan valioso te evitaría para salir de la banca rota. Resulta que, miramos aquí, el móvil se cumple. Cuando hay un asesinato hay un móvil ¿cual es el móvil? Que La Región está en banca rota. Ese es el móvil y hace falta dinero. Entonces aquí una auditoría a la que le pagas, ¡imaxínate si non lle pagas o que diría a auditoría! Pagándolle di isto, imaxínate si non lle pagas o que diría! E pagando di isto: *las cuentas anuales de La Región no expresan la imagem fiel de su patrimonio, ni para nada la situación financiera*. Lo que se suele decir técnicamente que las cuentas anuales son un fraude y que están mal hechas y dice, por supuesto, que el patrimonio es negativo; con lo cual ya no haced falta calcular el rollo este del tercio, en el momento que el patrimonio es negativo, y significa técnicamente banca rota. Si no sales de la banca rota en unos años, en un tiempo muy breve, estás obligado por Ley a disolverte y llevan así varios años. Aquí tenemos lo que dice este informe, que están en banca rota y que es obligación disolver la empresa porque el patrimonio neto es negativo. Eso es banca rota. Resulta que en estas cuentas bien pudieron utilizar ese archivo, si tanto valor tenía ¿qué ocurre? Una, o no se lo admitieron porque ese archivo no vale nada –el que acaba de vender La Región por 2.700 .000 no vale nada-, pero es que además ellos sabían que eso no valía nada por eso en el 2015 no lo pusieron en sus cuentas y ahora en el 2017 se lo sacan de la manga. *Tengo esto que vale tanto*. ¿Cómo vale tanto y no lo pones en tus activos?. Oye, en el inventario tendrás que ponerlo, en tus activos, en el valor.

La broma viene cuando se compara y se utilizan de referencia ciertas comparaciones de otros archivos. Se evalúa el periódico de La Región en 2.7000.000€ y se le compara, como referencia, con cartas, con el archivo de Martin Luther King, las cartas de Lincoln, cartas dirigidas a Azaña, el archivo de Tom Wolfe, el manuscrito de Lincoln, cartas de Cristobal Colón y el archivo de Mario Puzo, del Padrino, que por cierto según esto vale menos que esta operación, 536.000€. Hace poco, creo que fue una obra de Kafka se subastó por un 1.800.000 €, hace un año o dos, menos que lo que se paga hoy, 2.700.000, o sea que *La Región* está a la altura de estos, *La Región* está a la altura de cartas de Cristobal Colón, de Mario Puzo, el que escribió *El Padrino*, cartas de Lincoln, manuscrito aquí también hay de los Beatles que el valor exacto de esto lo sabrá aquí Baltar. Esto es una broma, yo creo que aquí, y lo digo sinceramente Baltar, lo único que tendría valor como propiedad

intelectual sería, no los audios del Francisco II que ya se hicieron públicos, lo que tendría valor, Baltar, sería, si alguien lo consiguira, un vídeo del Francisco II; eso sí que tendría un valor histórico incalculable. Bromas a parte, esto se trata de una auténctica tomadura de pelo.

Aquí vamos con el método. El método que utiliza esta empresa para intentar disimular esta estafa, porque para nosotros es una malversación de fondos públicos, una estafa, tiene todos los nombres, es que utilizan el método de Montecarlo. El método de Montecarlo, hemos preguntado a personas del mundo de la ciencia, se utiliza cuando se tiene que realizar incertidumbre; tiene un margen de error que podría llegar a ser del 100% . El método, que le llaman así de Montecarlo porque es juagar como a la ruleta, tiene un margen de error que podría ser del 100%, se utiliza para casos de incertidumbre; es decir, para cuando non tes nin idea. ¡claro! Isto que vai valer, non tes nin idea. La tasación costó 5.000 euros, es que igual el archivo de *La Región* no vale ni los 5.000. El método de Montecarlo se utliliza cuando no tienes ni idea, para decir o que che dea a gana, como se dice vulgarmente, o que che salga dos collóns. Nosotros cuando estivimos estudiando esto, dijimos es que esto hasta se puede utilizar como un eufemismo a partir de ahora; el método de Montecarlo, si la gente lo conoce, lo puede utilizar como un eufemismo: *onte á tarde non fixen nada, fixen o que me saíu do método de Montecarlo*.

Cuadno ocurrió todo esto la gente se escandalizó porque dijeron que esto ya lo había, la gente consultó en internet y ya había estos periódicos en la Xunta de Galicia. He aquí un problema grande, fijaos hasta que punto esto es un fraude y porqué *La Región* no lo valoró nunca en sus activos, que cuando hacen la operación *La Región* se dio cuenta de una cosa, ¡oye, tenemos un problema! que el archivo de *La Región* la mayor parte no lo tenían. Para *La Región* esto vale tan poco, tan poco que ya lo habían regalado, no lo tenían en sus instalaciones; estaba en Santiago, ya se lo habían dado a la Xunta de Galicia; nos venden algo que habían regalado y además son tan burros que viene en la documentación. Este archivo, la mayor parte de los periódicos, ya no están en posesión de *La Región*, los mandó a la Ciudad de la Cultura porque sobraban, porque sino tendría que hacer un magosto con eles. La gemte empezó a quedarse escandalizada y nosotros hicimos el primer día es ir a la biblioteca, llegamos a la biblioteca pública y le preguntamos por dónde estaban los periódicos de *La Región* y en la biblioteca tienen todos los periódicos de *La Región* desde

1910. Esto demuestra lo absurdo del tema, ¿para qué compras algo que ya lo tiene la biblioteca pública, de acceso a todo el mundo? La biblioteca pública tiene todos los periódicos publicados hasta la fecha, todos, además también estaba una parte en el archivo digitalizado que tenía la Xunta de Galicia en Santiago. Por un lado, tenemos los periódicos físicos que *La Región* ya se desprendió de ellos y mandó a la Xunta y, por otro lado, todos en la biblioteca pública. Si ya los tienes en la biblioteca pública ¿por qué haces esta operación? ¿por qué haces esta estafa a los orensanos? Hace poco *La Voz de Galicia* dijo que había digitalizado toda su obra y la ponía gratis. Nos mandaron aquí una nota que el *New York Times* tiene gratis digitalizado para consultar desde el año mil ochociento y pico, tiene la hemeroteca desde el año 1851. Si *La Voz de Galicia* lo pone gratis para todo el mundo, el *New York Times* lo pone gratis para todo el mundo, ¿por qué este le paga 2.700.000 a *La Región*? ¿por qué tira el dinero de los orensanos? Es el único de España que o hace, seguro que el único del mundo. Seguramente en todos los periódicos del mundo no hay un caso como el que hay hoy aquí; por eso esta tasación ha tenido que contat milongas y utilizar el método de Montecarlo, por la estafa que es.

Aquí es donde viene la historia, como saben que esto no tiene defensa alguna, salen diciendo en la prensa: *no, no os escandalizéis por los periódicos*; porque aquí no se están comprando los periódicos físicos, compramos algo que tiene muchisimo más valor que es la propiedad intelectual que no la tiene la biblioteca pública. Es falso y es mentira porque la Ley 23/2011 del Déposito Legal nos dice que el patrimonio bibliográfico, te dice aquí todo eso, el Real Decreto y todo eso, la figura del depósito legal ya fue introducida en España por primera vez en 1616 y dice que tiene que ser accesible a todos los ciudadanos. Dice que ya es obligación de los periódicos y de quien escriba libros que tienen que enviar una copia a la Administración Pública, con lo cual todos los periódicos tienen que enviar una copia a la Administración Pública y que esa copia se puede consultar y quien haga investigaciones las puede publicar y no tiene que pagar nada por ello. La pregunta es ¿por qué compras algo que ya es de todos los ciudadanos gratis? Es como si compra la luna, como si compra el Parque de San Lázaro que ya es de todos los orensanos. Lo que está haciendo ahora Baltar es comprar el Parque de San Lázaro. Si ya es de todos ¿por qué pagas 2.700.000? Obviamente es para lo que es, para comprar la línea editorial de ese periódico, para que te dé y te siga dando un trato de favor.

Seguimos. ¿Dónde está el gran fallo? Venden la moto de que que han comprado la propiedad intelectual que no es necesaria; pero aquí está también un gran fallo, cuando hace la tasación, esta tasadora, se centra principalmente en el valor de los periódicos que no valen nada porque ya están en la biblioteca pública. En ningún caso hace referencia al potencial y al rendimiento de esa propiedad intelectual. Bien, la propiedad intelectual es la siguiente, cualquiera que haga una investigación céntifica puede ir a la bibliotca, coger cualquier archivo de la biblioteca y publicarlo en su investigación científica ¿qué ocurre? No puedes escribir un libro entero copiando palabra por palabra y es para lo único que valdría lo que hace aquí Baltar, que compra los derechos de autor para que, si alguna vez alguien, quiere publicar un libro entero de una hemeroteca, no tenga que pagar nada. Eso no ocurrió en los últimos años, es decir, si lo que tú vendes fue algo provechoso, ya tendríamos precedentes en los últimos años de gente que ha publicado libros de *La Región* donde le ha pedido derechos de autor *La Región,* o le han pagado derechos de autor. No ha ocurrido en los últimos 100 años, difícilmente va a ocurrir después en la era de internet. Es decir, nosotros pagamos 2.700.000 por si alguna vez un tipo, dendro de 20 años, publica un libro con 500 ejemplares en los que, a lo mejor, esos derechos de autor valen 500 euros. Más loco no se puede estar. ¿Para qué vale esto? Para nada, porque la gente lo puee utilizar tal cual está y en caso de que alguien lo utilizara basándose en la ley, no copiando todo el libro, eso puede valer 100,200, 300, 400€, nunca 2.7000.000€.

Aquí es donde está el fallo de esta tasación, que la vamos a recurrir y que es un fraude, esta tasación se centra en lo que valen los periódicos físicos, no en la excusa de él que es la propiedad intelectual lo que está comprando. Aquí lo dice, que el valor de la propiedad intelectual es ese; es más, todas esas cartas y documentos que he dicho históricos, que es de sonrojo hacer esta comparativa, en caso de que lo fueran no vale para nada esta comparativa porque aquí no habla de derechos de autos; es decir, cuando tú compras el archivo de Mario Puzo que cuesta 500.000 euros, no tienes los derechos de autor de *El Padrino,* tienes lo que es el manuscrito, esto es lo que es la pieza de coleccionista; entonces ¿para qué lo metes en una tasación? Porque sabemos que el valor de los periódicos es cero; en el momento en el que están en la biblioteca pública, el valor físico es cero. En ningún momento te habla aquí de lo que vale la explotación de los derechos de autor, porque aquí no estás diciendo la propiedad intelectual de *El Padrino*, no, habla del

manuscrito físico de *El Padrino*, con lo cual esta tasación es un fraude. Por eso ahora se entiende que tuvieran que recurrir a Armando de Miguel y a la otra persona, porque es un fraude. Por supuesto que esto es impugnable y la vamos a impugnar. Por eso sólo encargaron una y por eso utilizan el método de Montecarlo.

Nosotros pedimos que esta operación se paralice, es lo que vamos a pedir, y si no hacemos esto, no te preocupes que haremos un recurso contencioso administrativo, que suele tardar un máximo de nueve meses, con lo cual la resolución será antes de las elecciones municipales. Esperemos abortar la operación y que todo Orense se entere que has querido estafar a los orensanos con 2.700.000€ comprando humo, porque ya es de todos los orensanos, la propiedad intelectual ya ampara a todos los orensanos; la Ley ampara a todos los orensanos. Has comprado el Parque de San Lázaro o el Parque Infantil, has estafado a todos los orensanos para beneficiar a una empresa privada y que hable bien de ti en los periódicos. Lo vamos a intentar abortar, Orense está indignada con eso y vamos a intentar abortar este auténtico fraude en el que has involucrado una tasación que creemos que es a todas luces fraudulenta y, si no es fraudulenta, es totalmente errónea porque en ningún momento habla del valor de la propiedad intelectual.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Primeiro de nada aclarar que nós vimos aquí a axuizar a actuación da Deputación, non a dunha empresa privada. Dicir que eu agardo nesta primeira e única, preveo, intervención que quede clara, nítida cal é a posición e a postura do BNG ao respecto deste asunto.

Estamos de acordo cos promotores da iniciativa en parte da súa argumentación e discrepamos radicalmente nunha serie de valoracións que se fan na mesma. Coincidimos plenamente na denuncia do modo e maneira en que esta Deputación adquiriu o arquivo. Todo o proceso, incluído o da sinatura, estivo rodeado de escurantismo e opacidade. Non parece razoable que quen ten a intención de mercar algo, utilizando o diñeiro de todos, actúe con deliberada ocultación negando a información de xeito reiterado, á petición dos Grupos da oposición, a pesares de ter sido solicitada en varias ocasións e por distintas vías. O proceso escollido para a compra foi opaco acudindo, cuestión reiterada por este equipo de goberno, á fórmula socorrida da modificación orzamentaria, baixo un epígrafe ambiguo: *proxectos culturais complexos*, que dificilmente podía deixar entrever que finalidade se agochaba detrás.

Esta forma de proceder, desde logo, non casa coa necesaria transparencia que debe presidir cada actuación desta Deputación. Si se presume de ser un campión da transparencia, hai que obrar en consecuencia.

Non coincidimos, nembargante, con algunhas das aseveracións feitas polos promotores da iniciativa. Nós non dubidamos do valor histórico do arquivo, outra cousa ben distinta é que concordemos coa taxación que se fai deste. Ao longo de todos os anos de existencia *La Región*, xunto con outros medios de ámbito local e provincial, foron notarios do día a día da actualidade da Provincia e nas súas páxinas colaboraron persoeiros relevantes da sociedade Ourensá que deixaron un legado para a posteridade e que forma parte da nosa memoria colectiva. Tampouco compartimos a idea expresada polo Grupo propoñente que este feito sexa a cuestión máis relevante da política provincial e a decisión máis transcendente tomada por este Grupo de goberno. Colocar a compra do arquivo de *La Región* ao mesmo nivel que problemáticas como o desemprego, o desmantelamento dos servizos públicos, a desertización da provincia, ou o modo e maneira en que se distribúen os cartos por parte desta Deputación, parécenos un exceso.

Son tan burros, e aí si coincidimos, que nin sequera saben disimular, os uns visionarios, vostedes, aproban un expediente de modificación de créditos en xaneiro, no que consignan unha partida para proxectos culturais complexos e encargan con posterioridade unha taxación que nos custa 5.600 euros, na que a empresa que a fai conclúe que o prezo do arquivo é de 2,7 millóns euros a pagar en tres anualidades. É dicir, vostedes adiantáronse dous meses á valoración feita pola empresa. Ben é certo que a valoración da empresa, como xa se dixo, permite un abano tan amplo que podemos estar dentro da interpretación de que nos saíu unha operación fabulosa porque aforramos non sei cantos millóns de euros, ou unha operación ruinosa porque pagamos bastante máis do mínimo que se prevía na propia valoración. Pero en todo caso, sabendo isto ¿para que vostedes encargaron esta taxación? Ben puideron aforrar os 5.600 euros.

Ao longo destas semanas moito se ten escrito acerca disto, e non sempre, polo que se viu, de xeito obxectivo, tendo que rectificarse parte das informacións que foron aparecendo publicadas. Arredor desta historia, que acaparou numerosos titulares e segue acaparando, hai varias cuestións, de carácter persoal e empresarial que pouco ou nada teñen a ver co debate suscitado. En todo caso,para nós, hai un único responsable e ese non é outro que o Presidente

da Deputación e o grupo político que o respalda. Nós, como organización, temos que velar porque o diñeiro dos veciños e veciñas se invista do modo máis razoable, atendendo ás múltiples necesidades e tendo en conta as numerosísimas carencias que existen na provincia. Non podemos, por estas razóns, aprobar a compra por parte da Deputación do arquivo de *La Región* e por iso imos votar a favor da moción de Democracia Orensana. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**: moitas grazas señor presidente. A verdade que este é un asunto que é innegable que xera controversia na sociedade, levamos lido e visto opinións para todos so gustos; dende xente significada da sociedade ourensá que saíu publicamente apoiando esta operación, dicindo que a vía ben e considerándoa positiva, ata quen manifestou xustamente o contrario, que era unha adquisición innecesaria cuestionando o que custou e quen máis e quen menos emitiu a súa opinión a cerca do que se podía facer con ese diñeiro. Nada novo por outra parte.

Capítulo a parte merece o proceso cheo de escurantismo e opacidade por parte dunha Institución que se gaba día si e día tamén da transparencia. Ocultóusenos, pese a preguntalo tanto en Comisións, como en Pleno, a que ía dedicada a partida con que se financiou esta compra. Se nada había que ocultar, tapando esa operación fíxose totalmente o contrario. Sementáronse dúbidas onde non debería de habelas. O que se veda, o que se pretende tapar é precisamente o que máis esperta a curiosidade da xente e o que da pé a que a realidade sexa substituída pola fabulación e por suposicións. Señor presidente, se nos gabamos de transparencia, actuemos como tal. Nada novo tampouco.

Pero, coma con todo, faise preciso ter unha visón global ou panorámica do que acontece porque senón quedariamos nunha parte e non valorariamos a realidade no seu conxunto e estariamos repetindo continuamente as mesmas decisións. A moción lévanos onde quere, a unha parte e nos queremos analizar o todo para fixar a nosa postura á hora de votar. Porque a relación desta Deputación cos medios de comunicación non se cingue exclusivamente a este convenio. Vemos, mes tras mes, nos Decretos que se publican como se financian e dan axudas a determinados medios de comunicación, incluso a medios alleos a esta provincia que ningún exemplar venden aquí. Pero isto non é exclusivo desta Administración, as outras Administracións galegas –mesmo as Deputacións estatais- fan o

mesmo ou algo parecido. Ese todo, esa relación entre o poder político e os medios de comunicación é o que nós queremos poñer encima da mesa.

Os medios de comunicación están atravesando unha situación moi complicada, son poucos os que poden manterse por si mesmos. Vivimos en tempos en que internet estendeu o todo gratis neste campo; así, accedemos ás noticias a través das redes sociais dun xeito gratuíto, obviando o custo que hai detrás das noticias que un xornalista tivo que redactala, que as fotos teñen dono, que o papel e a tinta custan e o mantemento das páxinas web tamén. Detrás de todo iso, hai empresas e traballadores que teñen que vivir do seu traballo e que co todo gratis non se manteñen.

Por outra parte, nunha sociedade que se queira ter por democrática son imprescindibles os medios de comunicación, tanto públicos como privados, que poidan manter a súa independencia e a súa imparcialidade do poder político de turno. A información e a opinión publicada son fundamentais para conformar a opinión pública nunha sociedade democrática e, sobre todo, nos tempos actuais da postverdade e do Trumpismo, onde calquera se ten por xornalista e onde xa non é tan doado diferenciar entre as verdades e as medias verdade, onde acostumamos a dar por certo calquera cousa que sae nas redes sociais. É neste marco onde nós queremos entrar, porque a política de colaboración económica entre as Institucións e os medios de comunicación é unha asignatura pendente, non só nesta provincia, tamén en todo o territorio galego e mesmo a nivel estatal.

O de hoxe non é máis que un debate puntual, pero de novo este debate repítese cunha relativa frecuencia nos ámbitos autonómicos, provinciais locais e mesmo estatais. Por iso, dende o Grupo Socialista dunha visión parcial e incompleta, vemos necesario establecer unha normativa de obrigado cumprimento, non só a nivel provincial, sobre todo a nivel autonómico, que regule con criterios obxectivos e transparentes os mecanismos de colaboración económica tanto entre as administracións públicas e os medios de comunicación. A instauración dun sistema regrado, consensuado co sector e cos representantes das institucións tería a virtude de marcar uns criterios obxectivos, xustos e transparentes que ao mesmo tempo que fortalecerían a estabilidade dos medios de comunicación, fóra dos vaivéns políticos puntuais das Institucións, trasladaríanlle á cidadanía un compromiso de transparencia e de imparcialidade.

Por todo isto o que propomos é o seguinte: que esta Deputación inste ao Goberno autonómico á creación dunha Comisión de traballo na que estean representados todos os grupos políticos e representantes dos medios de comunicación, co obxectivo de artellar unha proposta que se leve ao Órgano lexislativos, ao Parlamento, onde se regulen e garantan os criterios de obxectividade, transparencia e racionalidade en todas as Administracións galegas na súa relación cos medios de comunicación. Se isto non sucede, tras un prazo prudencial de tempo, que sexa esta Deputación a que dea exemplo e sexa a pioneira en elaborar unha normativa reguladora de colaboración cos medios de comunicación. O resto se non regulamos e obxectivamos a colaboración económica entre as Institucións públicas e os medios de comunicación de nada serve, para traer unha moción deste tipo cada ano, xa ten habido máis, e botar unha hora debatendo e pouco máis. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular**: moitas garzas presidente. Moi bo día ou mediodía distinguidas señoras e señores deputados e cantos nos acompañan directa ou indirectamente. Señor Jácome, o que non cre en nada, ten medo de todo e ata desconfía do mundo e iso pásalle a vostede. Señor Jácome, estamos falando para todos os veciños de Ourense e vostede ou está confundido ou intentando confundir; sexa cal sexa a disxuntiva, eu recórdolle aquilo de Machado que hai determinados individuos, non lle vou a pór o nome a eses individuos, que confunden valor e prezo. Vostede, líbreme Dios, que confunde valor e prezo. Na súa tarabilla, que nos botou aquí, non se referiu para nada ao valor - nomeou a palabra valor unha vez dínme de conta, de soslayo-, do valor e o beneficio que nos vai a reportar a adquisición, esta adquisición polo Goberno provincial, que non é froito da improvisación, eu sempre digo que as mellores improvisacións son as que se preparan, non é froito da improvisación esta compra, nin moito menos, nin que houbo que esperar a determinada data. Data de finais de 2014, polo tanto xa está equivocado e errado en canto á data e ao oportunismo do que vostede falou aí. Da importancia do valor histórico, informarlle, porque parece que non o comprende, non hai ningún, dígollo moi claro, non hai ningún outro medio de comunicación cun impacto maior sobre a poboación e o territorio de Ourense funcionando dende o ano 1910. 107 anos de existencia que reflicte, ademais, a realidade da provincia do

século XX e o que vai do XXI e é un medio exclusivamente ourensán; pero como vostede non distingue o valor e o prezo, pois non o ten en conta e non o di.

No só se compra o arquivo, tamén os dereitos da propiedade intelectual, dígolle, os dereitos da propiedade intelectual sobre todo o publicado, pasa a ser patrimonio de Ourense. Por certo, dígolle, non o regalou á Xunta, na Xunta estivo en depósito, son dous conceptos moi diferentes. Non só o periódico *La Región*, tamén a publicación dos seus dereitos, *La Región Internacional* –eu estiven moi calado cando falou, vostede cando fale procura que as súas palabras sexan mellores qeu o silencio, en todo caso está máis guapo en silencio que falando- o medio de maior difusión internacional nunca antes editado en España,si, atento. O valor é imcalculable, por iso xa lle dixen que confunde valor e prezo, como servizo de comunicación coa emigración Orensana, tamén coa galega e tamén coa española ao longo e ao ancho do mundo. É un arquivo único e sen comparación, diga vostede o que diga. Non só é o periódico *La Región*, tamén todos os seus complementos, non falou vostede nada nin se referiu a eles, que reflicten unha parte importantísima por sectores da nosa historia, como exemplo *Vida*, crónica social de varias xeracións de ourensáns, non se referiu vostede para nada.

Sobre o prezo, o prezo que lle preocupa a vostede, ¡claro que lle preocupa!, pero non fala de valor e como non fala de valor non o expresa. Taxado por unha empresa líder do seu ámbito, diga o que diga, e de prestixio e reputación recoñecidos, que queira dicir vostede..calquera pode falar. A verdade, nós dende a Deputación Provincial, este Goberno da Deputación, celebra que *La Región* acordara a venta por un prezo apreciablemente inferior á taxación, a taxación era maior, superaba con creces os tres millóns, moi por riba dos tres millóns, ¿non o sabía? Pois claro, faga e diga amén; iso foi produto da negociación dos últimos meses onde a Deputación tiña moi claro cal ía ser, cal ía ser, a oferta máxima a realizar. Polo tanto, a Deputación, este Goberno, a diferenza de vostede, sabía e sabe distinguir o que é o prezo e ata onde pode chegar, e o que é o valor.

Por certo, dígollo aos tres Grupos, a min unha vez lémbrome, xa que fala vostede de cando ía a escola, estando eu no instituto era moi malo en idiomas, daquela era francés, e dime a profesora: *le voy a hablar en castellano porque en francés no lo entiende, está muy mal usted en francés*, ¡certo!, *usted vive en Babia.* Claro, eu non sabía o que era Babia, despois púxenme a buscar no dicionario, daquela non había Google, e había un pobo

leonés..e vostede vive en Babia, porque mire, viven todos, transparencia toda, total e absoluta. A taxación encárgase o 16 de marzo do 2017, 16 de marzo de 2017 Decreto polo que se encarga a compra e se deu conta neste Pleno, do Pleno de abril. Vostedes non se enteraron. Estaba nos decretos o que pasa é que non foron aos decretos. A operación asinouse o 26 do mes pasado.

Polo tanto sobre o prezo, taxado por unha empresa líder e a verdade é que celebramos que a *Región* acordara a venda por un prezo inferior ao taxado. Sobre a oferta da Deputación e a transparencia da taxación, informarlle, como cuestión previa, que este é un Goberno líder en transparencia polo que lle acabo de dicir, pero non se enteraron, e certifícano as entidades especializadas, tanto transparencia internacional como a Asociación de transaparencia pública e o seu índice correspondente. A modificación de crédito foi aprobada polo Goberno e rexistrou unha cantidade máxima de 900.000 €, por certo, ao chegar aquí teño que dicirlle non se fai un pago a prazos, non, vostede confúndese tamén nesta cuestión, o que se fai é unha entrega a prazos que é moi diferente. Os 900.000€ son para aboar a primeira anualidade, acoedando a venta en anualidades, conforme se van facendo as entregas como acabo de dicir, 900.000€ como acabo de dicir, IVE incluído. A entrega de material e cesión de dereitos farase, polo tanto, en tres partes. Na modificación de créditos, da que vostede  falou e se dirixiu a don Plácido, figuraba a partida coa denominación *proxectos culturais complexos*, efectivamente, está aí escrito, debido a que nese momento aínda non se alacazara o acordo, pero si sabiamos o importe máximo que a Deputación estaba disposta a aboar por cada anualidade na transacción. Que casualidade, pois si, estaba, non é casualidade, é unha realidade. Como vostede, xa lle dixen ao principio, desconfía do mundo e desconfía de todo non cre en nada.

Absolutamente transparente o Decreto asinado por quen lles fala, que foi o 26 do mes pasado, e deuse conta desta iniciativa a outra Administración Pública, á Xunta de Galicia; por iso se fixo público o día que a Xunta de Galicicia deu o OK e o soubo, para cumprimentar, por si fora necesario, os trámites que puidera esixir en materia de normativa e patrimonio a Xunta de Galicia. Cumprimentados entón todos os trámites –isto si foi casualidade, a data e non o que vostede rebusca- procedeuse á sinatura dos correspondentes documentos contables e se anuncia publicamente unha vez se materializa. Por certo, vostede non destapou nada, non, o que pasa que houbo dende dentro alguén que lle mandou

un WhatsApp, unhas horas antes de facerse público, e pensou que descubrira a achicoria; pero non descubrira nada. Mandáronlle unaha fotiño desas, das que agora tanto abundan e enterouse por iso; porque nin se enterara dos decretos correspondentes, vostede só se entera si llo din, se non llo din non se entera; porque hai que traballar máis e adicarse máis, pódolle dicir que é como non se dedica a isto e non é profesional...

Sobre o importe para o Goberno provincial e a súa relevancia,algo xa lle dixen, pero voulle a afondar máis. Estamos diante dunha inversión en identidade -vostede disto non entende- para compartir coa cidadanía, con vostede tamén aínda que parece que lle ten unha manía persecutoria a *La Región*, non sei porqué; o proposito é dixiatlizar toda esa inxente información para que esteamos diante dunha fonte de consulta privilexiada dos últimos 107 anos da nosa historia provincial, vexa polo tanto o valor da adquisición; tamén para actualizar, como o convenio ao publicado, mediante a titularidade dos dereitos correspondentes. Mire, este é un Goberno que xestiona, que xestiona económicamente con eficiencia, con rigor a facenda pública provincial, ríase que ao mellor non ten outra cousa no que facelo. En cinco anos, e tamén xa llo dixo o noso portavoz don Plácido, alcanzouse unha redución de 100 puntos do endebedamento, que será cero pouco antes de maio do 2019. É un Goberno provincial capaz de presentar os mellores números económicos e o maior remanente de tesourería da historia da Deputación Provicial de Ourense. E relativicemos, señor Jácome, que coas cifras que deu vostede parece que aquí estamos estafando, ou xa o dixo vostede que nomeou a palabra estafar. Neste contexto económico dicir que os 900.000 € supoñen o 3,3% do reamente xerado este ano; é o único que lle podo dicir do caro que pode ser; do remanente, grazas á xestión feita por este Grupo é do que se vai dos 900.000€, de cada unha das entregas.

Este é un Goberno que toma decisións porque hai que tomalas, pero toma decisións con criterio e que goberna. Este é un Goberno que fai posible o necesario, como creu necesaria esta compra, así o fixo; porque aprezou máis o valor que o prezo. Vostede, ao contraio de todos, só ve o prezo e non o valor. É un Goberno, que lle podo dicir, satisfeito de subscribir este acordo co grupo de comunicación máis importante da historia de Ourense; polo tanto este Goberno fixo posible o necesario. Sinto, de verdade que sinto e lamento que para vostede a política teña o dudoso gusto de abonarse a titulares facilóns,

laméntoo e síntoo, e de converter o dislate, o oportunismo e a impostura na súa marca persoal. En calquera caso, distinga valor e prezo

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Orensana**: Gracias. Rosendo espero no estar nunca en tus manos como paciente, porque si tienes el mismo criterio para la medicina que para lo que has expresado hoy aquí..Pero bueno, en cualquier caso, es una valoración subjetiva mía que no tiene mucha importancia, como has dicho tú. Has dicho todo el rato: no tienes idea, no tienes criterio; pero en ningún caso te has referido a este tema que he sacado y a estas cifras. Lo de decir que no tengo criterio, para criterio ya tenemos el de la tasación del método Montecarlo, ¡si che parece pouco ese criterio, o do método Montecarlo! No, no, no te rías, el método de Montecarlo está ahí, que significa que esto es aleatorio, que podes dicir prácticamente o que che dea a gana.

Vamos a ver, lo apuntaba muy bien el del BNG, resulta que vosotros ya sabíais lo que valía eso antes de hacer la tasación, porque calculasteis 900.000 € en la modificación de crédito de enero y luego encargáis la tasación en marzo y en marzo te dicen que cuesta 2.700.000, dividido en tres anualidades sale en 900.000. ¡Qué casualidad que en enero lo sabías tú! Pero, ¿cómo eres tan listo que sabes más que la tasación! ¿Dime tú en qué juicio se sostienes esto? Resulta que en el mes de enero le reservas una partida de 900.000 para *La Región* y le pones *proyectos complejos*, dos meses más tarde encargas una tasación que te da 900.000 cada año ¡justo la que habías tú dos meses antes! Pero, ¡crees que somos tontos! Este expediente yo creo que en 9 meses está ganado en el Contencioso por la cantidad de inepcias que habéis cometido y, obviamente, la tasación está en el ajo. No has respondido a nada de lo que te he dicho. ¿Por qué no encargasteis dos? ¿Por qué no preguntasteis a los técnicos de la Xunta de Galicia, que tienen técnicos aquí?

Me has hablado todo el rato de valor y precio. Sois todos iguales, cuando no tenéis argumento. Recuerdo exactamente cuando hablamos de la banda de música, la primera vez que hablamos de la banda de música en el Concello de Ourense, y salió a la defensa Araújo, el concejal de aquellas de Rosendo. La banda de música era una estafa, cobraba 8.000 € cada concierto, cuando una sinfónica cuesta 8.000 y las mejores bandas de España, que están en Valencia o en Madrid, te cobran por caché por día 4.000 y ésta cobraba 8.000€ toda vez que venían a actuar. Resulta que llevamos una moción diciendo que la banda era una estafa porque cobraba 8.000 al día y dice Araújo: *o señor Jácome caiu tan baixo que hasta chegou a falar de*

*precio cando se fala da banda de música*. O sea, primero, se habla de precio cuando es de las medicinas que se utilizan genéricos, si se habla de precio en las medicinas ¿cómo no se va a hablar tocando el saxofón? Segundo, el valor y el precio, el valor llévalo para tu casa, porque aquí hay una contabilidad, aquí hay una interventora y ahí un secretario y hay unas cuentas; esto se paga con dinero. Si tú le das mucho valor a una cosa, paga tú con tú con el dinero de tu casa. Tú puedes hacer de tu casa un sayo, pero tú cuando tienes que tratar temas públicos, te tienes que ceñir a un presupuesto. Esto del valor de *La Región* no se paga con alabanzas, se paga con dinero. Entonces, ¿qué es eso de confundir valor y precio? Aquí las cosas todas tienen un precio, es más, fíjate hasta que punto eres un inepto, y te lo digo porque tú también me has insultadoa mí, ¡coño! ¿Para qué encargáis una tasación si resulta que soy un inepto con el tema del precio? Es decir, si el precio no tiene importancia, que lo que tiene importancia es el valor, ¿para qué encargas una tasación que avale tu inepcia? ¿Dímelo? Me has dicho que soy un necio por confundir valor y precio, pero entonces ¿para qué te encargas una tasación que avale el precio? No le des importancia al precio, págale 50 millones de euros a *La Región* ¿por qué le pagas 2.700.000? si el precio no importa que lo que importa en la vida es el valor ¿por qué le pagas 2.700.000? ¡Ah! Porque sabes que todo tiene que tener un precio. Entonces, si sabes que todo tiene que tener un precio ¿Por qué me criticas porque cuestiono el precio? Cualquier cosa que gaste esta Institución tiene que tener un precio, está ahí la interventora que lo diga; entonces es normal criticar si algo es caro o barato. Resulta que ahora no le pones un parapeto a las cosas. Ey, vamos a tener bula para gastar porque esto tiene un valor muy alto, entonces el precio no se cuestiona. Perdona, se cuestiona el precio de todo. Fíjate si se cuestiona el precio de todo, tú que eres médico, que hasta se cuestiona si ciertos medicamentos se deben pagar con dinero público para salvar vidas humanas, que son bastante más importantes que el archivo de La Región. Si se calcula el precio en los medicamentos y en la comida, ¿cómo no se va cuestionar en esto? Segundo, se calcula el precio hasta en las obras de arte, que *La Región* ni vale para limpiar el culo de los que limpian las obras de arte, *La Región* no vale ni para limpiar el culo de los que pasan una mopa a una obra de arte. Pues cualquier obra de arte que tiene un valor 100.000 veces más que *La Región*, se calcula el precio. ¿En cuánto anda el record de los cuadros? En 100 millones creo que anda. Se calcula el precio. Tú imagínate a este señor llevando una empresa de subastas en Londres, ¿cómo se llama Sotheby's?. Imagínate a Rosendo: *¿que precio vas poner? ¡que precio!¡eres tan mezquino de*

*falar de precio!, non confunda valor e precio, o precio non ten importancia. ¿Ti daslle moita importancia? ¿Para ti ten moito valor?, pois xa está, adjudicado a ese señor que lle da moito valor. ¿Alguien le da más valor? A la una, a las dos, a las tres, ¡adjudicado allí! A aquel señor de la gorra.* Así llevarías tú una casa de subastas. En las casas de subastas, que las cosas tienen más valor que esta mierda, hay precios, ¡precios!.

Claro que todo tiene un precio, ¿para qué estamos aquí nosotros en la Diputación? Pues para fiscalizar los precios, o crees que estamos para hacerle la pelota a *La Región*, para eso estás tú, que por eso entraste aquí porque te metieron los demás. Me decías que yo no soy un profesional de la política, ¡carallo! Pues para no ser Amando ni yo profesionales de la política fixemos un partido de cero e chegamos a estar aquí e a ti tivéronte que meter por enchufe. Fíjate si me has decepcionado hoy que ese señor de ahí, que se llama Pumar, perdió 15 millones de euros, pero seguramente no lo hizo con mala fe, porque él no hubiera gastado 15 millones de euros; pero tú defiendes lo que sabes que está mal. Tu conciencia sabe que esto es una estafa y sabes que lo tienes que hacer porque te lo manda tu jefe y quieres tener a *La Región* para que hable bien de ti. Tú sabes que está mal, por eso tú hoy para mí has perdido valor como persona, porque Pumar lo hizo por una inepcia. Hoy, ¿por qué no defendió la moción Plácido? Porque Plácido pasa de estas historias. Aquí hoy sólo los que se han bajado al fango y eres tú que le haces la pelota y le lames el culo a Baltar; por eso para mí hoy has perdido todo, porque siendo una persona que podría haber dicho: no, yo esto no lo defiendo o digo cuatro cosas, te has puesto a defender a *La Región* cayendo bajísimo. Realmente me has dado pena porque lo único que has dicho ha sido humillarte ante quien ha arruinado la provincia, que ya nos saqueándonos todos los años millón y pico, entre Diputación y Concello, ahora hay que regalar esto.

Frases que has dicho, esto tiene un valor histórico, pero vamos a ver, por mucho valor histórico que tenga esto, que ya lo he cuestionado, ya está en la Diputación ¿para qué lo pagas? Más valor que esto tiene el parque de San Lázaro. El Parque de San Lázaro la Diputación no tiene porque compralo, ¿para qué lo pagas, si ya está en la Diputación? Los derechos de autor no valen nada, porque ¿quién va a publicar necesitando derechos de autor del archivo de *La Región*? Nadie. Dime por favor en los últimos años, qué persona ha publicado un libro que ha tenido que pedir permiso a *La Región*, ¡dímelo! Ninguna, con lo cual el valor es cero. Si tú me dices hay unos 2.000 libros editados..No hay ninguno en los

últimos 100 años que hayan tenido que pedir permiso a *La Región*. Lo que tú has hecho no vale para nada porque ya está en la Diputación, pagas 2.700.000 por algo que ya está.

Me has dicho que *La Región* es un documento reflejo de la realidad, pero ¡qué cojones dices! La Diputación es un reflejo de la manipulación, ¿dónde refleja la realidad *La Región*? Decías exclusivamente orensano, también eran exclusivamente orensanos los helados de la Ibense y cerraron. No le diste el valor que tienen. El helado de vainilla tiene un valor incalculable, vamos a hacer que la Ibense siga funcionando y los helados de nata del cortijo, aquellos que se daban en espiral, como tienen un valor incalculable, que no se puede confundir valor y precio, la Diputación que compre la heladería el Cortijo, también era exclusivamente orensana, y Jolper también es exclusivamente orensano. Lo que te dije antes, ¿por qué si ese valor de *La Región*, si vale tanto, no estaba en su documentación oficial? ¿Por qué no está? (acabo en seguida, ya sé que esto queda largo, pero para la tele no queda largo). El valor incalculable no es incalculable, 2.700.000, no digas que es incalculable amigo.

Archivo único y sin comparación. Oye, sin comparación también son las cartas que tengo yo de la adolescencia, que me mandaban las pocas novias que tuve. Son cartas sin comparación, ¡no te jode!. Dice que fue una negociación dura, ¿dónde ponemos esto, en el top 1 de los chistes o en el top 2? Yo creo que en el top 1 de los chistes lo comparamos con las cartas de Cristobal Colón; lo de que fue una negociación dura lo ponemos en el top 2 de los chistes.

¡Ah! Dices que yo tuve un soplo, entonces con lo cual nosotros no hicimos tal, tal. Vamos a ver, los hechos son que Democracia Orensana destapó esto, que tú digas porqué lo hicimos es un criterio tuyo para intentar menoscabar lo que estamos haciendo aquí; pero la realidad es ésta: hicisteis el pago tres días después de archivar el tema del juicio de Baltar, la denuncia, y Democracia Orensana fue quién destapó esto. Por lo que lo hayamos hecho, si por una investigación o por un soplo, eso no le quita mérito ninguno a los del Watergate, ¿Tú también le dices a los del Watergate vosotros tuvisteis un soplo con la garganta profunda? El Watergate también tenía la garganta profunda, ¿o no?.

Dices que yo le tengo manía persecutoria a *La Región*, perdona, ¡quién tiene manía persecutoria es *La Región* al dinero público! Si que lle teñen manía persecutoria, ¿non sabedes vivir, carallo, do privado como facemos todos?. eu teño unha empresa no privado, dende que estou en política estame prohibido facturar á Diputación e ao Concello. Yo dedicándome a la

política pierdo dinero, porque antes a la Diputación se le facturaban instrumentos y alguna cosa más y al Concello También; desde que estoy en política no puedo. Yo vivo del mercado privado. Yo no le tengo manía persecutoria a *La Región*, se la tiene *La Región* al dinero público, ¡coño dejadnos en paz!. Desde 1910 bebiendo de la teta del Estado ¡carallo!, vai morrer o Estado e vai quedar aí a *Región* chupando.

Luego has dicho la animalada que has dicho: el remanente generado por esta Diputación, pero ¿desde cuándo genera remanente una Diputación? Eso es no gastar las partidas. ¿Desde cuándo tú eres una empresa? Quien genera remanentes es Apple, Apple Computer, o Google, o la BMW, que genera ingresos; o sea, una Institución que cobra impuestos y tiene gastos, al no gastar, tiene remanente. Lo mismo que hizo Carmena, presume Carmena y Ada Colau en Barcelona, dice hemos reducido la deuda. Claro, si no gastas, claro que reduces la deuda y también la reduce Jesús Vázquez en Orense, no puede gastar. Estos sí que pueden gastar y sin embargo no lo hacen, la historia es que la Diputación no quiere gastar y ese es un criterio político; pero no lo vendas como un gran logro, el remanente. El remanente es porque no has gastado, has cobrado impuestos y no los has gastado, ¿dónde está el mérito? Yo no veo ningún mérito. Obviamente, con eso que no has gastado podías dar servicios; decides no dar servicios por bjar la deuda, es un criterio político. ¡Cómo puedes sacar pecho de eso! Como quien que el dinero lo genera él, es que la deuda la vamos a reducir a cero, ya, porque no gastas; pero no me lo vendas como un logro comercial. Y luego lo del remanente del 3%, qué importa el 3%, lo que importa es que son 2.7000.000, ¡se che parece pouco!

¿Qué más tengo que decir aquí? Te pediría que me dijeras eso, por favor Rosendo, si los periódicos físicos no valen nada, porque ya están en la biblioteca y se pueden consultar gratis, y los derechos de autor no valen nada porque nadie va a pagar, nunca hubo alguien que pidiera permiso a *La Región* para publicar un libro, ¿por qué pagas 2.700.000 por algo que no hace falta a los orensanos? Dímelo, es decir, los periódicos físicos no hacen falta porque ya están en la biblioteca –se pueden digitalizar sin permiso de La Región-, nadie va a pedir derechos de autor porque la ley te ampara, que para hacer publicaciones no tienes que pedir permiso y en caso de que copies el 100% del libro, tienes que pedir permiso, nadie va a publicar el 100% de un libro con *La Región*, en tal caso mencionará a *La Región* en reseñas, para eso no hay que pedir permiso. Mi pregunta es, si nadie va a pedir permiso para publicar

un libro de La Región y no hacen falta los periódicos porque ya están en la biblioteca, por ley es obligatorio ¿por qué pagas 2.700.000? explícamelo, lumbrera.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Eu non vou a engadir ningún argumento novo ao que dixen na primeira intervención, porque alí xa quedou recollido exactamente cal é a noso punto de vista, o punto de vista do BNG ao respecto deste tema. En todo caso, si facer unha moi breve intervención. Primeiro para dicir que unha vez máis queda comprobado, queda constatado que o señor vicepresidente, o señor Rosendo, é un especialista en defender o indefendible; iso si, con moito aplomo e moita dignidade, por iso lle encargaron este morto neste día de hoxe. Tamén dicirlle que, falando do que dicía do refrán ese do silencio, etc.., penso, logo de ver o que pasou aquí e o que se nos dixo, que a mellor forma de defender esta operación por parte do Grupo de goberno, ou o seu previsible voto en contra da moción, o mellor sería quedarse calados, non dicir absolutamente nada, porque o que fixeron foi ofender á intelixencia de todos os deputados e de todas as deputadas desta Casa. É unha operación que non se sostén dende ningún punto de vista, sobre todo visto como foi tramitado, como dixen na miña primeira intervención, todo o expediente e que loxicamente nós, como xa dixen tamén antes, vamos a votar a favor da moción de Democracia Orensana porque entendemos que é unha operación que non ten ningunha lóxica e ningunha xustificación dende o punto de vista dos intereses dos veciños e de cidadáns da provincia, ningún aproveitamento dende ese punto de vista; hai cantidade de asuntos moitísimo máis importantes nos que se debería estar investindo eses 2,7 millóns de euros que vostedes van a gastar aquí e vostedes deixan de lado e obvian para poder facer esta operación. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz, do Grupo de PSOE**: moitas grazas. Moi breve tamén. Señor Fernández, a transparencia non é só o que se quere ensinar, senón o que demais queren ver tamén. Alude vostede a un Decreto do que nada se deducía ou había que ser moi sagaz ou ter outra información, ou ter un *soplo*, para deducir que de aí ía saír a adquisición dun arquivo como o que saíu. Polo demais, reiterar a proposta que nós fixemos sobre este caso, porque senón imos continuar repetindo, xa sexa con este medio de comunicación ou con outro, tanto aquí como noutras partes de Galicia, o mesmo; que esta Deputación inste ao Goberno autonómico a crear unha Comisión de traballo na que estean

representados tanto grupos políticos, como representantes dos medios de comunicación, co obxectivo de artellar unha proposta que se leve ao Órgano lexislativo, onde se regulen e garantan os criterios de obxectividade, transparencia e racionalidade a relación entre as Administracións galegas e os medios de comunicación. Se non se fai isto, do resto é perder o tempo. Pouco máis.

**D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular**: grazas presidente. Vou a empezar polo último, vamos a ver señor voceiro do Partido Socialista, a taxación saíu da relación de Decretos, a taxación arquivo *La Región,* pero saíu así, como non o len. Non é que non se queira ver. Se pon *taxación arquivo La Región,* oiga ¡que mal deducidores son vostedes! Váleme ben o de Babia, porque eu leo un Decreto taxación arquivo *La Región* e digo, oiga, ¿que pasa aquí?. Ensínamo o presidente, Decreto: *vista a proposta formulada polo asesor de cultura (...) derivado da taxación do arquivo histórico de La Región*. ¡Ah, concho! Porque era a taxación. Pero é que non teñen perdón, agora emenden como queiran emendar. Era taxación do arquivo *La Región* que é o paso previo e necesario para facelo e vostedes non se decatan, ¡en Babia! E non en Babia xeograficamente.

O señor Jácome táchame de inepto. Mire da súa televisión a ver se aparece a palabra inepto, eu non o tachei de inepto. Si, díxome que eu dixera que vostede era un inepto. Sexa o que sexa, mire, eu vexo que vostede vén aquí cunha argumentación trenzada, independentemente do que lle digan; polo tanto non o vamos a convencer, como diría Julián Marías, ao que non se vai a convencer nunca e non imos a perder o tempo en convencer –déixeme falar por favor- no que non se vai a convencer nunca. Polo tanto, sería una perda de tempo. Pero mire, non lle vou a falar agora por min, porque pode dicir que estou en conivencia co presidente, co Grupo, que me mandaron isto e aquilo, vostede é libre de pensar, como somos todos; voces autorizadas de distinto signo político, de diferentes estamentos e segmentos da sociedade valórano moi positivamente. Dixo o señor Fraga Civeira que uns din que si, que está ben, outros que non; xa non é tan tallante como vostede que di que mal, que todo o mundo di que non vale para nada. El xa di que outra xente ten opinións diversas. Mire, non lle vou a pór nome, porque ademais saíu da prensa, valórano moi diferentemente ao arquivo de *La Región* que estará a disposición, por suposto, a partir de agora, a partir das entregas, dos ourensáns grazas a este acordo. Di unha persoa e leo

taxativamente, tal e como se transcribe: *no hay un archivo más completo, a nivel de información local, sin olvidarse de la importancia del archivo de La Región Internacional, fundamental a la hora de estudiar el fenómeno de la inmigración en Europa, en Galicia y en las Comunidades de España*. Di outra persoa: *el patrimonio histórico debe ser objeto de preservación y conservación*. Di unha terceira: *un baluarte imprescindible en la defensa de nuestros intereses como provincia, apoyamos esta iniciativa de interés general*. Estoulle dicindo que non o estou dicindo eu, nin que mo mandaran ler, estou recollendo a opinión de diversas personaxes de diferentes segmentos e estamentos desta provincia. Unha cuarta persoa: *o arcquivo de La Región e de La Región Internacional ten un valor incalculable e serve para saber de onde vimos e cara a onde imos*. Di unha quinta persoa: *La Región forma parte da historia periódistica donde escribieron destacados periodistas y escritores ourensanos, por lo que tiene sentido que haya una digitalización para poner  a disposición del público.* Di outra persoa, deben de estar erradas todas. Sexta: *o feito de que teña un arquivo dispoñible para o público é imprescindible, son centos e sete anos de historia dunha provincia compendiados e é absolutamente importante e digno de ser conservado. Neste País téñense pagado millonadas por bibliotecas privadas, con máis razón hai que loitar pola conservación dun patrimonio como este. Se non é pola conservación da nosa cultura, das nosas tradicións e da nosa historia ¿por quen loitamos entón? Se non loitamos para preservar o noso patrimonio histórico ¿para que estamos aquí?* Non o digo eu, reproduzo. Di outra persoa*: es imposible escribir la historia de Orense sin contar con el archivo de La Región*.

Varias aclaracións. A Deputación, o Goberno provincial, sabía ben o que podíamos ofrecer e ata canto, por iso os 900.000 euros da modificación de crédito, porque sabíamos que máis arriba non iamos a pasar. ¿Por que se encarga a taxación? Non é porque quixeramos encargar a taxación, é que a taxación hai que encargala porque, primeiro, é de obrigado cumprimento; segundo, porque hai que pagalo e primeiro hai que taxalo; e cuarto, mire, se todas as comparacións son odiosas, claro que os medicamentos non teñen prezo, pero hai que pagalos, pero non hai que pagar o medicamento, home, hai que pagar a investigación, ás persoas que están traballando na investigación para eses medicamentos, calquera que o oía da súa televisión di: que razóns ten este home, pois que recolla que o que

se paga xa non é o medicamento en si, senón todo o que levou sacar ao mercado ese medicamento. Polo tanto, se esa é unha comparación odiosa, esta é unha delas.

¿Que destapou Democracia Orensana? Repítollo por segunda vez, non destapou absolutamente nada, porque non se enteraron nin dos decretos. ¡Vostede non se enterou..! !Deixe falar! ¿que pasa que todo o que gravou da televisión se lle pode vir abaixo agora?. Vostede non se decatou dos decretos, nin do Decreto de taxación, ni do Decreto do día 16, e iso que puña: taxación arquivo *La Región*, ¡non se enterou! O que pasa é que o día que vostede di que destapou dúas horas antes, mandáronlle un WhatsApp, porque llo mandaron e non porque vostede se enterara, porque si se enterara dos decretos e os lera xa sabía do tema. Entón vén a dicir ao gran público que o destapou. ¡Non destapou absolutamente nada!, porque efectivamente foi unha hora e media antes de reunirse o presidente para dar a coñecer, cando vostede saíu á palestra que destapara. Non destapou absolutamente nada. Mire, independentemente de que o falar non ten cancelas, eu dígolle unha cuestión, ás veces falar é converterse nun descoñecido –dicía Fernando Pessoa- eu creo que a vostede, de tanto falar, ninguén lle vai a facer caso e converterase nun descoñecido. En todo caso, a min iso non me preocupa para nada, o que me preocupa é a súa manía persecutoria cara a un medio de comunicación e que vostede queira confundir aos ourensáns. Porque agora xa desbotei unha cousa, que vostede estivera confuso, non, vostede o que quere é confundir e iso en política é malo. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Denocracia Orensana**: vamos a ver, ¿cómo puedes decir que nosotros no nos enteramos?, cuando preguntamos, fuimos los únicos que preguntamos e insistimos de qué van estos 900.000 euros y esta persona nos engañó diciendo *proyectos complejos*. Respecto a lo otro, vulevo a decirlo, has leído ahí una gente, precisamente salió en el periódico *La Región*, toda esa gente que está a favor y entonces dices aquí que es importante esa conservación, esa preservación, es de interés general; todo ese rollo decías que todo esto es muy importante. Entonces, vamos a dejar esto claro, por muy importante que sea tiene que tener un valor, un precio, que es el que se paga, pero lo más importante, por muy importante que sea, ya es nuestro porque la Ley de propiedad intelectual, precisamente, da la razón a eso que decías tú, es necesario la conservación y preservar toda esta documentación, es de interés general, por eso mismo hay una Ley, el depósito legal, que obliga a eso. Mi pregunta es, ¿si la Ley ya obliga a eso, por

qué pagas? Es como si pagas por no matar. Tú imagínate que ahora te dice una empresa privada: mira, o me pagas o te mato. No, perdone, es un chantaje porque tu ahí no puedes matar. O sea, la Ley te obliga ya, ya articula para que realmente ya esto sea propiedad de los orensanos. Entonces no tiene sentido pagar, ¡pero vamos a ver! El depósito legal ya avala lo que dices tú, conservación y todo este tema, entonces ¿por qué pagarlo? Es malversación de fondos públicos, porque no es necesario pagarlo, ya está en la Biblioteca Pública y es lo que no has sabido responderme. Si ya está en la Biblioteca Pública ¿por qué pagas 2.700.000 euros? Al margen de lo importante que sea, que yo no lo discuto, pero en caso de que sea cierto lo que tú dices, que es vital, no hay porqué pagarlo porque la Ley ya articula para que eso sea público, ¿me entiendes? A parte que, la propiedad intelectual, de 70 años para atrás ya no hay que pagar nada, pero es que, además, ya está en la Biblioteca, entonces no tiene sentido lo que dices. Si es cierto lo que tú dices, que esto tiene un valor tremendo, vale, no hay que pagar nada por él, ¡nada! Porque ya es nuestro. Has estafado a los orensanos, 2.700.000.Y el resto, si lo destapamos nosotros o no, los hechos son los que son: Democracia Orensana lo anunció y dos horas después lo sacasteis vosotros, eso son los hechos, el resto son especulaciones tuyas. Por cierto ya lanzan WhatsApps, te acabo de enviar un WhatsApp ahora mismo a ti en el que ya mandan WhatsApp por todo Orense donde ponen: nuevo delegado de *La Región*, Rosendo. Aquí está, esto es para mí lo bajo que has caído hoy. Has tenido que lamerle el culo al presidente en agradecimiento a que sigas ahí. Después de haber perdido en Orense, que quedaste humillado porque te echaron de Orense después de haber tenido unos resultados patéticos y que no te renovaran como alcalde; te ha recogido él en su bracito, te ha traído para aquí, te paga cuatro mil y pico euros al mes y tú, en agradecimiento, hoy tienes que hacer esto. La gente que vale más que tú, como por ejemplo Plácido, no necesita de este señor porque por él solo ya se vale; tú no, tú has tenido que bajar al fango y por eso hoy has caído muy bajo para mí.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 22º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 22

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8).

A continuación pide a palabra **don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, quero aclarar que eu, dende logo, como deputado do Grupo Socialista acato a disciplina de voto do meu partido; aínda que evidentemente non estou de acordo co sentir da votación do meu Grupo. Fágoo por unha cuestión evidente do que se falou aquí, non vou a ser eu o que lle dea pé a ninguén a que se faga un titular á medida do señor presidente; porque a min, neste debate que se produciu hoxe, algúns sufrimos algunhas destas cuestións derivadas de que o problema non é que custe 2.700.000€, nin do valor que dicía o señor presidente, que por certo, tivemos que aguantar insultos aquí toda a bancada que non sei a que veñen presidente, ou señor vicepresidente, dende logo como lle dixo algún portavoz, creo que non eran de recibo. Cando vostede di que non nos decatamos, si que nos decatamos, decatámonos de moitos cousas; outra cuestión é que teñamos a responsabilidade ou non de poñelas en valor, ao mellor neste caso, algún que lle fala, non é a súa responsabilidade hoxe por iso estou explicando o voto. O que lle quero dicir é que o problema aquí, ademais, non é criminalizar á empresa de comunicación que é onde vostedes nos queren arrastrar, claro, queren arrastra aos Grupos a criminalizar ao grupo de *La Región*, ou mañá a outro. No, no, no. O problema é ¿quen paga isto? E coidado, ¿con que fin o paga? Porque non é co fin de pagalo por o valor da propia adquisición que estamos facendo, é para estar ao servizo daquel señor e ese é o problema, ese é o problema. Por iso o meu Grupo, o que fai, o que facía era unha achega que estou estou completamente de acordo con ela, que se ten que regular doutro xeito. Iso é o que hai. Digo isto sabendo que, os que menos podemos falar ao mellor destas cousas, precisamente polo que fai despois ese señor, somo os alcaldes; pero mire, dígolle unha cousa, dígollo a vostede a a el, hai unha cuestión que non compra ningún titular, nin que compra ningún alcalde despois nas votacións, que lle dá igual perder as votacións, que é a dignidade e a honradez, e polo tanto, a min dáme igual perder as próximas eleccións por moito que aquel señor mande facer titulares contra min, porque a min iso tráeme sen coidado; o que me importa é defender, dende logo, no que creo e levo crendo nesto fai moito tempo. Moitas grazas.

**<u>23º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-</u>**

O Sr. presidente anuncia que hai presentada unha moción de urxencia polo Grupo Socialista, con número de rexistro 20.035.

**<u>23ºA.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O DESMANTELAMENTO DO</u>**

**SERVIZO DE CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE**.

O Sr. presidente manifesta que procede, en primeiro lugar, xustificara a urxencia no tratamento desta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que xustifique a urxencia.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista**, moitas grazas señor presidente. Bos días ou boas tardes a todos os señores e señoras deputadas e ao resto das persoas que no acompañan na sala. O propio titular la moción, señor presidente, xa di a urxencia, fala sobre o desmantelamento do servizo de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Xa o propio título xa di que é urxente. Dúas cuestións para explicar a urxencia, primeira cuestión, no ano 2013, por mor dos recortes da crise, fíxose unha xubilación forzosa dun cirurxián pediátrico prestixioso, como o doutor Garrido, que posteriormente deu a perda, cun traslado doutro cirurxián, a perda de atención da cirurxía pediátrica urxente que comprendía das 15 ás 8 horas. Tivo que derivarse esta prestación de servizos da cirurxía da pediatría urxente á área de Vigo, o cal ocasionou unha serie de prexuízos tanto para os propios nenos e nenas que enfermaban, como para as súas familias. Orixinándose, xa daquela no 2013, por estas actuacións, cando poderiamos ter evitado esa prestación urxente fóra da xornada laboral e as mobilizacións de todos os colectivos cidadáns e de todos os colectivos en aras da defensa da sanidade pública –inclusive de vostede señor presidente e da propia Deputación- quedou como estaba, é dicir, non se conseguiu recuperar ese servizo das urxencias de cirurxía pediátrica pola tarde e pola noite.

A segunda cuestión, que é a que nos trae agora aquí, estamos a afalar da atención de cornada ordinaria de cirurxía pediátrica. Quedaron dous profesionais cirurxiáns, un deles pediu traslado, polo tanto, quedaría solo no servizo de atención ordinaria de cirurxía pediátrica, solo un profesional cirurxián; co cal é inviable á atención de asistencia ordinaria á demanda, canto máis de asistencia de cirurxía pediátrica programada, cando estamos a falar de 200 intervencións ao ano. Polo tanto, temos en perigo un servizo que foi moi prestixiado, e segue sendo prestixiado en toda a Comunidade Autónoma, como é o servizo de cirurxía pediátrica no noso Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Eu creo que é urxente o tema de intentar que non se perda este servizo, nunha provincia na que carecemos de moitos servizos que teñen noutras provincias.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas. Imos ver, señora Gil, eu pensei que estaba vostede un paso máis adiante de aclarar a urxencia, porque nos fixo vostede aquí un relatorio.. Aquí do que se trata é de aclarar se esta é unha moción urxente ou non, a presentada polo Grupo Socialista no día de onte. Para o Grupo Popular nesta Deputación non é urxente polo que lle vou a dicir. Primeiro, efectivamente, o pasado mes de marzo –e xa van uns cantos meses- un dos dous cirurxiáns pediátricos, por petición propia, trasladouse e, efectivamente, quedou solo un cirurxián que non pode asumir en solitario as intervencións. Polo tanto, miren vostedes, xa vén isto dende o mes de marzo. As xestións da xerencia –sempre andan tarde, vostedes decátanse tarde, bueno, tamén foi porque llo dixo a Plataforma da sanidade pública- as xestións da xerencia deron froitos coa colaboración do servizo de cirurxía pediátrica de Vigo, de tal forma que o mércores 21 –xa quedou atrás, mañá xa entra xullo-, o mércores 21 resulta que xa hai un cirurxián pediátrico máis, xa hai dous, ou sexa, hai os mesmos cirurxiáns pediátricos que había dende o ano 2013 ata o mes de marzo. ¿Onde está a urxencia?, outra cousa é que despois falemos da atención, pero da urxencia dende logo que non. Dende logo, no día de hoxe, a atención pediátrica cirúrxica do CHUO é a mesma que había no mes de marzo e no mes de febreiro; polo tanto ¿onde está para vostede a urxencia? É máis, falando onte co xerente, porque estamos diante dun tema sensible e hai que sabelo todo e non falar de oídas, díxome claramente e recollo taxativamente: *dende o 2013 os nenos con patoloxía urxente, operáronse igual que hoxe, se se dera o caso, en Ourense por parte dos dous cirurxiáns formados en pediatría*. Polo tanto, no se dá motivo de urxencia. Hoxe hai dous cirurxiáns, dende o día 21; efectivamente, houbo un problema puntual dende marzo porque, ademais do mercado laboral, hai un problema de pediatras –xa o dixemos unha vez aquí-, tanto de pediatras, como de cirurxiáns pediátricos. Polo tanto, hoxe aténdese igual que se atendía ata o mes de marzo. ¿Onde está a urxencia?

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 23ºA da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 23

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia no tratamento da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (13).

**24º.- DACIÓN DE CONTA DO DITAME DO XURADO DO PREMO "OTERO PEDRAYO 2016".-**

Dáse conta do ditame do xurado do premio Otero Pedrayo 2016.

Os membros da Corporación quedan informados.

**25º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de maio de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de marzo e 1º de abril de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de maio de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de novembro de 2016 e 3º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de maio de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de maio de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

**26º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Sr. presidente**: tendo en conta o disposto no artigo 4 do Regulamento orgánico, vemos en primeiro lugar as formuladas por escrito. En primeiro lugar hai unha serie de preguntas que asina o deputado Sr. Gómez Pérez para formular oralmente, que rexistrou con número de entrada 19.014. Ten a palabra o deputado Sr. Gómez Pérez.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**: moi ben. Moi bo día de novo a todos e a todas. A primeira pregunta é en relación co expediente de reclamación patrimonial referida ao novo campo de fútbol de Ribadavia que se ven reclamando polo Concello, do que se levan formulado peticións desde hai dous anos, pretendo formular pregunta sobre ¿qué vai facer a Deputación para resolver esta cuestión e atender as demandas dos usuarios e Concello de Ribadavia? Non sei se vai contestar cada unha ou lle fago todas.

**Sr. presidente**: se quere contéstolle individualmente.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**: como vostede queira.

**Sr. presidente:** en relación co expediente de reclamación patrimonial referida ao campo de fútbol de Ribadavia, teño que informar, que me facilita o deputado de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, que existe a posibilidade dunha resolución da reclamación patrimonial de forma conxunta, a través dun convenio entre as tres administracións implicadas. Isto é, o Concello de Ribadavia, a Deputación de Ourense, e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. A Deputación non procedeu á tramitación unilateral desa reclamación porque se iniciaron xestións con Confederación Hidrográfica, orientadas a subscribir un convenio conxunto entre as tres administracións que dera solución ao problema. Nestes intres, estamos á espera de resposta da Confederación Hidrográfica, que ata onde coñecemos ten formulada consulta aos seus servizos xurídicos en relación coa reclamación patrimonial e co informe, que coñece, do secretario da Deputación.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**: ben, a colación desa pregunta, lle digo se é coñecedor do prazo para resolver das ditas reclamacións e das posibles responsabilidades nas que se poida incorrer desde esta casa. Dígoo, porque o prazo para resolver xa transcorreu dabondo, e polo tanto, sen que o concello teña constancia ningunha do procedemento. Non recibiu escrito ningún. Agora váleme o que me contesta. Polo que nós entendemos atopámonos ante unha situación de silencio administrativo, coa conseguinte indefensión para nós, polo que se pide que se resolva a reclamación baseándose no informe do secretario provincial, informe que debe constar no expediente, supoño, xa que no caso contrario veriámonos obrigados ao exercicio das accións legais oportunas en defensa dos intereses municipais. Digo isto porque, evidentemente, en setembro, se as datas non me fallan, é cando isto remataría. Polo tanto nós queremos que o que corresponde, a maiores desa cuestión da que vostede nos está informando, que me parece estupendo, gustaríame que nos contestase por escrito ao Concello de Ribadavia. É máis, pídoo formalmente neste plenario. Agora paso á segunda pregunta: despois de ter esixido que se recibira polo presidente aos alcaldes da provincia, tendo en conta que levaban moito tempo agardando, e unha vez reiniciada esta actividade vou preguntarlle ¿vaise recibir á totalidade dos alcaldes e alcaldesas con proxectos que requira apoio da Deputación, co obxecto de poder facer unha distribución xusta dos investimentos desta institución? Dígoo porque nos últimos días recibiu a 21 ou 23 alcaldes practicamente nunha semana. Está ben que o faga, sobre todo se algún saímos dicir que non o facía, pero se vai seguir facendo esta quenda de recibirnos a todos.

**Sr. presidente:** é unha das obrigas fundamentais dun presidente da Deputación. Xa preguntara vostede con data 6 de abril e xa se lle indicara daquela que non existía solicitude ningunha que non fora atendida ou con data e hora xa fixada. Hoxe teño que dicirlle o mesmo, que non existe solicitude de alcalde ou alcaldesa que non fora atendida ou con data e hora xa fixada, é máis, creo que existe unha soa, que está para o martes próximo por ver esa audiencia. Como sempre se fixo, por suposto, desde esta Deputación, recibirase á totalidade de alcaldes e alcaldesas que así o demanden, sendo sensible ás súas peticións na medida do posible orzamentariamente. Esta mesma tarde estarei con tres deles nos seus territorios.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** moi ben, paréceme estupendo. Pasamos á seguinte pregunta. En todo caso, o que respondeu vostede agora non é o mesmo que os alcaldes e alcaldesas dixeron estes días nos medios de comunicación, que para falar con vostede pouco menos que tiña que pedirlle audiencia ao Vaticano. Despois de ter denunciado a paralización das publicacións (que o fixo este deputado que, como define vostede, é un deputado máis, claro que son un deputado máis, por suposto que o son, pero me gusta que a este deputado, que é un deputado máis, vostede lle faga caso ) que promove esta Deputación, pregunto ¿xa se enviaron os saúdas do presidente que impedían estas publicacións e se se vai normalizar a edición das publicacións programadas?

**Sr. presidente:** dicirlle que non hai paralización de ningún tipo. Que con esta Presidencia se aprobou, como sabe, unha ordenanza de publicacións e o funcionamento dun Consello Asesor de Publicacións e que non hai ningunha publicación pendente do texto de presentación, que é o que establece a propia ordenanza, subscrito polo presidente da Deputación. Tan pronto como se reciban os libros, por exemplo recibimos hoxe este de aquí, o da Casa de Monterrei, poranse a disposición dos eventuais lectores. Iso si, se nalgún casos os autores pretenden a presentación pública previa, pois así se fará, como se ven facendo habitualmente.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** moi ben, paréceme tamén moi ben esa resposta, pero non é certa de todo, porque tamén vostede é coñecedor, e dígolle isto tamén ao vicepresidente, que como lemos os decretos, algúns, case todos, pois tamén somos coñecedores de que hai unha desas publicacións que pediu que se revertera ao propio autor, e polo tanto quedou se facer. Iso como outras moitas que levaban esperando preto de dous anos para que se publicasen. Polo tanto que vostede agora o acaba de facer, vólvolle

dicir, este deputado, que é un deputado máis, seguirá fiscalizando para que así o faga. Gústame que atenda os rogos que lle facemos aínda que sexa a través da prensa. A cuarta pregunta: despois de revelar (tamén este que lle fala) que o presidente da Deputación non asiste ás sesións da Xunta de Goberno da Deputación, incumprindo o previsto no artigo 61.4 do ROF (Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) que lle atribúe ao presidente da Deputación a función de convocar e presidir as sesións, formularei pregunta ¿vaise normalizar a situación coa asistencia ás sesións da Xunta de Goberno desta institución de quen é o seu presidente? ou ¿vai vostede facer que lle toque a lotería (isto engádoo eu, non está no escrito) a cada concello do PP sistematicamente, cada venres, sen que vostede despois intente ou, mellor dito, que vostede intente facer e non ter responsabilidade en todas aquelas cousas que está facendo cada venres que se producen? Porque leva 43 sesións dese tipo sen acudir a elas. Se a vostede lle parece normal que calquera dos que estamos aquí como alcaldes ou alcaldesas non acudamos ás xuntas de goberno, como non acuda aos plenos da corporación… Iso é o que vostede presume de respectar a democracia, ou sexa, non cumpre nin coas súas funcións, como lle acabo de dicir. ¿Pensa normalizalo? ¿Pensa polo menos cumprir coas súas obrigas?

**Sr. presidente**: este presidente cumpre coas súas obrigas, e como se pode comprobar na Web da institución “máxima transparencia”. Todas as reunións ata o día de hoxe se realizaron baixo a presidencia de don Rosendo Fernández (vicepresidente 1º) de acordo co artigo 35.4. da LRBRL e o artigo 67 do ROF. Esta Presidencia actúa sempre de acordo coa lexislación vixente, e é partidaria de delegar responsabilidades na medida do posible. Esta Presidencia tamén coñece o contido das sesións e tamén sabe que a unanimidade presidiu, preside, e presidirá, todos os acordos adoptados pola Xunta de Goberno.

Existe outro documento, que pretende formular oralmente dúas preguntas, ven asinado polo portavoz do Grupo Socialista, para que os deputados don Vicente Gómez e don Adolfo González Nóvoa, formulen oralmente unha serie de preguntas. Ten a palabra en primeiro lugar don Vicente Gómez.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: boas tardes de novo. A pregunta ven ser que no Concello de Vilardevós, a estrada provincial 1006, que une Vilardevós con

Vilarello da Cota, ten unha lonxitude de 9 quilómetros e medio, aproximadamente, e no ano 2015 foi arranxado un tramo de aproximadamente 200 metros. Recentemente, o portavoz socialista no Concello de Vilardevós preguntoulle ao alcalde sobre a continuidade nas obras na dita estrada. A este respecto o rexedor respondeu, segundo consta en acta plenaria, que o presidente da Deputación se comprometera a contemplar, no ano 2016, unha partida de 350.000 euros e que se continuaría investindo no ano 2017 ata chegar ao núcleo de Florderrei. Con base no anterior pregunto: ¿é verdade que vostede se comprometeu a realizar as ditas obras? Se foi así e existiu ese compromiso ¿cando ten pensado executar eses proxectos?

**Sr. presidente:** grazas. A resposta ás preguntas, á primeira delas, á do compromiso para realizar as ditas obras, dicir que tendo en conta a proposta dos servizos técnicos, o compromiso existe para executar ou arranxar a estrada, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias. Isto aclárase máis na resposta á segunda pregunta, cun informe asinado polo responsable da Área de Infraestruturas, do que lle farei chegar a copia correspondente, onde se describe a situación actual, e se di que a estrada OU-1006 Vilardevós (OU-310) a Vilarello da Cota, ten unha lonxitude de total de 9.370 metros e unha IMD de 81 vehículos ao día, cunha porcentaxe de pesada do 5,57%. Existen dous treitos con actuacións diferenciadas: o treito de Vilardevós a Florderrei son 4.580 metros, nos que a actuación prevista é de acondicionamento e mellora de trazado (a día de hoxe están rematados os primeiros 2.460 metros); e o treito desde Florderrei a Vilarello da Cota, que son 4.790 metros e a actuación prevista, e xa realizada, consistiu na mellora da capa de rodadura, mediante rexeneración da textura superficial, por aplicación de regas con betume modificado e micro aglomerado, xa realizada. Polo tanto están pendentes de mellora de trazado, neste intre, uns 2.120 metros entre Florderrei e Vilardevós. Xa actuamos no 77,37% da lonxitude total, quedando pendente o 22,63%. En canto ás actuacións previstas esas das que falamos, dicir que está xa redactado o proxecto de acondicionamento e mellora do trazado entre os puntos quilométricos 2+460 ao punto quilométrico 3+559, son 1.099 metros, cun orzamento 323.541,71 euros. Procederemos en breve á aprobación do proxecto, acurtaría os tempos de execución das obras a libre disposición dos terreos (isto tamén hai que telo claro) e procederemos á elaboración do plano parcelario. Posteriormente daráselle traslado ao concello desta documentación, por se pode resolver a ocupación de mutuo

acordo. No caso de fracasar a xestión municipal, será necesario o inicio, como saben, do expediente de expropiación. E tamén, nunha segunda fase, redactaremos o proxecto de mellora do trazado entre os puntos quilométricos 3+559 e 4+580. 1021 metros, cun orzamento estimado de 310.000 euros, cando sexa posible.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista**: si Sr. presidente. Boas tardes a todas e a todos. O 5 de novembro do ano 2015 constituíase no Pazo de Vilamarín a mesa do camiño Mozárabe-Vía da Prata, que discorre por varios concellos ourensáns. Nesa xuntanza estiveron presentes tanto o presidente desta Deputación como a directora de Turismo de Galicia, o xerente da sociedade Xacobeo e alcaldes dos concellos polos que transcorre esta vía, e tivo como intención presentar o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021. Pasados case dous anos desde aquela constitución na que a Presidencia provincial amosou a súa vontade de pórse ao dispor da Xunta para, entre todas as administracións implicadas, manter o bo estado da Vía da Prata como elemento imprescindible de atracción turística e cultural, á marxe da preparación do vindeiro Ano Xacobeo en 2021. Tendo en conta o anterior: ¿qué xestións se viñeron realizando a iniciativa desta Deputación desde a constitución da mesa en 2015? ¿Cantas xuntanzas da Mesa do Camiño se realizaron desde a súa constitución e qué resultados se obtiveron delas?

**Sr. presidente**: grazas. A resposta a estas dúas preguntas ven presidida pola permanente posta a disposición tanto da Xunta como dos concellos desta Deputación, esa é a vontade amosada, vontade permanente. Sabemos todos que dada a relevancia da Vía da Prata, que é o Camiño de Santiago de maior importancia da nosa provincia e que transcorre por 28 concellos, ese 5 de novembro de 2015, como vostede dixo, esta Deputación tomou a iniciativa, xunto coa Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, de explicarlles o contido do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 a eses alcaldes. Non teño inconveniente en remitirlle o Plan Director Estratéxico do Camiño, por se non o ten, que só persegue nin nada máis nin nada menos que potenciar e difundir o Camiño Mozárabe-Vía da Prata. Pretendíase, e vai dentro dese Plan Director, mellorar as infraestruturas, tanto do trazado do camiño como dos albergues, e tamén a sinalización e a promoción desta vía xacobea. Neste tempo, entre outras actuacións importantes, na ruta pódense destacar, a maiores das habituais de mantemento que realizamos todas as administracións: en primeiro lugar, as obras de rehabilitación de edificios no casco histórico

de Ourense, para a nova localización do albergue na cidade; as obras de pavimentación do núcleo da Canda no Concello da Mezquita; a sinalización da vía como itinerario ecuestre; tamén destacar que en menos de 15 días terá lugar a apertura dun novo albergue en Xinzo (posiblemente antes, en 8 días) e tamén unhas actuacións importantes de reforzo na sinalización do camiño. Pero temos tamén que ser conscientes de que, independentemente da Ruta da Prata, hai que destacar tamén que o pasado 16 de agosto de 2016, coa nova Lei de patrimonio cultural de Galicia, recoñeceuse ao Camiño de Inverno como camiño oficial, isto supón a equiparación desta ruta ás demais xacobeas. O Camiño de Inverno é unha alternativa histórica de máis de 200 quilómetros ao camiño francés, tomada polos peregrinos, sobre todo no inverno, para evitar os problemas da neve do Cebreiro, seguindo desde Ponferrada e atravesando a Comarca de Valdeorras. Dicir que a comunicación coa Dirección Xeral de Turismo de Galicia e coa Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo é fluída e permanente. Ningún concello propuxo neste tempo a realización de novas reunións, pero si lle anuncio, por conversas que mantivemos coa Dirección Xeral de Turismo, que neste segundo semestre do ano 2017, terá lugar unha reunión da mesa do Camiño da Vía da Prata e constituirase a mesa do Camiño de Inverno ao que me refería.

¿Algunha outra cuestión? BNG ten a palabra.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas Sr. presidente. Sr. presidente, seguramente non lle vai gustar moito o que a continuación lle imos dicir, nin a vostede nin ás persoas que o franquean, vicepresidentes primeiro e segundo. No Pleno do mes de maio, este deputado facíalle unhas preguntas por escrito para resposta oral a respecto dos cambios producidos na supervisión do contrato de limpeza dos edificios provinciais. Vostede contestou que os cambios se acometeron (reproduzo literalmente) por razóns de eficiencia e organización. Preguntamos tamén sobre a existencia de informes de avaliación do contrato. Contestounos que había dous: o primeiro deles da anterior responsable de data 17 de outubro de 2016. Na terceira das cuestións formuladas a respecto de se tiña constancia de litixio entre traballadoras, díxonos que non e que pedira información ao actual supervisor e este corroborou que non hai constancia de litixio entre traballadores e traballadoras do servizo de limpeza. Pois ou vostede non está ao tanto do que pasa na Deputación, cousa que non nos estraña dado que o seu reino non é deste mundo, ou porque alguén non lle dá a vostede a información, cousa aínda máis grave.

Vaiamos por partes, vostede afirmou que só existían dous informes a respecto do contrato do servizo de limpeza. Dixo a verdade a medias, realmente había dous informes pero un deles non é do 17 de outubro. Ese ao que vostede se referiu no Pleno é un copia e pega dun acta da comisión de seguimento do lixo. Trátase dun informe de data 5 de novembro, con data de rexistro 12 de novembro e número 36.778, redactado pola anterior supervisora do contrato de limpeza, que é demoledor e que explica un pouco que é o que está pasando nesta Deputación co servizo de limpeza (cuestión extrapolable sen dúbida a outros servizos, pero iso deixarémolo para máis adiante). O BNG cando preguntou coñecía a existencia dese informe do 12 de novembro, e por iso pedimos unha copia del. O informe que se nos entregou carece de selo de rexistro, polo que resulta imposible acreditar se ese é o documento que se corresponde co que foi presentado no Rexistro. Digo máis, ese informe, que debería estar nalgún lugar desta Deputación, foille pedido despois de telo solicitado nós á anterior supervisora. Polo tanto, a primeira cuestión que queremos é que o Sr. secretario nos diga se ese informe, que como digo carece de data e número de rexistro de entrada, ten algún valor. É este informe que teño aquí enriba da mesa, que como se pode apreciar carece de rexistro de entrada. En todo caso, gustaríanos que certificara que este documento coincide co que consta na relación do Rexistro. ¿Onde está? Consideramos este feito de extrema gravidade, non só porque se nos deu un informe que non é o que se presentou por Rexistro, senón polo que este contén. E vaiamos ao informe. A anterior supervisora do contrato de limpeza, a mesma que redactou o prego de condicións polo que se adxudicou, facía constar no seu informe de avaliación, e leo textualmente: no ano 2013, o xefe do Negociado de Goberno Interior solicita a Saúde Laboral a colaboración para implantar un sistema de mellora respecto do servizo externo de limpeza, como consecuencia da precariedade do mesmo. Desde o Negociado de Saúde Laboral establécese un período de observación do servizo e detéctanse dous problemas fundamentais: un o clima laboral negativo e dous, a necesidade dun prego de contratación con prescricións técnicas máis concretas. En canto ao clima laboral negativo, inicialmente se observa unha mala xestión organizacional, manifesta en atrasos habituais á hora de entrada no centro (así consta nos rexistros de entrada por parte do funcionario correspondente) excesivo número de descansos e prolongación deles, ausencia de motivación, persoas que cren que non teñen que seguir as regras básicas, manifestando rebeldía e arrogancia, facendo alarde da súa

capacidade para facer o que queiran sen preocuparse das consecuencias, autoproclamación de liderado no grupo, conseguindo illamento e división dos membros e provocando sentimentos que afectan nocivamente á estabilidade emocional. Todo isto fai insostible o ambiente laboral e como consecuencia inflúe na calidade do servizo. Pecho comiñas. Cando o outro día lle preguntabamos se tiña constancia do litixio entre as traballadoras ou traballadores do servizo de limpeza, vostede manifestou que non tiña constancia, e que pedido informe ao novo supervisor, este tampouco tiña constancia de tal feito. Pois temos que dicirlle que hai dúas sentenzas: unha do Xulgado do Social n.º 1 de Ourense e outra do Social n.º 3, que desestiman unha demanda interposta por traballadoras do servizo de limpeza da quenda de tarde contra outras dúas, unha tamén da quenda de tarde e outra da quenda de mañá, por certo, ¿sabía que unha delas está de baixa por problemas derivados dun presunto acoso laboral, como así acredita a facultativa do SERGAS que lle deu a baixa e a deriva á consulta de psiquiatría? ¿Saben que por parte doutra das traballadoras estase a denunciar problemas de mobbing por parte desas mesmas traballadoras da quenda de tarde? Ata onde nós sabemos, esta persoa pediu reunirse en reiteradas ocasións con vostede, co Sr. Rosendo, co Sr. Pumar, e coa directora xeral de Recursos Humanos. Todos fixeron caso omiso das súas peticións. Conclusións, césase á supervisora do contrato que redactou o prego e que pon de manifesto as carencias e problemas existentes, e noméase a un novo ¿cales son as razóns que subxacen tras esta decisión? ¿Deficiencia na organización como dixo vostede ou outras non confesables e que teñen que ver coa candidatura do Partido Popular de Esgos na que vostede figura de número dous? Pois postos a especular vou dicir eu cales poden ser as verdadeiras razóns polas que vostede cesou á anterior supervisora do contrato, porque as súas críticas respecto do funcionamento do servizo resultaban incómodas e alteraban o estatus quo, imperante nesta institución, porque afectaban a persoas ás que vostede sobreprotexe. A súa desidia nesta cuestión, non única en canto á situación do persoal nesta Deputación, acabou orixinando o que desgraciadamente ninguén quería que sucedese: que hoxe nos atopemos diante dunha situación diagnosticada de presunto acoso laboral, que xa veremos que percorrido ten noutras esferas, e doutro posible caso de semellantes características. Mentres isto estaba a acontecer, vostedes miraban para outro lado. Isto é motivo suficiente para que, na cadea de disparates producidos ao longo deste tempo, os e as responsables cesaran da súas responsabilidades con carácter inmediato,

por iso, e tendo en conta a gravidade dos feitos que aquí estamos a denunciar, é polo que pedimos que se constitúa unha comisión específica sobre esta cuestión, co fin de avaliar todas aquelas cuestións en relación coa prestación do servizo de limpeza nas dependencias provinciais e dos controis que se levan exercido ao longo do tempo. De paso, facémoslle unha pregunta clara e breve: ¿pensa vostede, á vista dos feitos, convocar unha reunión específica para abordar a situación que se está a vivir no servizo de limpeza, que está a provocar consecuencias graves? Nada máis. Moitas grazas.

**Sr. presidente**: tómase nota dese rogo e con respecto á pregunta a resposta é non. Si, Democracia Ourensana.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana**: volvo aproveitar a quenda do meu partido neste apartado de rogos e preguntas para rebaixar un pouco a tensión, xa para despedirnos, e vou contar unha anécdota, aínda que lle vou dar formato de rogo, pero é unha anécdota. O Sr. Ramón Otero Pedrayo, alá .. hai moitos anos, cando vivía, parece ser que era inspector de Educación e unha vez foi pola zona de onde é a alcaldesa de Oímbra, pola zona do Támega, entón el era inspector de Educación e chegou á clase e a uns rapaciños pequenos que estaban no colexio e preguntoulles ¿de qué estades agora en clase? E dinlle de xeografía. Ben, vou preguntar algo de xeografía ¿Cómo se chama este río que pasa polo teu pobo? E o rapaciño era tan pequeno que non sabía. Pero había outro detrás, que era o amigo, un compañeiro, que lle chibou Támega, Támega, pero o outro non oíu ben e di Támesis. Entón a Otero Pedrayo fíxolle tanta graza, porque Otero Pedrayo coñecía que era a mesma etimoloxía, a etimoloxía de Támega, Tamicelas, Tamagos, Tamaguelos, todos aqueles pobos que coñecemos todos, eu tamén, ata a desembocadura do Douro, pasando por Chaves, pola Pedra das Naçoes. Como sabía que a etimoloxía era a mesma, unha palabra prelatina, que comparte a orixe co Támesis de Londres, fíxolle tanta graza a Otero Pedrayo que dixo, moi ben, perfecto, aprobado. Entón esa anécdota véuseme á cabeza, eu dábaa por coñecida de todos nós, por iso fixen o xogo de palabras. Pero como vexo que ás veces un utiliza unhas referencias que non coñecemos, e despois tachan a un de ignorante, ao mellor, faría o rogo de que leamos máis aos nosos escritores, como Otero Pedrayo e coma outros, e así, cando algún faga algunha referencia destas saber por onde van os tiros. Nada máis. Grazas.

**Sr. presidente:** ¿outro rogo ou pregunta? Si

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**: como se aludiron cousas aquí que dende logo a min non me gustan pois …. Díxose que non liamos os decretos, díxose que non sei que. Despois e que facemos dubidar do noso traballo e aínda enriba preguntamos e digo se é tan difícil contestar á seguinte pregunta: hai decretos con respecto a un xornal, ao que algún compañeiro aludía aquí, El Correo Gallego, que un decreto é de 21.000 euros para unha campaña de comunicación de actividades da Deputación, outro de 21.000 euros de campaña de publicidade institucional, falo deste ano 2017, e 185.000 euros para subscrición diaria para distribuír a asociacións de veciños e outras neste ano 2017. Eu me pregunto, e pregunto aquí xa, porque xa o fixen por escrito e non creo que sexa tan difícil de responder ¿a qué asociacións lles chega isto? Se lle chega a algún concello, se lle chega a algunha asociación. Eu desde logo do Concello de Ribadavia non coñezo ningunha, dos concellos limítrofes tampouco, de vostedes que están aquí diante non sei se lles chega a algún concello dos seus, a algunha asociación, porque entón onde van estas 185.000 subscricións, porque a razón de 1 euros máis ou menos, supoño que será por algo, non sei, ao mellor estou eu errado, ou o concepto que se explica aquí está mal, pero isto é como viña Sr. Rosendo. Ao mellor aos que vivimos en Babia nolo poden explicar, e que nolo conteste xa o Sr. presidente.

**Sr. presidente:** esa pregunta foi formulada por vostede por escrito e terá a súa contestación por escrito. ¿Algunha outra cuestión máis? Si.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: simplemente unha cuestión máis que quedou antes no aire. Eu fixen unha interpelación ao Sr. secretario ao respecto do informe ao que fixen referencia na miña intervención anterior. Gustaríame que un informe que non ten selo de rexistro pois se este informe se corresponde, e nos certifique, co que posteriormente se presentou por rexistro.

**Sr. presidente**: fágalle chegar esa solicitude ao Sr. secretario e nese momento recibirá a resposta correspondente. Tenlle que facer chegar ese documento e solicitar explicitamente que é o que pretende que certifique o secretario ¿Algunha cuestión máis, rogo, pregunta? ¿Seguro que non hai ningunha máis? Levántase a sesión. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 26º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 26

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2017**

E, ás 15.40 horas do día trinta de xuño do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**